

5 PRIMARIA

Máis recursos Lingua

• Vocabulario temático	3
• Comprensión lectora	19
• Análise morfolóxica	59
• Traballos en grupo	75
• Traballo co dicionario	81
• Pezas teatrais	91
• Guías de lectura	119
• Banco ortográfico	133
• Ditados	155



Máis recursos Lingua 5 é unha obra colectiva concibida, creada e realizada no Departamento de Primaria de Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L., baixo a dirección de Ana María Guerra Cañizo e José Tomás Henao.

Ilustración: Eduardo Fuentes e Jorge Galán

Edición: Ánxela Carril, Ana Sánchez-Ramal e Mercedes Rubio

Fotografías: C. Díez Polanco; J. C. Muñoz; Prats i Camps; A. G. E. FOTOSTOCK/Jeff Greenberg, Kord.com; ARQUIVO SAHATS; EFE/Mondoo, Manuel Bruque; EFE/SIPA-PRESS/Michel Ginies; FOTONONSTOP; ISTOCKPHOTO; Cortesía de Apple; MATTON-BILD; SERIDEC PHOTOIMAGENES CD; ARQUIVO SANTILLANA

© 2010 by Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.
Ruela de Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela
PRINTED IN SPAIN
Impreso en España por

CP: 234687
Depósito legal:

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, salvo excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Vocabulario temático

1. As viaxes
2. Os seres vivos
3. As profesións
4. A comunicación
5. Os transportes
6. O hospital
7. A familia
8. A cidade
9. A publicidade
10. O universo
11. A sociedade
12. A industria
13. As festas
14. As institucións
15. A cultura

Nome _____

Data _____

As viaxes

1. Escribe outras palabras relacionadas coas viaxes.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
porto	afastado	navegar
aeroporto	calmo	voar
océano	salvaxe	fotografar
traxecto	bravo	descubrir
paisaxe	esgotadora	aterrar

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Marca. Que significa a expresión *estar nas quimbambas*?

- Estar algo ou alguén nun sitio moi preto.
- Ser unha persoa moi nerviosa.
- Estar algo nun sitio moi lonxe e descoñecido.
- Agora, escribe unha oración en que inclúas esta expresión.

3. Le e explica o significado da palabra *ronsel* en cada oración.

- O barco deixaba un *ronsel* na superficie do mar.
- Era moi sociable, deixou un *ronsel* de amizades na vila.

4. Completa estas frases coas palabras do recadro.

camiñar	encamiñar	camiñante	camiño	camiñada
---------	-----------	-----------	--------	----------

- O _____ que vai deica a súa casa está cheo de fochancas.
- Esta fin de semana fomos dar unha _____ pola beira do río.
- O _____ chegou ao seu destino antes do previsto.
- El sempre vai _____ deica a escola.
- Desde agora os seus esforzos vanse _____ a gañar esa proba.

Nome _____ Data _____

Os seres vivos

1. Completa a táboa con palabras relacionadas cos seres vivos.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
planta	vivo	agromar
peixe	inerte	evolucionar
natureza	terrestre	sementar
árbore	acuático	alimentar
bioloxía	subterráneo	medrar

2. Observa os debuxos e escribe unha oración con cada un dos significados da palabra *rato*.

• _____

• _____

3. Escribe dúas oracións en que *rapaz* apareza como dúas palabras diferentes.

rapaz. s. m. Persoa nova, que xa non é un neno pero que aínda non é un adulto.

rapaz. adx. e s. f. Ave que se alimenta de carne, coma a aguiá e o falcón.

4. Le e marca. Que significa a expresión *poñerse coma un pito*?

- Enfadarse moito.
- Mollarse moito.
- Facer moito ruído.

■ Escribe unha oración en que a utilices.

Nome _____ Data _____

As profesións

1. Escribe outras palabras relacionadas cos oficios e coas profesións.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
emprego	vocacional	traballar
fontaneiro	eficiente	construír
oficina	xeitoso	fabricar
escritor	arriscado	cultivar
mestra	artesán	producir

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Engade un sufixo a cada palabra para que indique unha profesión ou oficio.

• vendima

• xornal

• gando

3. Explica o significado da palabra destacada en cada oración.

• Ese can ten pinta de fero, teño medo que me **trabe**.

• O carpinteiro ten que amañar esa **trabe** do teito.

4. Marca os adxectivos que poden acompañar a palabra *traballo*.

esgotador	quente	intelectual	brando
automático	entretido	inimigo	manual

5. Escribe nomes de profesións en que sexa necesario levar algún uniforme.

Nome _____ Data _____

A comunicación

1. Completa a táboa con palabras relacionadas coa comunicación.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
teléfono	rexional	telefonar
televisión	falangueiro	ler
xornal	nacional	falar
radio	áxil	escoitar
correo	informativo	rexistrar

2. Analiza estas palabras segundo o modelo:

Internacional: inter + nacional

- interurbano
- intercambio
- interpoñer

3. Escribe. Que significa que unha persoa é moi *locuaz*?

- Que ten moitos amigos.
- Que é moi faladora.
- Que fala moi alto.
- Que fala pouco.

4. Marca a palabra que non pertence á familia de *comunicar*.

- comunicación incomunicado
 comunidade comunicativo

5. Le e explica o significado das palabras destacadas.

- Esa chamada sáelle máis cara porque é unha **conferencia** a Pequín.

- Imos ir a unha **conferencia** que hai no auditorio sobre reciclaxe.

Nome _____

Data _____

Os transportes

1. Escribe outras palabras relacionadas cos transportes.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
autobús	rápido	conducir
condutor	ecolóxico	transportar
vehículo	contaminante	frear
estrada	público	acelerar
gasolineira	colectivo	recoller

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Subliña as palabras que leven un prefixo.

- Tivo que prender as luces antinéboa.
- Rosalía non quixo subir na telecadeira.
- Aquela aeronave pasou por riba da nosa casa.
- O copiloto deulle unhas indicacións erróneas.

■ Agora, analiza esas palabras coma no exemplo:

antinéboa ► *anti* + *néboa*

_____	►	_____	+	_____
_____	►	_____	+	_____
_____	►	_____	+	_____

3. Copia substituíndo as palabras destacadas por outras que signifiquen o contrario.

- O tren **chegará** ás oito. ► O tren **sairá** ás oito.
- O piloto **abandonou** a carreira. ► _____
- Todos os pasaxeiros **embarcaron** xa. ► _____
- O garda **permitiulle** aparcar alí. ► _____

4. Copia e completa.

transportar	transporte	transportador	transportista
-------------	------------	---------------	---------------

- O metro é un medio de _____ moi rápido.
- Contrataron un _____ para a mudanza.
- Ese camión só se usa para _____ gando.
- Déixame o _____ de ángulos.

Nome _____ Data _____

O hospital

1. Completa a táboa con palabras relacionadas co hospital.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
doutor	feble	convalecer
enfermeiro	complexo	receitar
cirurxía	vacinado	contaxiar
padiola	beneficioso	hospitalizar
quirófano	aséptico	operar

2. Risca a palabra que non leve o prefixo *anti-* (contra).

antibiótico	antihixiénico	antílope	anticorpo
-------------	---------------	----------	-----------

3. Le e marca. Que significa a expresión *estar coma unha gubia*?

Ese rapaz está coma unha gubia, viríalle ben tomar unhas vitaminas.

- Sentirse moi canso.
- Estar moi delgado.
- Poñerse moi enfermo.
- Sinala as expresións que teñen un significado semellante a *estar coma unha gubia*.
 - Estar coma un fiúncho.
 - Estar coma un rebolo.
 - Estar coma un bocoi.
 - Estar na espiña.

4. Le os significados destas palabras e forma unha oración con cada unha.

<p>saudable. Que é bo para a saúde. Que ten ou aparenta boa saúde.</p>	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
-----------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------

<p>saudade. Sensación de tristeza por algo ou alguén querido e que non está connosco.</p>	<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------

5. Subliña a palabra que ten un significado semellante a *curar*.

- receitar
- operar
- sandar
- diagnosticar

Nome _____ Data _____

A familia

1. Completa a táboa con palabras relacionadas coa familia.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
irmán	numerosa	aloumiñar
cuñado	cuspidor	axudar
curmá	unida	protexer
avoa	emparentado	educar
afillado	afectuosa	compartir

2. Copia e completa coas palabras do recadro.

herdar herdanza herdeiro desherdar hereditario

- Naquel conto a princesa converteuse na _____ da coroa.
- A casa onde vive é unha _____ da familia materna.
- Descubriu que ese problema seu de saúde era _____
- Alexandre pensaba que ía _____ o reloxo que fora do bisavó.
- Contoume que o seu avó o quixo _____

3. Substitúe en cada oración a palabra *familiar* pola que corresponda.

grande coñecido natural

- A súa cara resúltame familiar. ► _____
- Pediu unha pizza de tamaño familiar. ► _____
- Ten un trato familiar con todos. ► _____

4. Le e explica o significado das palabras destacadas.

- O fillo mais a **nora** de dona Xoana viven en Bruxelas.
- Nós, nas festas do Apóstolo, sempre subimos á **nora**.

Nome _____ Data _____

A cidade

1. Escribe outras palabras relacionadas coa cidade.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
xente	grande	traballar
rúa	peonil	mercar
peón	poboada	saír
semáforo	ruidosa	convivir
sumidoiro	caótica	coñecer

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Escribe a palabra a partir da cal se formaron estoutras.

• cidadá

• vilego

• visitante

_____	_____	_____
-------	-------	-------

3. En cada parella, marca a palabra que indique a vía máis ampla.

estrada

rúa

carreiro

autoestrada

avenida

camiño

4. Escribe unha oración con cada unha destas palabras da familia de *urbe* (cidade).

urbano	urbanidade	urbanizar
--------	------------	-----------

5. Observa e marca. Que significa a expresión *ser a porta da vila*?

Xoana contoullo todo á veciña, é a porta da vila.

Estar moi ben informada.

Ser contiñeiro e indiscreto.

Vivir no centro dunha vila.

■ Agora, escribe unha oración en que utilices esta expresión.

Nome _____ Data _____

A publicidade

1. Completa a táboa con palabras relacionadas coa publicidade.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
anuncio	institucional	vender
slogan	rechamante	convencer
valo	convincente	mostrar
público	fraudulenta	divulgar
novidade	enganosa	difundir

2. Forma palabras engadindo sufixos a estes adxectivos.

- antigo
- popular
- novo

3. Observa e marca. Que significa a expresión *apañalas no aire*?

Alberte logo soubo de que falaba; apañaas no aire.

- Tapar os oídos para non escoitar algo.
- Discutir o que alguén propón.
- Decatarse de algo axiña e con poucos datos.

4. Marca a palabra que significa o mesmo ca a palabra destacada.

- A noticia **difundiuse** a gran velocidade.

negouse propagouse inventouse

5. Completa.

publicitario publicista publicar publicidade

- A Xosé vanlle _____ os poemas que escribiu.
- Antía ten unha importante empresa de _____
- Xurxo traballa como _____
- Oín unha mensaxe _____

Nome _____ Data _____

O universo

1. Completa a táboa con palabras relacionadas co universo.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
sol	extenso	orbitar
estrela	frío	voar
cometa	estrelecido	explorar
planeta	escuro	aluar
órbita	afastado	pesquisar

2. Escribe un adxectivo que signifique o contrario dos seguintes:

- diminuto ► _____
- lento ► _____
- iluminado ► _____
- fugaz ► _____
- potente ► _____
- pesado ► _____

3. Completa cada oración coa palabra axeitada tendo en conta o sentido.

papaventos cometa

- O astrónomo observou aquel estraño _____ co seu telescopio.
- O _____ que Sabela fai voar ten lazos de cores.

■ Agora, escribe unha oración con cada unha das palabras anteriores.

4. Risca en cada serie a palabra que non pertence a esa familia.

ceo	cela	celeste
-----	------	---------

Lúa	lunático	luceiro
-----	----------	---------

Sol	soldado	soleira
-----	---------	---------

Terra	terror	terrestre
-------	--------	-----------

5. Explica o significado das seguintes expresións:

- Ver as estrelas: _____
- Estar na Lúa: _____

Nome _____ Data _____

A sociedade

1. Completa a táboa con palabras relacionadas coa sociedade.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
comunidade	plural	votar
cidadán	multirracial	opinar
benestar	solidaria	representar
leis	informada	cooperar
solidariedade	industrial	convivir

2. Forma palabras a partir das seguintes engadindo o sufixo *-ísimo*.

• rápido

• simpático

• sucio

• caro

• famoso

• triste

3. Le e explica o significado das palabras destacadas.

- O alpinista puido **coroar** con éxito o cume da montaña.

- O pobo quería **coroar** un novo rei.

4. Le e marca. Que significa a expresión *botar por terra*?

- Ir dar un paseo.
- Deixar algo no chan.
- Facer fracasar un asunto, malogralo, frustralo.

- Inventa agora unha situación en que utilices esta expresión.

Nome _____ Data _____

A industria

1. Escribe outras palabras relacionadas coa industria.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
fábrica	produtivo	elaborar
obreiro	metalúrxico	confeccionar
producción	mecanizado	consumir
fabricante	ecolóxico	empregar
polígono	téxtil	manufacturar

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Forma palabras coma no modelo.

- lata ► *enlatar*
- botella ► _____
- paquete ► _____
- cano ► _____

3. Le e marca o significado da expresión *non estar o forno para cocer pan*.

- Non ter tempo para nada.
- Non ser o mellor momento para facer ou dicir algo.
- Non facer demasiada calor.

4. Copia e completa coas palabras do recadro.

fabricante	fábrica	fabricación	prefabricada
------------	---------	-------------	--------------

- Na vila da miña tía van instalar unha _____ de calzado.
- Tes que lavar o xerseí seguindo as instrucións do _____
- Helena vive nunha casa _____
- A empresa dedícase á _____ de electrodomésticos.

5. Imaxina que fixeches unha visita a unha fábrica de xoguetes e conta o que viches.

Nome _____

Data _____

As festas

1. Escribe outras palabras relacionadas coas festas.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
orquestra	animado	celebrar
festexo	colorista	engalantar
foguetes	espectacular	festexar
convidados	festivo	iluminar
procesión	maxestoso	organizar

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

2. Escribe tres palabras que leven o sufixo aumentativo *-ón, -ona* e tres que leven o sufixo diminutivo *-iño, -iña*.

- | | |
|---------|---------|
| • _____ | • _____ |
| • _____ | • _____ |
| • _____ | • _____ |

3. Clasifica estas palabras en simples e compostas.

- | | |
|----------------|--------------|
| • gardamontes | • cama |
| • lucecú | • salvavidas |
| • piscina | • paraugas |
| • curtametraxe | • papel |

■ Escribe as palabras simples a partir das cales se formaron esas palabras compostas.

Exemplo: gardamontes ► *garda + montes*.

4. Explica o significado da expresión *festa rachada* no seguinte enunciado:

Onte houbo festa rachada na vila.

■ Marca a expresión que podería substituír a *festa rachada*.

- festa moi aburrída. festa moi animada. festa que acabou pronto.

Nome _____ Data _____

As institucións

1. Completa a táboa con palabras relacionadas coas institucións.

Substantivos	Adxectivos	Verbos
museo	representativo	cumprir
universidade	subvencionado	lexislar
concello	democrático	representar
goberno	eficaz	respectar
eleccións	xusto	elixir

2. Relaciona cada palabra estranxeira coa súa equivalente en galego.

- | | |
|------------------|------------------------|
| <i>hall</i> • | • espectáculo |
| <i>parking</i> • | • recibidor, vestíbulo |
| <i>show</i> • | • aparcadoiro |

3. Marca a palabra intrusa.

reorganizar organizador organista organizar organización

4. Le e marca. Que significa a expresión *ter a vara e mais a besta*?

- Ser temido por todos.
- Ser o que máis manda nun grupo de persoas.
- Ser unha persoa moi seria.

5. Explica quen son e a que se dedican estas persoas.

O alcalde: _____

Un concelleiro: _____

Nome _____ Data _____

A cultura

1. Escribe outras palabras relacionadas coa cultura.

Substantivos	poesía	pintor	músico	teatro	novela
Adxectivos	interesante	culto	intelectual	musical	literario
Verbos	aprender	compoñer	escoitar	publicar	interpretar

2. Clasifica estas palabras segundo o campo de estudo a que pertencen.

rodaxe rima febre dobraxe arteria metáfora

MEDICINA: _____

LITERATURA: _____

CINE: _____

3. Relaciona cada período de tempo coa súa duración.

- | | |
|-----------|--------------|
| milenio • | • dous anos |
| século • | • mil anos |
| bienio • | • cinco anos |
| década • | • cen anos |
| lustro • | • dez anos |

4. Marca. Que é unha *efeméride*? Consulta o dicionario se é preciso.

- Unha figura grega. Un suceso notable ocorrido noutros anos na mesma data en que se está.
- A esposa dun faraón.

5. Copia e completa.

historial histórico historiador prehistórico

- O doutor anotou os resultados no meu _____ médico.
- Este libro escribiuno un prestixioso _____
- O mamut é un animal _____
- Este feito será _____

Comprensión lectora

1. *Marte, a próxima fronteira*
2. *As pirámides*
3. *Pobos indíxenas de América do Norte*
4. *Febre portátil*
5. *A alquimia e a pedra filosofal*
6. *Un porco prodixioso*
7. *Xoguetes*
8. *Seres fantásticos*
9. *Flora e fauna do deserto*
10. *Os inicios do cine*
11. *Os antepasados das aves*
12. *Ás para voar*
13. *Teseo e o Minotauro*
14. *Catálogo de ferramentas*
15. *Día de feira*
16. *Un orfanato moi especial*
17. *O meu tío Adrián*
18. *A aula de 5.º A*
19. *A bolsa de veneno*

Nome _____

Data _____

Marte, a próxima fronteira

Un dos obxectivos da carreira espacial é o planeta Marte, que é considerado a próxima fronteira da humanidade, xa que podería tratarse do seguinte lugar ao que se envíe unha misión tripulada. Marte, o cuarto planeta do Sistema Solar, é coñecido como o «planeta vermello» pola súa cor.

A atmosfera do planeta Marte é irrespirable: está formada principalmente por dióxido de carbono, que dá lugar a capas de xeo nos polos. O planeta encóntrase sometido a ventos fortes e tempestades de po e area que erosionan a superficie. Aínda que en Marte hai auga, só se encontra en pequenas cantidades en forma de xeo e de vapor, polo que non se forman ríos nin mares na superficie do planeta. Con todo, Marte tivo no pasado unha atmosfera diferente.

As antigas precipitacións deixaron na súa superficie canles e barrancos que indican a existencia de ríos. Na actualidade, o aspecto de Marte corresponde co dun vasto deserto de cor encarnada.

Marte ten dous satélites ou lúas, Fobos e Deimos. Son pequenos –teñen 27 e 15 quilómetros de diámetro, respectivamente– e xiran rapidamente preto do planeta. Fobos rodea Marte en só sete horas e media e, curiosamente, faino en dirección contraria ao resto dos satélites e planetas do Sistema Solar. Deimos tarda 35 horas en percorrer a súa órbita.

Na actualidade, dous robots exploran a superficie de Marte: *Spirit* e *Opportunity*. Cada un destes robots é dirixido por catro condutores que establecen un plan de traballo cada noite e envían as indicacións ao seu ordenador. Dado que funcionan coa enerxía solar que captan, dispoñen de catro ou cinco horas todos os días para cumprir o plan enviado desde a Terra e devolver os resultados. A observación sobre o chan marciano complétase coa tarefa das naves orbitais *Mars Express*, *Mars Global Surveyor* e *Mars Odyssey*, que xiran arredor do planeta e obteñen imaxes deste.

1. Explica o significado das seguintes palabras do texto con axuda dun dicionario.

- erosionan: _____
- vasto: _____
- órbita: _____

2. Explica de que trata o texto.

3. Contesta.

- Por que se considera Marte a próxima fronteira da humanidade?

- Como é a atmosfera de Marte? De que está formada fundamentalmente?

- Como é o chan de Marte? Hai vestixios de auga neste planeta?

- Que aspecto ten Marte na actualidade?

- Está sendo explorado Marte? Que medios se empregan na súa exploración?

4. Describe de que maneira se dirixe a actividade dos robots que exploran Marte.

5. Explica que importancia ten na túa opinión a exploración de planetas como Marte para o progreso da humanidade.

6. Propón un plan imaxinario que permita colonizar o planeta Marte. Pode axudarche saber que na súa superficie existe tamén osíxeno, aínda que en menor cantidade ca no noso planeta.

Nome _____

Data _____

As pirámides

Moitas son as teorías acerca da función das antigas pirámides de Exipto e de por que se levantaron estes fantásticos monumentos. Os sarcófagos que estas construcións albergan fixeron que os arqueólogos durante moitos anos vinculasen as pirámides unicamente con ritos funerarios, pero existen outras moitas teorías. Na actualidade, case todos os expertos coinciden en que debían ter máis dunha función.



Á parte do seu emprego como lugar de repouso dalgúns faraóns, as pirámides tamén constituíron un lugar de reunión místico, relixioso ou destinado á observación astronómica. E incluso hai quen afirma que eran enormes antenas destinadas a comunicarse cos extraterrestres!

1. Elabora un resumo do texto.

2. Contesta.

- En que país e en que continente se encontran as pirámides?

- Cal creron os arqueólogos que era a súa finalidade principal?

- Quen podía ser enterrado nas pirámides?

3. Ordena estas palabras para construír enunciados.

- eran / de / pirámides / lugar / un / reunión / observación / e / As

- pirámides / As / de / consideradas / foron / enterramento / lugares

- das / construción / faraóns / Os / pirámides / a / ordenaban

- descoñece / como / hoxe / construíron / se / pirámides / Aínda / se / as

4. Define, con axuda dun dicionario, as seguintes palabras do texto.

- faraón: _____

- sarcófago: _____

- místico: _____

5. Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividade anterior.

6. Numera ordenadamente estes fragmentos para que formen un texto:

A misteriosa civilización exipcia

- Unha terceira hipótese, aínda máis arriscada, é a que presenta a posibilidade de que estes bloques se construísen cunha masa especial, fácil de traballar que, unha vez seca, resultaba moi similar á pedra calcaria.
- Outra teoría afirma que os exipcios empregaron pancas con que subían as pedras dunha bancada á outra. A dúbida que suscita esta teoría é como lograban os exipcios colocar con tanta precisión bloques de pedra tan pesados.
- Así pois, o misterio das pirámides segue aínda sen resolverse.
- Esta terceira teoría solucionaría o problema do traslado e colocación dos grandes bloques, pero o descubrimento das canteiras de onde obtiñan os perpiaños acabou coa posibilidade de que se tratase dun material artificial.
- O xeito en que se construíron as pirámides nunha época tan temperá é aínda hoxe un interrogante que os estudosos trataron de explicar de diversas formas. As teorías máis frecuentes son estas:
- Algúns investigadores defenderon a existencia de ramplas polas que miles de escravos exipcios subían os enormes bloques de pedra. Con todo, esta hipótese non sería válida no caso das pirámides máis grandes, porque a mesma construción da rampla sería máis complicada ca a construción da pirámide en si.
- Cara ao 2600 a. de C., mentres os exipcios construían as impresionantes pirámides, en Europa vivíase en cabanas de xuncas.

Nome _____

Data _____

Pobos indíxenas de América do Norte

Cando os colonos brancos chegaron a América do Norte, xa existía unha poboación nativa nos diversos territorios que se propoñían conquistar: os indios. Pero non se trataba dunha soa cultura, senón de numerosas nacións indias, máis de cen, cada unha das cales se subdividía, á súa vez, en varias tribos. O avance dos colonos no seu afán por encontrar ouro, caza e terras virxes, vulnerou en moitas ocasións os acordos territoriais que o goberno alcanzaba coas nacións indias, polo que decidiu a poboación indíxena e confinou as diversas tribos a vivir en territorios cada vez máis reducidos. Actualmente viven nas reservas creadas polo goberno estadounidense.

Dos centos de nacións indias de América do Norte, as máis coñecidas grazas ás películas do Oeste son os apaches e os síux.

Os *apaches* estaban formados por un grupo de seis tribos indíxenas, situadas arredor de Novo México e Arizona: os *apaches kiowa*, os *lipanos*, os *xicarillas*, os *mescaleiros*, os *chiricahuas* e os *apaches occidentais*. Eran pobos dedicados á pesca, á caza de búfalos e á agricultura. Pero tamén foron feroces guerreiros e estiveron en continuo conflito contra os colonos. Algúns dos seus xefes, como Xerónimo e Cochise, aínda son lembrados pola súa ferocidade e pola súa habilidade estratéxica na loita por defender os seus territorios. Nos nosos días, os apaches viven en reservas dedicados ao pastoreo, á agricultura e ás actividades turísticas.



Os *síux* eran chamados así polos colonos brancos, se ben eles se referían a si mesmos coma os *dakota*, que significa 'amigos' ou 'aliados'. En orixe, os *dakota* estaban formados por sete tribos, que se converteron en tres co paso do tempo: os *sante* e os *dakota*, pobos sedentarios que vivían da agricultura e da gandaría, e os *lakota*, nómades, guerreiros e cazadores de búfalos.

1. Explica, con axuda do dicionario, o significado das seguintes palabras do texto.

- colonos: _____

- vulnerou: _____

- decidiu: _____

- indíxena: _____

2. Explica brevemente de que trata o texto.

3. Contesta as preguntas seguintes.

- Que fixo que os pobos indíxenas de América do Norte se visen decimados?

- Onde viven na actualidade os pobos indios?

- Cantos pobos indíxenas existían en América do Norte?
Cales son os máis coñecidos?

4. Busca información e explica o que é unha reserva india.

5. Completa con datos extraídos do texto.

SÍUX

Tribos: _____

Modo de vida: _____

Actividades: _____

APACHES

Tribos: _____

Modo de vida: _____

Actividades: _____

6. Explica que ensinanzas cres que poderíamos recibir dos pobos indíxenas as persoas que vivimos nas sociedades desenvoltas.

Nome _____

Data _____

*Febre portátil***O éxito do iPod e outros reprodutores MP3 consagra os novos formatos dixitais da música e presenta dúbidas sobre a supervivencia dos antigos**

Catro millóns de persoas de todo o mundo xa teñen un iPod. A metade mercouno nos últimos tres meses. U2 publicará o seu novo álbum nunha edición especial do aparello, e a tenda iTunes, que vendeu 150 millóns de temas, abriu as súas portas en España. Que é isto da revolución MP3? Estamos máis preto da morte definitiva do CD.

«Ninguén sabe o que vai pasar», confesa Paco Lara, de Apple España, «estase creando un modelo que non ten precedentes. E nós somos os primeiros sorprendidos: a demanda de iPod [o famoso reprodutor de arquivos MP3] estanos a desbordar, así que non me estrañaría que duplicásemos as vendas nos próximos tres meses».



O MP3 é un formato de audio dixital comprimido con perda. Comprime o tamaño dos arquivos de audio entre doce e quince veces, de forma que é moito máis fácil almacenalo e tamén intercambialo con outras persoas e equipos. A perda de información que se produce nesta compresión só pode apreciarse en equipos de alta fidelidade e non é perceptible nunha reprodución normal. O MP3 é o primeiro formato de compresión de audio popularizado grazas á Internet.

EL PAÍS (Adaptación)

1. Explica cal é o tema principal do texto.

2. Tras ler o artigo, define o que é o formato MP3.

3. Investiga o significado das siglas de iPod e MP3.

CD: _____

MP3: _____

4. Tras ler atentamente a noticia, contesta estas preguntas:

- Cantas persoas posúen un iPod no mundo?

- Que grupo musical vai publicar un álbum que se incluírá neste reprodutor?

- En canto tempo prevía Apple duplicar as vendas deste reprodutor?

- A que debe a súa popularidade o formato MP3?

5. Realiza unha busca na Internet e reúne información sobre o iPod de Apple. Despois, escribe a descrición do produto e das súas utilidades.

6. Busca algún produto ou aparello de uso cotián (unha torradora, un DVD, unha videoconsola, etc.) e redacta todas as instrucións que explican o seu funcionamento de forma que alguén que non coñeza o aparello puidese utilizalo sen problemas.

1.

2.

3.

4.

5.

6.

Nome _____

Data _____

A alquimia e a pedra filosofal

A alquimia é unha práctica tan antiga coma a propia humanidade. As súas primeiras mostras aparecen en Mesopotamia e Exipto, e tamén existen referencias a esta práctica na China, na India e en Grecia. A través dos árabes, a alquimia toma a súa forma definitiva: o termo provén do vocábulo árabe *al-kimia*, que significa 'a arte'. Introducida en Europa polos árabes, tivo unha gran vixencia entre os séculos XII e XVII, ata a aparición da Química.

A alquimia perseguía dous obxectivos: encontrar a *pedra filosofal* e o *elixir de longa vida*.

Partía do principio de que os metais podían transformarse noutros mediante procesos como a unión con outro metal, o tratamento con determinadas substancias, a aplicación da calor... Pero a súa máxima aspiración era transformar outros metais en ouro.

Os alquimistas supoñían que de calquera metal se podía obter ouro, pero só se se contaba cun elemento de características máxicas, que denominaron a pedra filosofal. Os alquimistas, polo tanto, dedicaron os seus esforzos a fabricar a pedra filosofal, á que lle atribuían, ademais da capacidade de obter ouro, a de outorgar outras moitas habilidades máxicas:

a adiviñación, a capacidade de voar, a invisibilidade... Á súa vez, disolta en mercurio, convertíase en elixir de longa vida, capaz de devolver a xuventude a quen o bebesse.

O legado que a alquimia deixou na nosa cultura é innegable: aínda que moitas das súas ideas e receitas nos farían rir nos nosos días, gran parte dos instrumentos dos laboratorios químicos actuais, coma o *matraz*, e algúns procedementos, coma a *destilación*, xurdiron coa alquimia e foron herdados pola Química. De tal maneira que se pode considerar, pese ao disparatado das súas ideas, que a alquimia foi a orixe da Química.

1. Explica o significado das seguintes palabras do texto con axuda dun dicionario.

- vixencia: _____

- elixir: _____

- outorgar: _____

2. Contesta.

- Que antigüidade ten a alquimia?

- De onde provén o termo?

- En que consiste a alquimia? En que principio se baseaba?

- Por que se afirma no texto que a alquimia é a orixe da Química?

- Que perseguían os alquimistas?

- A que chamaban os alquimistas *pedra filosofal*? E *elixir de longa vida*?

3. Explica de forma razoada que opinión che merece a alquimia.

4. Completa o esquema con datos extraídos do texto.

A alquimia		
Orixe	Obxectivos	Legado
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>
<hr/>	<hr/>	<hr/>

5. Elabora un resumo do contido do texto a partir do esquema anterior.

Nome _____

Data _____

O porco prodixioso

Teño que contarvos o «prodixio» co que convive o meu amigo Martiño desde hai un tempo. Concretamente desde que tiña oito anos.

O Martiño é un neno ao que lle gustan moito os animais. Pero non vaiades pensar que lle gusta ir a un zoo e velos metidos en gaiolas, non, a el gústanlle os animais que estean como máis lles gusta estar, e nunca nunhas condicións distintas das que eles consideran que son as dunha boa vida de animal.

Sempre chegaba á casa con animais que atopaba nos seus longos paseos. E axudaba os que tiñan algún problema; así levaba gatos aos que un automóbil lles partira unha pata e alí os tiña deica que curaban, despois poñíaos en condicións de que escollesen ir a onde quixesen. Outras veces eran paxariños que se mancaran ao se golpearon contra algunha fiestra; non era nada raro que aparecese cun can abandonado, que non tiña máis enfermidade ca a que lle ocasionaran varios días sen probar bocado. E os pais do Martiño soportaban os moitos inconvenientes do seu amor aos animais.

Pero o conto é que, un día en que o rapaz ía dando un dos seus paseos, mesmo de diante dos pés saíulle un porquiño a todo correr. Era pequeno, gordiño e colorado. Tiña as orellas moi dereitas, coma as dun xabril.

Correu o Martiño detrás del, sen máis arela ca a de velo ben, e o porco parou de súpeto. Deu volta e quedou mirando para o neno. Pegou outra vez a correr e foise o rapaz detrás. De cando en vez miraba para atrás coma se quixese comprobar que o neno o ía seguindo. E así chegaron diante da casa do rapaz xusto ao tempo en que o pai saía. Parou o porco en seco e parou tamén o neno.

–Oes, papá, de quen será este porquiño tan bonito?

–E eu que che sei –dixo o pai–. Os porcos sempre che son de alguén, o caso é que son todos iguais... Mentres o pai ía dicindo cousas achegábase ao porco co desexo de acariñalo.

Non lle debía gustar ao animal que o home se lle achegase, porque a cada paso que el daba, recuaba outro o porco, ata que sucedeu por primeira vez o prodixio. O quino comezou a virar de cor. Daquela quen ceou foi o home.

–Arre demo! –dixo o pai do neno–. Nunca tal vin: un porco verde. Agora si que estou por dicir que non é de aquí, por estes lugares non hai bechos destes. Estaríache bo o conto se me presento na policía municipal dicindo que atopei un porco verde! Escoitaríanse as gargalladas en medio mundo!

Estaba o pai dicindo isto cando o porco pegou novamente a correr con tal velocidade que nun intre o perderon de vista.

Ao outro día pola mañá, Martiño volveu ao sitio onde atopara o porco o día anterior, e alí estaba. Deitadiño no chan coma se estivese agardando polo rapaz.


Cando o viu, ergueuse e botou a andar tras do neno coma un can. Fixo Martiño o mesmo camiño do día anterior e chegaron á casa. Entrou o neno e o quino detrás del. E aínda non andaran máis ca uns metros polo interior da casa, o porco comezou a volverse azul.

–Vaia! –falou o pai que acababa de ver o porco–.
Agora é azul.

Nesta ocasión o porco deixou que o pai do Martiño se lle achegase e permitiu que lle pasase a man polo lombo.

Agora xa hai un certo tempo que o porco vive na casa con Martiño e permite que calquera se lle achegue e xogue con el, pero continúa sendo un porco prodixioso, porque cambia de cor segundo o estado de ánimo. Os da casa pouco a pouco van coñecendo o seu significado, así xa saben que, cando ten medo, se volve verde; cando se sente máis confiadoponse azul; e cando está verdadeiramente ledo e feliz, entón pónselle todo o corpo a cadros amarelos e granates.

Por suposto que o porco na casa do Martiño se sente seguro porque todos o queren moito; en calquera outra casa, chegadas as datas do santo do neno, seguramente o converterían en chourizos, touciño salgado, xamóns curados e outros anacos destinados á mesa. Aquí non; aínda que, por outra parte, nunca se atreverían a facer con el tal cousa, porque ninguén sabe que raza de porco pode ser e se será comestible.



XAVIER P. DOCAMPO

Cun ollo aberto e outro sen cerrar. (Adaptación)

1. Lembra e contesta.

- Que relación tiña Martiño cos animais?

- Por que era prodixioso o porco que atopou Martiño?

- Que significado tiñan as cores en que variaba o porco?

2. Busca no texto outra palabra para designar «porco» e copia a oración en que aparece.

3. Pensa e explica.

- Por que, chegadas as datas do santo de Martiño, a vida do porco podía perigar?

Nome _____

Data _____

Xoguetes

Desde a Antigüidade o ser humano buscou formas de se entreter. Resulta case imposible determinar a orixe dos xoguetes, pero sábese que xa no antigo imperio romano os nenos se divertían con bonecas de marfil e xogando á chuca cuns ósos das patas de reses pequenas.

Os xoguetes foron mudando ao longo dos anos, desde os chifres de cana ou os artesanais carriños feitos de madeira ata os modernos videoxogos de hoxe, unidos ao desenvolvemento da tecnoloxía.

O que si está claro é que nas orixes os xoguetes eran artesanais e incluso en ocasións eran os propios nenos os que os fabricaban, xeralmente imitando obxectos da vida real. A Revolución Industrial deulle un importante xiro á fabricación dos artefactos de diversión e así a evolución da tecnoloxía permitiu ir creando obxectos de lecer cada vez máis parecidos aos reais para a distracción dos cativos. Un exemplo clarificador desta evolución son as bonecas.

Suponse que, desde tempos inmemoriais, os nenos utilizaron bonecas para os seus xogos, imitando a realidade de pais e fillos. As primeiras foron de madeira, barro... Despois pasaron a ser de trapo e recheas de la; máis adiante, de cartón, por dentro baleiras ou recheas cunha area gorda; ao axitalas facían ruído e, se se furaban accidentalmente, esa area escapaba do interior. Actualmente son de plástico ou goma, un material que permite imitar moi ben a pel.



Pero non só os materiais evolucionaron, tamén o fixo a súa forma. As de trapo eran pouco realistas; máis tarde as de cartón xa reproducían os brazos e as pernas, pero eran ríxidas e as actuais son case perfectas, con cabeza, brazos e pernas articulados e ademais móvense, camiñan, andan a gatiñas... E tamén gañaron expresividade: nas de trapo pintábenselles os ollos, o nariz, a boca por encima da tea, as de agora teñen pálpebras, pestanas, cabelos e incluso falan e choran.

1. Que título che parece máis axeitado para o texto? Marca.

- Bonecas que se moven soas.
- A que podemos xogar?
- As formas das bonecas.
- Os xoguetes no tempo.

2. Indica cal destas ideas é a idea principal do texto e cales son secundarias.

- A fabricación e o uso de xoguetes é tan antigo coma o ser humano.
- Os materiais con que se fan xoguetes como as bonecas son moi diversos.
- As bonecas reflicten a evolución do xoguite cara a formas cada vez máis fieis á realidade.

3. Indica a información que dá o texto sobre a evolución das bonecas.

- Nos materiais

- Na forma

- Na expresión

4. Explica o significado das seguintes palabras do texto con axuda dun dicionario.

- marfil: _____

- artesanal: _____

- inmemorial: _____

5. Explica cal é o teu xoguete preferido e por que.

6. Busca na sopa de letras oito palabras relacionadas cos xoguetes.

B	U	X	A	I	N	A	S	A	P
A	B	U	R	A	L	H	E	C	L
V	I	D	E	O	X	O	G	O	A
A	R	P	A	R	C	H	Í	S	I
V	L	X	A	N	U	A	L	U	O
B	O	N	M	B	Ó	L	A	S	I
O	S	A	V	O	A	X	L	G	Ó
E	O	C	O	R	D	A	O	I	R
B	A	M	B	Á	N	O	S	A	Z

Nome _____

Data _____

Seres fantásticos

En todas as épocas e culturas, o ser humano soñou coa existencia de seres fantásticos, con animais de características máxicas e de aspecto sorprendente. Moitos destes seres imaxinarios aparecen nos contos e nos mitos de todos os tempos e algúns, como os dragóns, fan que nos preguntemos se son simplemente froito da imaxinación.

Unha destas criaturas máxicas é a ave *fénix*. O fénix era un paxaro de corpo vermello con rabo, peteiro e garras de cor ouro. Vivía máis de cincocentos anos e ao final dos seus días construía un niño no que se consumía en cinzas. Das cinzas xurdía un pitiño que medraba ata se converter de novo nun fénix adulto. Ademais, a ave fénix podía aparecer e desaparecer á vontade e o seu canto era máxico: infundía ánimo e fortaleza aos honestos e temor aos deshonestos. As súas bágoas tiñan a capacidade de sandar.



Outro ser fantástico é o *hipogrifo*. Posuía o corpo dun cabalo e a cabeza e as ás de aguia. As súas patas traseiras eran de cabalo e as dianteiras, de aguia. Os hipogrifos eran realmente velozes no voo. Gustáballes vivir en mandas e en lugares chairos e con moitos pastos, pois podían comer tanto carne coma herba.

Tamén xurdiu da imaxinación do ser humano o misterioso *basilisco*. Froito dun ovo de galo fecundado por unha serpe e chocado por un sapo, o basilisco era un animal con corpo de galo, pescozo de serpe, ás membranosas parecidas ás do morcego e cabeza de ave. Se o ovo, agrisado e máis pequeno ca os demais, non era destruído, traía a desgraza e a morte aos habitantes da casa onde aparecía. Tratábase dun animal de costumes nocturnos que se ocultaba dos humanos; pero... pobre de quen se cruzase con el e conseguise velo!, pois abondáballe unha mirada para matar as súas vítimas e o seu alento murchaba e descompoñía canto rozaba.



1. Explica o significado das seguintes palabras no texto con axuda do dicionario.

- fantásticos: _____

- infundía: _____

- membranosas: _____

2. Resume brevemente de que trata o texto.

3. Contesta as seguintes preguntas.

- Que son os seres fantásticos?

- Que exemplos aparecen no texto?

- Cantos anos vivía a ave fénix?

- Onde vivían os hipogrifos?

- De que animal é o ovo do basilisco?

- Que consecuencias podía ter o encontro cun basilisco?

4. Completa o esquema con datos extraídos do texto.

AVE FÉNIX

Aspecto: _____

Calidades: _____

HIPOGRIFO

Aspecto: _____


Calidades: _____

BASILISCO

Aspecto: _____


Calidades: _____

5. Inventa un ser fantástico mesturando outros animais ou seres imaxinarios. Descríbeo e acompañaio dun debuxo.



Nome _____

Data _____

Flora e fauna do deserto

Aínda que os desertos poden parecer semellantes entre si, a súa flora é moi diferente. Por exemplo, nos desertos americanos as plantas máis abundantes son os cactos. Nos desertos do resto do mundo hai outras plantas, coma os áloes e as palmeiras dos desertos africanos.

Os animais tamén son diferentes nos distintos desertos. Por exemplo, nos desertos de América do Norte viven serpes de cascabel, mouchos do deserto e pumas. En África e Asia, viven outras serpes, coma as cobras, e mamíferos coma a rata do deserto e o dromedario. Nos desertos australianos habitan grandes lagartos e estraños mamíferos, coma a toupa marsupial.

A maioría das plantas do deserto almacenan auga nos seus talos, coma os cactos. Adoitan ter raíces moi extensas e profundas para captar a escasa humidade. Existen plantas que teñen un sistema de raíces tan extenso que recollen ata a última pinga de auga do chan: por exemplo, a *creosota* é una planta que vive no Val da Morte, en California (EUA), e capta a humidade do chan con tanta eficacia que impide que ningunha outra planta medre nas súas proximidades.

Os animais teñen que recorrer tamén a diferentes estratexias para obter a auga. Algúns monos do deserto do Kalahari, en África, coñecen perfectamente a súa contorna e saben onde hai pozos nos que se almacenan escasas cantidades de auga. Na zona costeira do deserto de Namibia practicamente non chove, pero todas as mañás hai néboas debidas á humidade do mar. Algúns escaravellos que viven neste deserto soben á parte alta das dunas cando hai néboa e esperan ata que sobre eles se condensen unha ou dúas gotas de auga.

A auga esvara ata a boca do escaravello e así este bebe o suficiente para sobrevivir.

1. Subliña o texto da seguinte forma:

- cun trazo continuo (___), as ideas principais;
- cun trazo descontinuo (_ _ _), as ideas secundarias;
- cunha liña vertical na marxe, sinala os datos importantes.

2. Resume brevemente o contido do texto.

3. Define as seguintes palabras utilizando o dicionario.

- flora: _____

- fauna: _____

- marsupial: _____

- condensen: _____

4. Di se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. Se algúns dos datos non están no texto, búscalos nos libros ou na Internet, acompañado por un adulto. Despois, reescribe correctamente as que sexan falsas.

- A flora e a fauna dos desertos é semellante en todos eles.

- Os desertos ocupan o 40% da superficie dos continentes.

- Nos desertos, as temperaturas son moi baixas durante a noite.

- Nos desertos norteamericanos viven animais coma os dromedarios.

- As plantas do deserto adoitan ter raíces grosas e curtas.

5. Explica as estratexias de supervivencia das plantas que medran no deserto.

Nome _____

Data _____

Os inicios do cine

O cine é a modalidade artística máis nova. Nos seus inicios, era difícil prever que alcanzaría o éxito actual.

Moito antes da chegada do cine, existían dúas máquinas para proxectar imaxes sen movemento: no século XVI a cámara escura e, no XVII, a lanterna máxica.

Con todo, as orixes do cine non se deron ata que, a finais do século XIX, apareceron dúas invencións de Thomas Alva Edison:

o *cinetógrafo*, que permitía proxectar imaxes, e o *cinetoscopio*, que permitía ver as distintas fases dun movemento de forma individual. Edison preferiu este último, sen advertir as posibilidades económicas de proxectar as imaxes nunha pantalla.

En 1894, dous irmáns, Louis e Auguste Lumière, perfeccionaron a técnica creando o *cinematógrafo*. Un ano despois, no soto dun café de París, estrearon a primeira película comercial: tratábase dunha breve gravación duns obreiros ao saír dunha fábrica. O éxito foi radical e o cinematógrafo estendeuse a outros países de Europa.



A principios do século XX, a industria do cine xurdiu con especial forza en Europa, e en 1902 produciuse a primeira longametraxe. En Estados Unidos, pese a que Edison impedía legalmente a entrada do cine alegando que o cinematógrafo era unha copia do seu invento, filmouse en 1903 a primeira película con argumento. A Primeira Guerra Mundial (1914-1918) supuxo un estancamento do cine en Europa, en tanto que o desenvolvemento en Estados Unidos continuou, e orixinou o «*star system*», un sistema consistente no lanzamento de grandes estrelas, entre as que destacaban Charles Chaplin (célebre grazas ao personaxe de Charlot) e Mary Pickford, auténticos ídolos de masas.

No cine clásico producíronse dous grandes cambios. O primeiro foi a irrupción do cine sonoro, introducido pola produtora Warner en 1927 con *O cantor de jazz*. Pouco despois, as demais produtoras, que non creran no novo invento, empezaron a facer películas sonoras. O segundo gran cambio foi a introdución da cor, que se produciu entre 1922 e 1941 coa evolución do sistema Technicolor. Máis tarde, a visión panorámica que proporcionaba o sistema Cinemascope, xurdido en 1953, facilitou a creación das grandes producións históricas.

1. Explica o significado das seguintes palabras no texto con axuda do dicionario.

• ídolos: _____

• irrupción: _____

- panorámica: _____

2. Contesta as seguintes preguntas.

- Que dous antigos inventos proxectaban imaxes en movemento?

- Por que quería Edison impedir a entrada do cine en Estados Unidos?

- Que feitos produciron un estancamento da industria cinematográfica europea?

- En que consistía o «*star system*»?

- Que dous grandes cambios técnicos transformaron o cine?

3. Completa o esquema cos datos máis significativos de cada período.

HISTORIA DO CINE		
PRIMEIROS INVENTOS	INDUSTRIA DO CINE	CAMBIOS TÉCNICOS
S. XVI e XVII: _____ _____ _____	1902: _____ _____ _____	1927: _____ _____ _____
S. XIX: _____ _____ _____	1903: _____ _____ _____	1922-41: _____ _____ _____
1894: _____ _____ _____	1904: _____ _____ _____	1953: _____ _____ _____

4. Investiga e escribe un texto explicando a evolución da televisión. Podes documentarte coa axuda dunha enciclopedia ou da Internet.

Nome _____

Data _____

Os antepasados das aves

A existencia dos *pterodáctilos*, que eran réptiles voadores, fixo pensar aos paleontólogos que a orixe das aves se encontra nestes sauros prehistóricos. Esta hipótese viuse confirmada polo achado dos restos fósiles de dous sauros voadores, o *arqueopterix* e o *microraptor gui*.

O primeiro deles, o *arqueopterix*, é coñecido desde o descubrimento do primeiro fósil en 1861 en Alemaña, país onde se atoparon máis exemplares. O *arqueopterix* viviu durante o período xurásico superior, hai uns 170 millóns de anos. O nome *arqueopterix* significa 'á antiga'. Esta criatura era metade dinosauro e metade ave. Así, por un lado presentaba varias características exclusivas das aves, coma as plumas, as ás e algúns elementos da súa estrutura ósea; e, por outro lado, presentaba trazos propios dos sauros: un longo rabo con ósos, unhas mandíbulas alongadas con dentes miúdos, tres dedos con garras en cada á, un pescozo esvelto e flexible, patas longas propias dun sauro corredor e un corpo curto (35 centímetros). O feito de que tivese características propias de ave e de réptil considérase unha proba da teoría da evolución das especies.



Fósil de *arqueopterix*.

O segundo destes réptiles, o *microraptor gui*, é coñecido grazas aos restos fósiles atopados recentemente na China, onde viviu hai uns 130 millóns de anos. O *microraptor gui* presentaba as características propias dun dinosauro, pero provisto de catro ás. A súa lonxitude era de 77 centímetros de longo. Crese que planaba de árbore en árbore de maneira similar aos esquíos voadores. Este achado fixo pensar aos científicos que algúns dos devanceiros das aves puidesen ter catro ás, como o *microraptor gui*, e que as ás posteriores se perderían coa evolución ao voo.

1. Explica o significado das seguintes palabras no texto con axuda do dicionario.

- hipótese: _____

- xurásico: _____

- devanceiros: _____

2. Contesta as seguintes preguntas.

- De que especie cren os paleontólogos que proceden as aves?

- Que dous achados reforzaron esta hipótese?

- Que significa *arqueopterix*?

- Que valor ten o feito de que o *arqueopterix* sexa metade ave e metade réptil?

- Onde foi encontrado o *microraptor gui*?

- Como se desprazaba o *microraptor gui*?

- Que pensan os científicos a partir do achado do *microraptor gui*?

3. Completa o esquema con datos extraídos do texto.

ANTEPASADOS DAS AVES	
ARQUEOPTERIX	MICRORRAPTOR GUI
Lugar: _____ _____	Lugar: _____ _____
Antigüidade: _____ _____	Antigüidade: _____ _____
Características: _____ _____	Características: _____ _____

4. Escribe un texto sobre a especie animal en perigo de extinción que prefiras. Explica como é, cal é a súa forma de vida e por que se encontra ameazada.

Nome _____

Data _____

Ás para voar

A á delta é un mecanismo construído para planar e realizar voos sen motor. A engalaxe e a aterraxe efectúanse a baixa velocidade, polo que é posible realizalas a pé. Resulta polo tanto un bo xeito de facer deporte e, ao mesmo tempo, de ver cumprido un vello soño da humanidade.

Durante moitos anos, o ser humano buscou, sen éxito, o segredo que lle había de permitir desprazarse polo aire. Os primeiros intentos imitaron o voo da aves e os aparellos que se deseñaron tiñan un aspecto ben curioso e diferente das ás delta actuais.

Se os aparellos de agora, tanto coma os de comezos do século XX, nos lembran a imaxe dunha ave voando, hai diferenzas importantes entre eles.

O modelo antigo tiña dúas ás separadas e unha forma case idéntica á das ás das aves: lixeiramente curvadas e incluso, nalgúns casos, articuladas de maneira que podían facer o mesmo movemento que fan as ás das aves. A á delta actual, en cambio, ten dúas ás unidas formando unha soa superficie.

O aparello antigo, era rigorosamente fiel ao modelo que ofrecía a natureza, tiña unha sólida estrutura central que equivalía ao corpo das aves, cunha cola no extremo, mentres que os modernos teñen a estrutura mínima necesaria: un triángulo metálico debaixo das ás, o máis sinxelo e lixeiro posible.



A posición do tripulante tamén é diferente nos dous casos: no modelo inventado a principios de século XX, este vai enriba da estrutura, entre as dúas ás; nos modelos modernos vai estarricado debaixo das ás, só suxeito á estrutura por medio de cintos e agarrado ao triángulo metálico.

Agora ben, o que diferencia ambos é que con unha, efectivamente, o ser humano pode voar, mentres que coa outra a aventura podía acabar francamente mal. Sabes de que aparello estamos a falar en cada caso?

1. Marca a opción que mellor expresa de que fala o texto.

- Os intentos realizados polo ser humano ao longo da historia para voar.
- A definición e as características básicas das ás delta.
- A comparación entre as primeiras ás delta e as actuais.

2. Tendo en conta a resposta anterior, escribe un título novo para o texto.

3. Relé o último parágrafo do texto e responde a pregunta que se propón.

4. Define estas palabras do texto. Se o precisas, podes axudarte dun dicionario.

- planar: _____

- tripulante: _____

- lixeiro: _____

- estarricado: _____

5. Completa e compara os datos que achega o texto.

PRIMEIRAS ÁS DELTA

Ás:

Estrutura:

Tripulante:

ÁS DELTA ACTUAIS

Ás:

Estrutura:

Tripulante:

6. Localiza no texto estas frases e explica a que se refiren.

- o vello soño da humanidade

- rigorosamente fiel ao modelo que ofrecía a natureza

Nome _____

Data _____

Teseo e o Minotauro

Todas as expedicións de mozos gregos que intentaran acabar co Minotauro fracasaran. Ano tras ano, aquel monstro co corpo de home e a cabeza de touro causara numerosas vítimas. Sentíase a salvo na illa de Creta recluído no seu labirinto, unha mansión de ensarillados pasadizos, salas recónditas e tortuosos corredores, onde moitos se atreveran a entrar, pero de onde ninguén conseguira saír.

Un día, Teseo, príncipe de Atenas, decidiu encabezar unha nova expedición contra o Minotauro.

Chegou o día da partida e, coas primeiras luces da alba, Teseo e os seus valentes mozos fixéronse ao mar. Tras unha longa travesía, arribaron ás costas da illa e alí foron calidamente recibidos polo rei cretense e pola súa familia.

–Señor, vimos decididos a acabar co Minotauro. Eu serei o primeiro en entrar no labirinto –afirmou Teseo.

–Pénsao ben, rapaz, antes de que sexa demasiado tarde –aconselloulle o rei–. Ninguén ata hoxe, e son moitos os que o intentaron, deu acabado con ese monstro. E aínda que o lograses, como poderías saír do seu refuxio?

–Agradezo as súas palabras. Pero non hai marcha atrás –respondeu o mozo.

Entre os presentes, encontrábase Ariadna, unha das fillas do monarca. Á moza impresionouna a coraxe e a valentía de Teseo e decidiu axudalo a conseguir o seu obxectivo.

–Toma este nobelo de fío –díxolle a moza nun aparte– e ata o seu extremo á porta do labirinto. Despois, debes ir tirando do nobelo a medida que vaias entrando ata os últimos recunchos do palacio. Para saíres, só terás que recoller o fío que fuches tendendo.

–Grazas, Ariadna. É una magnífica idea e moi sinxela de poñer en práctica... Non hai dúbida de que es unha muller moi intelixente.

Teseo dedicou un sorriso de gratitude á súa benfeitora, bicoulle as mans e con paso firme dirixiuse á entrada do labirinto. Os seus compañeiros, sen dar contido as bágoas, viron como desaparecía na escuridade e oíron os seus pasos que se afastaban.

Despois duns instantes de absoluto silencio, uns fortes bramidos xeaban o sangue.

Resultaba evidente que a fera notara xa a presenza do intruso no seu territorio.

O tempo parecía que se detivera para os que esperaban no exterior. A angustia ía crescendo en todos eles a medida que percibían ruídos confusos e distantes. No interior do labirinto, na máis absoluta escuridade, Teseo ía percorrendo pasadizos e apousentos. Guiábase polo seu oído para seguir na dirección da que procedían uns fortes bufidos, apalpaba os muros para non tropezar e avanzaba cauteloso, poñendo un gran coidado en non perder o nobelo de fío do que dependía a súa salvación. De repente, sentiu uns bufidos próximos. O mozo quedou inmóbil uns segundos e aguzou o oído ata confirmar que o monstro estaba completamente durmido. Entón, cun grande impulso, abalanzouse sobre o temible Minotauro e acabou con el.

Ninguén sabía que pensar ao oír aqueles ruídos. Todos permaneceron en silencio, contendo a súa rabia... Foron uns minutos eternos ata que, de súpeto, Teseo traspasou a saída do labirinto e apareceu ante os seus compañeiros soltando un berro triunfal. Por fin, o pesadelo terminara.

1. Explica quen era Teseo.

2. Como era Teseo? Marca.

orgulloso temerario forte agradecido débil valente

3. Escribe todo o que aprendeses sobre o Minotauro lendo o texto.

4. Responde. Que actitude mostraron cara a Teseo?

O REI DE CRETA _____

ARIADNA: _____

5. Le e escribe V (verdadero) ou F (falso), segundo corresponda.

- Teseo foi o primeiro en ir a Creta a acabar co Minotauro.
- A expedición de Teseo fíxose ao mar ao amencer.
- O Minotauro era un monstro sanguinario con cabeza de home e corpo de touro.
- Ariadna negouse a colaborar con Teseo.

6. Contesta sobre o labirinto.

- En que illa estaba?

- Por que era un lugar perigoso?

- Como deu saído de alí Teseo?


- De quen foi esa idea?

Nome _____

Data _____

Catálogo de ferramentas**Espátula:**


Pequena e cómoda espátula. Ten un mango de madeira e unha lámina de metal plana. Serve para raspar, estender xeso...

**Serrón:**

Serra facilmente manexable. Ten unha folla de aceiro con dentes e un mango de madeira. Está especialmente deseñada para cortar madeira e outros materiais duros.

Desaparafusador:

Este desaparafusador é moi manexable. Ten unha barra de ferro coa punta aplanada e un mango de plástico. Serve para aparafusar e desaparafusar.

**Martelo:**

O noso martelo é moi resistente. Ten un mango longo de madeira e unha cabeza de metal. Serve para cravar cravos e golpear.


1. Seguindo o exemplo das descrições do texto, xoga cos teus compañeiros. Describe o obxecto que queiras sen dicir o seu nome. Os teus compañeiros terán que adiviñar de que obxecto se trata.
2. Elabora unha descripción dalgún obxecto que haxa na túa casa. Imaxina que queres vendelo ou cambialo por algunha outra cousa e que vas facer un anuncio para que o vexan os teus compañeiros.

3. Ensínalle a túa descrición a un compañeiro e pídelle a súa opinión. Fálle preguntas coma as seguintes:

- Pareceche que a descrición é clara dabondo?
- Cres que falta algún dato importante?
- Enténdese ben todo o que escribín?
- Que suprimirías ou que engadirías no texto?

4. Fai un anuncio co teu obxecto. Faino seguindo estas pautas:

- Selecciona unha fotografía ou un debuxo do obxecto que describiches.
- Busca un anaco de cartolina do tamaño dun folio.
- Apega a foto ou o debuxo na parte inferior da páxina.
- Pasa a túa descrición a limpo procurando non torcer as liñas e que se poida ler de forma clara.
- Colga o teu anuncio na parede da aula.



Nome _____

Data _____

Día de feira

Como cada xoves, a actividade comeza cedo na feira da vila.

Os varredores rematan de limpar a rúa e regan o chan antes de que o sol saia.

Coas primeiras luces, os vendedores comezan a instalar os seus postos, outros descargan enormes caixas e os máis madrugadores colocaron xa as súas mercadorías en espera de que a xente comece a percorrer as estreitas ruelas entre os postos.

Algúns clientes desocupados chegan tamén á primeira hora da mañá. Botan un ollo entre os postos e parolan cos vendedores á caza de gangas e de obxectos curiosos ou, simplemente, gozando da tranquilidade que hai antes de que o mercado se ateigue de xente. Hoxe, coma sempre, pódese ver a algún cativo que anda a correr entre os postos e remexen naqueles que teñen trebellos interesantes.



Dentro de pouco máis dunha hora, o mercado encherase e as voces que pregoan a mercadoría oiranse en todas as direccións.

1. Contesta.

- En que lugar se desenvolve a escena?

- En que momento do día ocorre o que describe o texto?

- Que persoas aparecen no texto?

2. Define as seguintes palabras do texto.

- ganga: _____

- ateigue: _____

- trebellos: _____

3. Describe brevemente, coas túas palabras, o que se ve na foto xunto ao texto.

4. Observa estas dúas escenas. Fíxate ben nelas e elixe unha para describila.



■ Observa a imaxe que elixiches e lembra incluír na túa descrición estes datos:

- Lugar e momento do día en que se desenvolve a escena.
- Persoas que aparecen (como van vestidas, idades, etc.).
- Accións que realizan.

Nome _____

Data _____

Un orfanato moi especial

Algúns seres humanos dedican toda a súa vida á creación de centros de axuda e protección de animais. En Kenia, un país africano, un grupo de persoas esforzase a diario por manter un orfanato para crías de elefantes que perderon as súas nais. As persoas que traballan alí enfróntanse a unha dura tarefa, porque... ¿sabes todo o que hai que facer cada día para atender eses pequenos?

Primeiro dáselles o biberón, porque eles non son capaces de absorber o leite coa súa trompa. Cada cría debe beber en cada toma cerca de dez litros de leite. E non sempre queren facelo!

Logo hai que sacar os elefantes de paseo. Todas as crías saen xuntas a percorrer os arredores acompañadas dos seus cuidadores. Como as crías teñen a pel moi sensible, os cuidadores deben protexelas cun parasol para que non lles dea o sol en exceso, ou tapalas cunha especie de manta cando vai moito frío.

A continuación, chega a hora do baño. O aseo dos elefantes é fundamental para a súa saúde. Os cuidadores deben bañalos para que se sintan frescos e cubrilos de barro para endurecer a súa pel.

Despois, tras outro biberón, é o momento de xogar. Entón, as crías divírtense cos seus xoguetes preferidos: grandes paus, enormes pedras, rodas de goma... Iso si, de vez en cando hai que cambiar os xoguetes, porque os elefantes axiña se aburren de todo.

Por último, cando chega a noite, o novo biberón e a durmir! Pero o traballo dos cuidadores non acaba aínda, porque... ¿sabías que as crías de elefante non poden durmir soas? Aínda que pareza mentira, necesitan sempre alguén ao seu carón.

**1. Escribe V (verdadero) ou F (falso) xunto a cada afirmación.**

- Os elefantes deben beber en cada toma 20 litros de leite.
- Os elefantes sempre están acompañados.
- Aos elefantes non lles gusta xogar.
- Os elefantes pasean pola noite.
- Os elefantes non poden durmir sós.

■ Escribe ti agora unha afirmación verdadeira e outra falsa sobre o texto.

VERDADEIRA: _____

FALSA: _____

2. De que trata o texto? Copia.

- De por que son bos os orfanatos dos elefantes.
- Do que hai que facer cada día para coidar as crías dos elefantes.
- De como hai que bañar as crías dos elefantes.

3. Inventa e escribe outros dous títulos para o texto que recollan de que trata.

4. Copia as palabras do texto que serven para ordenar os pasos que hai que seguir cada día no coidado dos elefantes. Exemplo: *Primeiro*.

5. Numera os parágrafos do texto e escribe. Que hai que facer cada día cos elefantes?

Exemplo: Parágrafo 2 ▶ Darlles o biberón.

6. Seguindo a estrutura e a forma de organizar a información deste texto, redacta as cousas que fas pola mañá desde que te ergues ata que saes para o colexio.

Nome _____

Data _____


O meu tío Adrián

O tío Adrián ten vinte e oito anos e é o irmán máis novo de miña nai. É alto e bastante forte ou polo menos a min parécese, xa que é capaz de levantarnos a min e mais a meu irmán Brais cunha soa man.

O seu pelo é de cor castaña. Lévalo curto e algo rizado, pero vin fotos vellas no álbum nas que o levaba longo e parecía un león. Ten os ollos claros, e todo o mundo di que se parecen aos meus, sobre todo cando ri. Aos dous se nos achinan os ollos ata que só se ve unha raíña no medio da cara.

O meu tío é alegre e moi divertido. Gústalle practicar moitos deportes diferentes, pero o que se lle dá mellor é o fútbol. Todas as semanas xoga un partido; nalgunha ocasión déixame ir con el e nos partidos importantes imos toda a familia a velo e a animalo desde as bancadas. Tamén lle gusta moito a música e sabe tocar a guitarra, aínda que canta bastante mal. Sempre está rodeado de xente porque é una persoa moi simpática.

O meu tío ten un can que se chama Feroz, pero que en realidade é moi tranquilo. Cando vén á casa de visita, Feroz e mais eu pasamos moito tempo xuntos xogando no xardín.

**1. Contesta acerca da descrición de Adrián.**

- Como é?

- Como é o seu carácter?

- Como é o seu pelo?

- Que lle gusta facer?

- Como son os seus ollos?

2. Inventa e engade ti outro trazo físico e outro trazo de carácter do tío Adrián.

3. Copia ao lado de cada substantivo os adxectivos que poden acompañalo.

gacios	saltóns	enormes	brillantes	libres	verdes	
soltos	amarelos	liso	louro	violeta	rizo	abundante
longo	antipático	suave	extenso	castaño	azuis	

OLLOS: _____

PELO: _____

4. Ás veces, para describir a alguén compárase con outra persoa. Explica en que se parecen e en que se diferencian dous amigos teus. Lembra que podes describir tanto o seu aspecto físico coma o seu carácter.

5. Realiza a descrición do membro da túa familia que prefiras incluíndo nela:

- Trazos físicos: estatura, complexión, ollos, nariz, boca, cabelos, cor de pel...
- Trazos de carácter: forma de ser, gustos e afeccións, manías...
- Peculiaridades ou trazos característicos, forma de vestir, de camiñar, ton de voz...
- As túas propias opinións sobre esa persoa, o que che gusta máis, o que che desgusta, etc.

Lembra redactala de forma ordenada e sen mesturar os trazos físicos cos de carácter nun mesmo parágrafo. Podes axudarte dunha fotografía desa persoa.

Nome _____

Data _____

A aula de 5.ºA

A aula de 5.ºA está no terceiro andar do colexio e é moi ampla e luminosa. Ten catro ventás grandes nunha das paredes, con tarros que na primavera teñen flores. Os meus compañeiros e mais eu encargámonos de regalal unha vez por semana e, ás veces, tamén botamos sementes novas para observar como medran. Xusto na parede de en fronte hai unha ringleira de perchas de metal. Alí colgamos os abrigos no inverno. A carón das perchas hai dous andeis grandes con contos, dicionarios e unha enciclopedia que forman a nosa pequena biblioteca. Algúns dos contos lémolos na aula, pero tamén podemos levalos á casa para lelos alí se nos apetece. Na parede do fondo está o encerado onde o profesor explica as leccións. E diante, á esquerda, está a súa mesa, co globo terráqueo enriba.



As nosas mesas son máis pequenas ca a do mestre e todas están pintadas de verde. Están repartidas por toda a aula, normalmente colocadas en ringleiras, pero ás veces están agrupadas de catro en catro ou formando un U. Na clase de música, por exemplo, poñémolas todas en círculo para poder seguir as indicacións da mestra con máis facilidade. En total somos vinte e dous alumnos e temos vinte e dous pupitres.

No teito da aula hai tubos fluorescentes, aínda que non sempre están acesos porque a aula é moi luminosa e entra moita luz do sol durante o día. Preto das ventás hai algunhas plantas colgadas e un móbil cos planetas do Sistema Solar. A min gústame a nosa aula, sobre todo cando está chea de murais e de debuxos que fixemos nós.

1. Le o primeiro parágrafo do texto e marca o que se di nel da aula de 5.º A.

- Como é.
- Onde están as perchas.
- Que hai no teito.
- Como é o chan.
- Que hai xunto ás perchas.
- Cantas ventás ten.
- Onde están as luces.
- Como son as mesas.

2. Le o resto do texto e explica que máis se di acerca da aula de 5.º A.

3. Busca no texto e copia todas as palabras e expresións que serven para situar os elementos na aula. Exemplo: *en fronte*.

4. Volve describir a aula de 5.º A, pero explicando todo o que ves de dereita a esquerda. Procura incluír todos os detalles que poidas; por exemplo, a cor ou a forma dalgúns obxectos.

5. Imaxina que tes que explicarlle a un amigo teu como é o interior dun lugar. Elixo o sitio que ti queiras e fai unha descrición sobre el seguindo estas pautas:

- Podes describir un lugar real ou imaxinario.
- Inventa un título axeitado para a túa descrición e inclúe un debuxo ou unha fotografía.
- Procura utilizar palabras e expresións como *diante hai...*; *na parte de arriba está...*; *no centro está...*; *ao fondo está...*; *aos lados hai...*; *xunto a ela encóntrase...*
- Selecciona os elementos ou os obxectos dese lugar que che parezan máis importantes antes de comezar a túa descrición.
- Decide en que orde vas facer a túa descrición: de diante cara atrás, de dentro a fóra, de esquerda a dereita...

Título:

Nome _____

Data _____

A bolsa de veneno

Hai moito tempo, cando a Terra aínda era nova, os animais eran moi distintos do que son agora. Naquela época, a serpe negra non tiña veneno, en cambio tiña a iguana.

Dise que a iguana mataba xente a eito coa súa dentada venenosa. Amolados por esta situación, as tribos de animais celebraron unha xuntanza para decidir o que se podía facer, pois a iguana era tan desapiadada que tanto eles coma os humanos corrían o perigo de desaparecer.

–Eu salvarei da iguana á xente! –interveu a serpe negra.

–Como? Ten unha bolsa secreta con veneno! –dixéronlle.

–Iso é conta miña. Pero non se poñerá o sol mañá sen que eu lle arrinque a bolsa do veneno –respondeu ela.

A serpe negra retirouse da xuntanza pensando en como ía vencer a iguana. Sabía que tiña que ser raposeira, xa que a iguana era máis grande e forte, de oído agudo e movementos lixeiros e, sobre todo, dona dunha bolsa de veneno. Así que decidiu agardar a que a iguana estivese ben farta de comida.

De xeito que foi indo ata onde estaba o terrible animal e agochouse. Ao outro día pola mañá, cando amenceu, a serpe negra viu saír a iguana do seu repouso e seguiu a certa distancia. Observou como devoraba tres homes e despois, coa barriga acugulada, como se botaba a descansar.

Ao espertar, o fero animal atopou a serpe diante súa e botouse a ela.

–Agarda! Se me matas, non poderás saber a que viña. Ándase argallando contra de ti... –berroulle a serpe.

–Que me poden facer os homes e os animais a min?

–Mentres ti coñezas os seus plans, nada –contestou a serpe–. Pero se non sabes o que pensan, corres perigo.

–Entón dimo e perdoareiche a vida –ordenou a iguana.

–Prometer é moi fácil, pero ¿como podo saber que cumprirás a túa palabra?

–Pídeme o que queiras e compracereite –contestoulle.

–Moi ben. Pois mentres eu che conto a conspiración que están argallando contra ti, deixa a túa bolsa de veneno aquí preto miña. Só así me sentirei a salvo.

–Pides moito. Escolle outra cousa –dixo a iguana.

–Que desconfiada! Vin verte para salvarche a vida. Pregúntasme que quero pedirche para que me sinta segura e cando cho digo, négaste. Queda pois coa túa bolsa de veneno que eu quedo co que che ía contar.

A iguana sacou a bolsiña que tiña escondida na boca e pousouna no chan, a carón da serpe negra.

–Aquí está, pero non a toques. Agora cóntame todo.

–Trátase disto. Un de nós tiña que sacarche a bolsa. Eu ofrecínme a facelo e así o fago! –dixolle a serpe, que colleu a bolsa, a meteu na boca e fuxiu.

A iguana quixo botarse a correr tras dela, pero estaba demasiado pesada, comera máis da conta e non a deu pillado.

A serpe chegou onda o resto dos animais e contoulles o que fixera. Todos loaron a súa astucia e despois pedíronlle que lles entregase a bolsa do veneno para destruíla. Mais a serpe negouse. Ela fora quen a conseguira e, polo tanto, ela sería desde agora a súa dona.

E é así como desde ese día a serpe negra ten unha dentada mortal. E a iguana xa non ten o veneno que outrora a facía temible. Agora os humanos foxen da serpe negra como fuxían antes da iguana.

Pero a iguana aínda ten mentes de recuperar a bolsa de veneno e cada vez que atopa coa serpe loita con ela nun fero combate. E malia que a serpe negra ten o veneno, non pode matar a iguana porque esta sabe un segredo que a salva da morte: come unha herba que só ela coñece. Pero ese é un segredo das iguanas.

XOSÉ NEIRA VILAS

Contos vellos para rapaces novos. (Adaptación)

1. Lembra e responde.

- Quen era a dona da bolsa de veneno? Quen a ten agora?

- Quen quería quitarlle a bolsa de veneno á iguana? Por que?

2. Explica a estratexia que seguiu a serpe para poderlle quitar a bolsa de veneno á iguana.

3. Di a que personaxe se refire cada expresión e explica o que significa.

- Sabía que tiña que ser raposeira.

- Aínda ten mentes de recuperar a bolsa de veneno.

Análise morfolóxica

1. Análise de substantivos
2. Análise de substantivos
3. Análise de adxectivos
4. Análise de adxectivos
5. Análise de grupos nominais
6. Análise de pronomes persoais
7. Análise de pronomes persoais
8. Análise de formas verbais
9. Análise de formas verbais
10. Análise de formas verbais
11. Análise de formas verbais
12. Análise das palabras dunha oración
13. Análise das palabras dunha oración
14. Análise das palabras dunha oración
15. Análise das palabras dunha oración

Nome _____

Data _____

1. Sigue o exemplo e analiza estes substantivos.

Exemplo:

cabalo ▶ Clase: substantivo común, concreto, individual.
 Xénero: masculino.
 Número: singular.

amizade ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

cadernos ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

Ourense ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

orquestra ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

culleres ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

colmea ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

cadeira ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

Antía ▶ Clase: _____
 Xénero: _____
 Número: _____

Nome _____

Data _____

1. Subliña todos os substantivos nas seguintes oracións.

- O can comeu toda a comida do prato.
- O meu avó traballou de carpinteiro e a avoa, de mestra.
- Hoxe Afonso tiña moito sono.
- O rabaño do pastor perdeuse polo monte.
- Aquel premio encheuno de felicidade.
- Aínda non lle dei as grazas pola súa axuda.
- O mariñeiro deu cun abundante banco de bocartes.
- Desde hai moitos anos toda a familia vive en Xinzo.

2. Analiza os substantivos que subliñaches.

Substantivo	Tipo / Clase	Xénero	Número
<i>can</i>	común, concreto, individual	masculino	singular

Nome _____

Data _____

1. Sigue o exemplo e analiza os seguintes adxectivos.

Exemplo:

novísimo ▶ Grao: superlativo.
Xénero: masculino.
Número: singular.

baleiro ▶ Grao: _____
Xénero: _____
Número: _____

menos novo ▶ Grao: _____
ca Xénero: _____
Número: _____

vellas ▶ Grao: _____
Xénero: _____
Número: _____

vermello ▶ Grao: _____
Xénero: _____
Número: _____

sucísimas ▶ Grao: _____
Xénero: _____
Número: _____

moi ledo ▶ Grao: _____
Xénero: _____
Número: _____

tan pequeno ▶ Grao: _____
coma Xénero: _____
Número: _____

máis quente ▶ Grao: _____
ca Xénero: _____
Número: _____

Nome _____

Data _____

1. Le o texto. Despois, fíxate nas palabras destacadas e arrodea de cor vermella os adxectivos e de azul os substantivos.

O belido Narciso

Narciso era un mozo moi **guapo** ao que todos os **seres** contemplaban admirados e que espertaba **tenros** e apaixonados **amores** en quen o miraba.

Conta a **lenda** que nunha tarde **calorosa**, o **fermoso** Narciso sentiu sede e achegouse ás **fresquísimas** augas do río para beber.

Cando se inclinou sobre a auga **transparente**, quedou marabillado.

Na súa **superficie** Narciso contemplou un rapaz tan **bo** mozo coma el e quedou fascinado sen comprender que se trataba da súa propia **imaxe** reflectida na auga.

Unha mañá e outra, Narciso intentaba, **triste** e sempre máis **desesperado** ca o día anterior, falar con aquel mozo **misterioso**, e pasaba os días inclinado sobre a auga sen recibir del unha resposta. E así foi languidecendo ata que morreu de pena e de **melancolía**. No seu lugar, quedou unha **flor** tan **preciosa** coma o mesmo Narciso que, na súa lembranza, leva o seu **nome**.



2. Agora, analiza os adxectivos que arrodeaches.

_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____
_____	▶	_____

Nome _____

Data _____

1. Sigue o exemplo e analiza os seguintes grupos de palabras.

• A porta aberta

A: artigo, feminino, singular.

porta: substantivo común, concreto, individual, feminino, singular.

aberta: adxectivo, feminino, singular, en grao positivo.

• As imaxes gravadas

As: _____

imaxes: _____

gravadas: _____

• As viaxeiras andoriñas

• A maleta baleira

• O branquísimo cabelo

• Os rapaces alegres

• As cantareiras ondas

• A auga fría

Nome _____

Data _____

1. Sigue o exemplo e analiza os seguintes pronomes persoais.

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>el</i>	terceira	singular

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>nos</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>ti</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>nós</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>comigo</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>ela</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>eles</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>as</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>vos</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>eu</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>lles</i>		

Pronome persoal	Persoa	Número
<i>che</i>		

Nome _____

Data _____

1. Le o texto. Fíxate nas palabras destacadas e arrodea de cor vermella os pronomes persoais e de azul os substantivos.

Segundo como se mire!

Nunha ocasión unha **lebre** robusta preguntoulle a unha **cría** de elefante quen dos dous **lle** parecía que era o máis grande.

–Seica **te** ris de **min!** –dixo o elefante–. Pero se **ti** cando **te** pos de pé non **me** chegas nin aos xeonllos. **Eu** en cambio son máis alto ca os arbustos e incluso chego ás **follas** das **árbores**, podo coller coa trompa **as** que queira e ti non **lles** dás chegado.

–Como te atreves a dicir iso! Eu son máis grande –dixo a lebre– e agora **o** vou demostrar! Vamos á **aldea** dos humanos! A ver o que din **eles**, que son máis sabios ca **nós**.

Tan axiña como se aproximaron á aldea e os seus habitantes **os** viron, comezaron a facer comentarios os uns cos outros:

–Ei, mirade, unha cría de **elefante**; e que pequerrecha é!

–Pois a **lebre** que vai con **ela**, pola contra, é ben grandona, que boas **patas** ten!

A lebre considerou que non facían falta máis **razóns** e dixo:

–Xa **nos** viron e opinaron! Ben que **os** oíches! Ti es pequeno e eu son grande.

Que **che** dixera eu?

O elefantiño non soubo que dicir. A **el** seguíalle a parecer que a súa **amiga** era máis pequena ca **el**... Pero aqueles humanos do poboado acababan de **lle** demostrar o contrario. E suspirou resignado.

2. Clasifica con axuda da táboa os pronomes persoais subliñados.

		1. ^a persoa	2. ^a persoa	3. ^a persoa
Singular	tónicos			
	átonos			
Plural	tónicos			
	átonos			

Nome _____

Data _____

1. Le o texto. Fíxate nas palabras destacadas e arrodea de cor vermella os verbos.

Seguro que **sabes** que os vestidos, a **comida** ou a **vivenda** non **son** iguais en todos os lugares do **mundo**. Estas diferenzas sempre **foron** máis alá do simple amaño persoal. **Abranguen** o peiteado, a propia pel e outras partes do corpo. As persoas **trasladaron** ao seu aspecto os seus mitos e crenzas. Así, os adobíos **convértense** nun modo de expresión e nun distintivo cultural moi importante, pois **constitúen** costumes moi **antigos** con significados rituais.

En **Occidente**, **levar** unha tatuaxe non **era** habitual ata **hai** poucos anos, agás nos estratos máis marxinais da sociedade. Na illa de Samoa, pola contra, os homes **tatuaron** desde tempos remotos todo o corpo, incluso a cara.

Noutros sitios é costume **modificar** os dentes. Así **imitan** a dentadura do xaguar, un animal sagrado. Algúns pobos **incrustan** aneis no nariz ou **arredor** do pescozo para que se **alonguen** e **deformen** esas partes do corpo; o **número** de aneis **indicará** o rango social dun **individuo** dentro da súa tribo.

2. Agora, analiza as formas verbais que subliñaches, segundo o exemplo.

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
sabes	saber	segunda	segunda	singular

Nome _____

Data _____

1. Sigue o exemplo e analiza as seguintes formas verbais.

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>escollían</i>	escoller	segunda	terceira	plural

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>recollerás</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>comprenderon</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>escoitarías</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>descoñecese</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>xantabamos</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>movesen</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>roubaron</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>rematara</i>				

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número
<i>respondín</i>				

Nome _____

Data _____

1. Le o texto. Fíxate nas palabras destacadas e arrodea só as formas verbais persoais.

O rei mouro máis importante de todos os castros galegos **precisaba** un mordomo para a súa **morada**. **Cumpría** alguén a quen **confiar** as chaves de todo canto se gardaba dentro da fortificación e que, ademais, **fose** honrado e discreto.

Os **emisarios** do rei anunciaron o seu **desexo** por todo o país e **presentáronse** moitos no día sinalado para a **elección**. Aínda que os máis deles poñían cara de bos, deberían demostrar que tiñan calidades. Para iso o rei **decidira** facerlles pasar unha **proba**. Sacou os tesouros das arcas e cofres e colocounos nun amplo corredor polo que tiñan que pasar, un a un, todos os aspirantes ao posto sen seren **vistos** nin **vixiados** por ninguén.

Entrou o primeiro e, ao verse só, colleu varias moedas e meteunas nos petos. Ao **saír** levárono para un salón a agardar polos outros. O segundo entrou no corredor e, sabendo que non o **vira** ninguén, tamén agochou moedas no **peto** e algunha xoia. Todos apañaban algo, aínda que non en exceso para que non se lles **notase**. Só houbo un que non colleu nada.

Cando **estiveron** diante do rei todos xuntos, este dixo:

–**Quero** ver que tal **danzades**! Por favor **bailade** polo salón para min, aínda que sexa sen música.

Ninguén quería facelo. Tiñan medo que se oíse o ruído das moedas e xoias **roubadas**.

Tan só un dos candidatos empezou a sacudir pernas e brazos sen medo. Daba **brincos** e facía puntos de danza con soltura.

–Ese **será** o meu mordomo –díxolles o rei aos conselleiros– e aos demais quitádelles canto me roubaron e poñédelles un bo castigo por ladróns.

2. Agora, completa a táboa con esas formas verbais, tal como aparece no exemplo.

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>precisaba</i>	precisar	terceira	terceira	singular	imperfecto	indicativo

Nome _____

Data _____

1. Analiza coma no exemplo as seguintes formas verbais.

Exemplo:

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>acabase</i>	acabar	primeira	primeira terceira	singular	pretérito imperfecto	subjuntivo

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>consiga</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>limpará</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>souberon</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>fuxiría</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>saibas</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>escoitade</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>propuxo</i>						

	Infinitivo	Conxugación	Persoa	Número	Tempo	Modo
<i>tiverades</i>						

Nome _____

Data _____

1. Analiza as palabras das seguintes oracións.**■ Aquel xogador conseguiu o trofeo.**

Aquel: _____

xogador: _____

conseguiu: _____

o: _____

trofeo: _____

■ Aldara está durmida agora.

Aldara: _____

está: _____

durmida: _____

agora: _____

■ O xornal publicou a marabillosa noticia.

O: _____

xornal: _____

publicou: _____

a: _____

marabillosa: _____

noticia: _____

■ Nós iremos despois.

Nós: _____

iremos: _____

despois: _____

■ Esta película é moi divertida.

Esta: _____

película: _____

é: _____

moi: _____

divertida: _____

Nome _____

Data _____

1. Analiza as palabras das seguintes oracións.

■ Os viaxeiros chegaron cansos.

Os: _____

viaxeiros: _____

chegaron: _____

cansos: _____

■ Eu comerei polo asado.

Eu: _____

comerei: _____

polo: _____

asado: _____

■ Andrea non te coñecía.

Andrea: _____

non: _____

te: _____

coñecía: _____

■ Eles recollerán o cuarto.

Eles: _____

recollerán: _____

o: _____

cuarto: _____

■ Ten amigos simpatiquísimos.

Ten: _____

amigos: _____

simpatiquísimos: _____

■ O conxelador está baleiro.

O: _____

conxelador: _____

está: _____

baleiro: _____

Nome _____

Data _____

1. Analiza as palabras das seguintes oracións.

■ Tróuxome o libro equivocado.

Trouxo: _____

me: _____

o: _____

libro: _____

equivocado: _____

■ Deixei os cartos na mesa.

Deixei: _____

os: _____

cartos: _____

na: _____

mesa: _____

■ Agora traballa en Viveiro.

Agora: _____

traballa: _____

en: _____

Viveiro: _____

■ Eles viaxan en autobús sempre.

Eles: _____

viaxan: _____

en: _____

autobús: _____

sempre: _____

■ Prestoume un videoxogo novo.

Prestou: _____

me: _____

un: _____

videoxogo: _____

novo: _____

Nome _____

Data _____

1. Analiza as seguintes oracións.

■ Antón xoga ao xadrez.

Antón: _____

xoga: _____

ao: _____

xadrez: _____

■ Foi a Roma cos fillos.

Foi: _____

a: _____

Roma: _____

cos: _____

fillos: _____

■ Aquel ruído era moi molesto.

Aquel: _____

ruído: _____

era: _____

moi: _____

molesto: _____

■ Brais falaba por teléfono.

Brais: _____

falaba: _____

por: _____

teléfono: _____

■ Xa mo contou ela.

Xa: _____

mo: _____

contou: _____

ela: _____

Traballos en grupo

- Montar unha obra teatral
- Describir persoas
- Mellorar o vocabulario

- Facer un álbum de fotos
- Facer un ficheiro de animais
- Elixir adxectivos

- Realizar un programa de radio
- Facer un panel de símbolos
- Realizar unha enquisa

- Escribir unha historia entre todos
- Preparar un concurso lingüístico
- Facer unha antoloxía de poemas e cancións

Montar unha obra teatral

1. Formade catro equipos e distribuíde así o traballo:

- Equipo 1: buscará a obra que se vai representar ou escribiraa.
- Equipo 2: aprenderá os papeis e representará a obra.
- Equipo 3: preparará o escenario e os obxectos que se necesiten.
- Equipo 4: encargárase de buscar ou confeccionar o vestiario.

2. Ensaíade a obra cos decorados e o vestiario.

3. Representade a obra. Podedes invitar os alumnos doutras clases.

Describir persoas

1. Formade grupos de cinco e completade o esquema coas palabras que creades que vos definen en cada apartado.

A miña descrición	
Trazos físicos	Tazos de carácter
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

2. Lede en alto a descrición. Os compañeiros dos outros equipos terán que recoñecer os trazos e dicir a quen corresponde.

Mellorar o vocabulario

1. Formade grupos de tres e dicide en cadea palabras relacionadas con estes medios de transporte:

AVIÓN ► aterrar, azafata, aeroporto...

TREN ► raís, locomotora, vagón...

COCHE ► pneumáticos, adiantar, garaxe...

BARCO ► áncora, peirao, temón...

2. Imaxinade que sodes unha destas persoas e explicade en que consiste o voso traballo.

- xornalista
- mariñeiro
- aviador

Facer un álbum de fotos

1. Confeccionade unha lista de temas que vos interesen. Por exemplo:

- a vosa localidade,
- os deportes,
- as vosas mascotas,
- a música...

2. Facede entre todos un álbum de fotos seguindo estes pasos:

- Dos temas da vosa lista, elixide os tres que vos interesen máis.
- Dividídevos en tres grupos e asignádelle a cada grupo un deses temas. Despois todos levaredes á clase unha foto sobre o tema que vos correspondeu.
- Cada grupo fará o seu álbum de fotos, apegando as imaxes en cartolinas e escribindo debaixo de cada imaxe pés de foto axeitados.

Facer un ficheiro de animais

1. Confeccionade entre todos un ficheiro de animais. Facédeo así:

- Primeiro, acordade o deseño das fichas: forma e tamaño, disposición do texto...
- Despois, facede unha lista cos animais que vos gustaría que houbera no ficheiro. Para iso, cada un de vós nomeará en voz alta dous animais diferentes.
- Ao final, cada alumno fará as fichas dos animais que nomease. As fichas deberán conter as características do animal e terán, ademais, un debuxo ou unha fotografía.

2. Xuntade as fichas e gardádeas por orde alfabética nunha caixa que poderedes decorar, cunha etiqueta no seu exterior que informe sobre o seu contido.

Elixir adxectivos

1. Xogade na clase a facer listas de adxectivos do seguinte modo:

- O voso mestre ou mestra nomeará unha parte do corpo. Vós diredes en cadea un adxectivo que poida servir para describir esa parte do corpo. Exemplo: *pele* ► *rizo, suave, forte...*
- Perde quen repita un adxectivo que xa se dixese ou quen non saiba qué dicir.

2. Facede a operación inversa. Divididos en grupos, facede unha lista de adxectivos sobre un substantivo. A partir deles, o resto dos grupos deberán adiviñar de que substantivo se trata.

Realizar un programa de radio

1. Formade catro grupos e asignádelle a cada un a preparación dun destes bloques:

Bloque	Tarefa
Boletín informativo	Redactar tres ou catro noticias breves.
Entrevista	Entrevistar un membro do grupo coma se fose un personaxe famoso.
Faladoiro	Elixir un tema de actualidade e organizar unha discusión sobre el.
Bloque de anuncios	Anunciar produtos comerciais ou dar a coñecer algunha asociación.

2. Elixide por votación o locutor, que presentará os distintos bloques.

3. Realizade o programa coma se estivédes de verdade na emisora de radio.

Facer un panel de símbolos

1. Vas facer cos compañeiros un panel con símbolos dos que adoitas encontrar na vida diaria: nas etiquetas da roupa, nos envases de produtos, nun mapa do tempo...

Facédeo así:

- Debedes formar grupos de seis alumnos. Todos os membros do grupo buscarán e recortarán cantos símbolos atopen e levaranos á clase. Se non é posible recortalos, copiarase fielmente o debuxo.
- Os membros de cada grupo poñeranse de acordo sobre o significado dos símbolos encontrados.
- Finalmente, cada grupo presentarlle á clase os seus símbolos. Apegaranse os símbolos nunha cartolina, clasificándoos por temas.

Realizar unha enquisa

1. Dividide a clase en grupos de catro ou cinco. Seguides estes pasos:

- Cada grupo elixirá un tema sobre o que poida haber diferentes opinións. Por exemplo: as vacacións, os deberes...
- Cada grupo redactará cinco preguntas relacionadas co seu tema e formularállelas a varias persoas.
- Cada membro do grupo entrevistará un mínimo de tres persoas.
- Cada grupo extraerá conclusións das respostas que obtivese e expoñerallas ao resto da clase.

Escribir unha historia entre todos

1. Escribide entre todos unha historia en cadea do seguinte modo:

- Antes de empezar, tedes que decidir de que vai tratar a vosa historia. Tamén debedes fixar o número de liñas que escribirá cada un.
- Por sorteo, decidiredes quen vai comezar a escribir. Esa persoa pasaralle o texto a outro compañeiro e este ao seguinte. Cada un pode escribir o que queira sempre que non cerre a historia e que teña en conta o que escribiu o seu compañeiro anterior para continuar o relato.
- Unha vez que todos teñades escrito algo, lede en voz alta a historia e decidide como vai terminar. Por sorteo, elixirase o alumno que debe redactar o final acordado por todos.

Preparar un concurso lingüístico

1. Prepara cos teus compañeiros un concurso en que poidades comprobar os vosos coñecementos na área de Lingua.

- Cada un de vós escribirá nun papel tres preguntas sobre os contidos que estudastes. As preguntas poden ser sobre Gramática, Ortografía, Literatura... e poden formularse de distintas maneiras. Por exemplo: *Por que letra comeza a palabra humor?* ou *Que é un substantivo?*
- Metede os papeis nunha caixa e removédeos.
- Formade grupos e formulade esas preguntas. Tede en conta que a resposta correcta deberá ser aceptada por todos.

Facer unha antoloxía de poemas e cancións

1. Formade dous grupos: un ocuparse de facer unha antoloxía de poemas, e o outro, unha antoloxía de cancións.

2. Cada grupo deberá realizar estas actividades:

- Fará unha lista coas composicións que acheguen todos os membros e elixiranse por votación as dez mellores.
- Decidirá quen van ser os que escriban á man as composicións elixidas e os que as ilustrarán.

3. Xuntade os poemas e as cancións, e formade unha única antoloxía. Decidide entre todos quen se encargará de realizar a cuberta.

Traballo co dicionario

- Ficha 1
- Ficha 2
- Ficha 3
- Ficha 4
- Ficha 5
- Ficha 6
- Ficha 7
- Ficha 8

Traballo co dicionario

Nome _____ Data _____

1. Escribe xunto a cada palabra a forma con que aparece no dicionario.

Exemplo: *farois* ► *farol*

- | | | | |
|------------|---------|------------|---------|
| • luriña | ► _____ | • feixóns | ► _____ |
| • selos | ► _____ | • padiolas | ► _____ |
| • tecelá | ► _____ | • riacho | ► _____ |
| • táctiles | ► _____ | • candís | ► _____ |
| • caloraza | ► _____ | • patroa | ► _____ |
| • orelludo | ► _____ | • cabalón | ► _____ |

2. Escribe a forma pola que deberás buscar cada un destes verbos no dicionario.

Como se chama esta forma? _____

- refaga ► _____
- dás ► _____
- souberon ► _____
- doían ► _____
- proviñan ► _____
- contivo ► _____
- desfai ► _____

3. Busca no dicionario as expresións destacadas e substitúeas sen alterar o significado da oración.

Exemplo: *Leu o libro de cabo a rabo.* ► *Leu o libro desde o principio ata o fin.*

- Entrou na casa **con pés de la.**

- Chegou **ao pechar o día.**

- Mariña **ten carta branca** para fixar o día do exame.

- Aleixo gaña cartos **a mancheas.**

- A el sempre lle gustou facer as cousas **ás toas.**

- Sorprendeume o que dixo, **non ten papas na boca.**

Nome _____ Data _____

1. Completa coa información que corresponda en cada caso.

Palabra: **folgazán**

Clase de palabra: _____

Significado: _____

Sinónimos: _____

Antónimos: _____

Familia de palabras: _____

Palabra: **saúde**

Clase de palabra: _____

Significado: _____

Sinónimos: _____

Antónimos: _____

Familia de palabras: _____

Palabra: **mercar**

Clase de palabra: _____

Significado: _____

Sinónimos: _____

Antónimos: _____

Familia de palabras: _____

2. Busca no dicionario e substitúe as palabras destacadas por un sinónimo.

- Preparamos unha **morea** de bocadillos para a festa.

- Brais sempre foi moi **mañoso**.

- O goberno municipal **recomenda** usar o transporte público.

- O cadelo **cheiraba** a bolsa da compra sen parar.

- Téñolle moito **apego** a esta chaqueta, por iso a coido tanto.

- Atendeume un dependente moi **simpático**.

Nome _____ Data _____

1. Risca en cada familia de palabras a que non corresponda.

xenética	xen	xentil	xenoma	xenotipo
----------	-----	--------	--------	----------

carro	carrasco	carreta	carretar	carromato
-------	----------	---------	----------	-----------

tecido	tecer	tecelán	tecedora	teclado
--------	-------	---------	----------	---------

voador	sobrevoar	voante	volátil	vocálico	voa
--------	-----------	--------	---------	----------	-----

2. Busca as seguintes palabras no dicionario e completa.

ESQUÍO

Tipo de animal _____
 Onde vive? _____
 Como é? _____

ALBANEL

Tipo de actividade _____
 En que consiste? _____

XAMÓN

Tipo de alimento _____
 De onde procede? _____

AVIÓN

Tipo de vehículo _____
 Como é o seu movemento? _____
 Con que outros vehículos o relacionarías? _____

3. Explica coa axuda do dicionario o significado das palabras destacadas.

- Xaime éche un **boi de palla**, acéptao todo.

- Anda, vai falar con ela! Non sexas **carneiro!**

- Éche **can vello**, non o vas enganar.

- Non te fíes, é un **mosquiña morta!**

Nome _____ Data _____

1. Busca no dicionario o verbo *voar* e marca o significado que lle corresponde na oración: *Púxenme a falar con Xoán na rúa e o tempo voou.*

- Moverse polo aire o avión, unha ave ou outros vehículos e animais.
- Derrubar algo facendo que estoupe.
- Pasar algo á présa.

2. Busca no dicionario e explica o que significa o verbo *comer* en cada unha destas oracións.

- Hoxe comín un prato de lentellas.

- Mañá comeremos na casa dos avós.

- A sola do zapato comeuse pola parte dereita.

- Ao anotar o enderezo, comín un dato.

- Cando se decatou do fallo, comeuno o xenio.

3. Explica o significado destas expresións con axuda do dicionario.

- Ao pé da letra ► _____
- En corpo e alma ► _____
- Palabras maiores ► _____
- Caer na conta ► _____
- De par en par ► _____

4. Arrodea en cada caso a palabra correcta.

- Tareixa comeu unha ensalada con **rabos/ravos**.
- O gato de Iria ten un **ravo/rabo** moi longo.
- Estes libros non **volos/bolos** podo emprestar deica o luns.
- El sabe facer uns **volos/bolos** con chocolate que están boísimos.
- Sabes moi **ben/ven** onde están.
- Eles non **ben/ven** a televisión ata tan tarde.
- Estaban xogando a **botar/votar** a pelota.
- Non sei a quen **botar/votar** para delegado.

Traballo co dicionario

Nome _____ Data _____

1. Une cada palabra co seu sinónimo.

- | | |
|-------------|--------------|
| ledo • | maleducado • |
| maneira • | estoupido • |
| diminuír • | xeito • |
| porco • | entretido • |
| ameno • | marrán • |
| lerchán • | contento • |
| imaxinar • | reducir • |
| explosión • | concebir • |

2. Escribe oracións que signifiquen o contrario substituíndo as palabras destacadas.

- Carmela **aprobou** as matemáticas.

- Paulo tenlles **fobia** aos pallasos.

- Comentou que pensaba **cumprir** as súas ordes.

- **Acordeime** do teu aniversario.

3. Arrodea a palabra que non corresponde en cada unha destas series.

terror	pánico	desexo	pavor
--------	--------	--------	-------

contemplar	mirar	observar	aspirar
------------	-------	----------	---------

parecido	semellante	singular	análogo
----------	------------	----------	---------

amparar	defender	xulgar	resgardar
---------	----------	--------	-----------

cativar	seducir	abafar	engaiolar
---------	---------	--------	-----------

fachendoso	presumido	modesto	vaidoso
------------	-----------	---------	---------

achegarse	aproximarse	pasear	acercarse
-----------	-------------	--------	-----------

entretido	divertido	ameno	anódino
-----------	-----------	-------	---------

petición	solicitude	ofrecemento	demanda
----------	------------	-------------	---------

deserto	despoboado	tumultuoso	solitario
---------	------------	------------	-----------

Nome _____ Data _____

1. As seguintes palabras expresan sons. Búscas no dicionario e escribe a continuación algo que poida producir ese son.

- estalo: _____
- rincho: _____
- chío: _____
- murmurio: _____
- rumor: _____
- tintín: _____
- troupeleo: _____
- zunido: _____

2. Completa coa axuda do dicionario.

- O bacoriño é a cría do _____
- O cazapo é a cría do _____
- O aguiacho é a cría da _____
- O cuxo é a cría da _____
- O poldro é a cría do _____
- O cabezolo é a cría da _____
- O pito é a cría da _____

3. Escribe a vila ou cidade que corresponde a estes xentilicios.

- | | | |
|------------------------|-----------------------|-------------------------|
| • cambadés
_____ | • carnotán
_____ | • tarraconense
_____ |
| • arousán
_____ | • xerundense
_____ | • estradense
_____ |
| • donostiarra
_____ | • tudense
_____ | • quirogués
_____ |
| • lucense
_____ | • tomiñés
_____ | • valenciano
_____ |
| • ribadense
_____ | • palentino
_____ | • arzuán
_____ |

4. Escribe dúas palabras máis en cada caso e forma un campo semántico.

- actor, cantante ► _____
- louro, roxo ► _____
- lapis, bolígrafo ► _____
- barco, coche ► _____
- gorra, viseira ► _____

Nome _____

Data _____

1. Escribe as palabras destacadas a carón da súa familia.

- O **froiteiro** fixo unha reforma na súa tenda.
- As patacas **fritas** son a comida preferida de Roi.
- O fontaneiro enviou unha factura cos seus **honorarios**.
- Sempre lle bota ao café varios **terróns** de azucre.
- Sabedes que el é moi **medorento**; non o asustedes.
- Antón éche moi **xeitoso** preparando o xantar.
- A decoración daquel escenario era **horrorosa**.
- O **xead** é unha sobremesa típica do verán.
- Non comprendo a **terminoloxía** que se emprega neste texto.
- Busca algunhas moedas no **moedeiro**.

froita _____

xear _____

honor _____

terra _____

medo _____

termo _____

fritir _____

horror _____

moeda _____

xeito _____

2. Completa as oracións con palabras terminadas en **-eiro** ou **-eira** que deriven das palabras destacadas.

- O lugar onde viven as **galiñas** é o _____
- O recipiente onde se pon o **aceite** é a _____
- O lugar onde se levan os **cans** abandonados é a _____
- O recipiente onde se bota a **cinza** é o _____
- O obxecto onde se gardan as **moedas** é o _____
- O lugar onde se gardan ou cravan os **alfinetes** é o _____
- O lugar onde viven as **formigas** é o _____
- O lugar onde se gardan os **cartos** é a _____

Nome _____ Data _____

1. Consulta o dicionario e escribe o plural das seguintes palabras.

- | | | | |
|----------------------|------------------|---------------------|----------------------|
| • retráctil
_____ | • orixe
_____ | • oasis
_____ | • penalti
_____ |
| • hindú
_____ | • iogur
_____ | • carácter
_____ | • mamut
_____ |
| • rañaceos
_____ | • xoves
_____ | • análise
_____ | • milfollas
_____ |

2. Escribe debaixo de cada termo que clase de palabra é.

- | | | | |
|-----------------------|--------------------|-----------------------|-----------------------|
| • bandeirola
_____ | • láser
_____ | • contribuír
_____ | • endexamais
_____ |
| • obtuso
_____ | • acceder
_____ | • custoso
_____ | • comigo
_____ |

3. Consulta o dicionario e une cada palabra en masculino coa súa correspondente forma feminina.

- | | |
|-----------|-----------|
| galo • | • galiña |
| touro • | • femia |
| xenro • | • raíña |
| cabalo • | • muller |
| pai • | • egua |
| padriño • | • vaca |
| home • | • nora |
| macho • | • madriña |
| rei • | • nai |

4. Escribe o feminino de cada palabra.

- | | |
|---------------------|---------------------|
| • león: _____ | • oficinista: _____ |
| • elefante: _____ | • curmán: _____ |
| • presidente: _____ | • duque: _____ |
| • barón: _____ | • alcalde: _____ |
| • actor: _____ | • cliente: _____ |
| • emperador: _____ | • marqués: _____ |
| • conde: _____ | • xuíz: _____ |
| • xerente: _____ | • portugués: _____ |
| • gorila: _____ | • asistente: _____ |

Pezas teatrais

- *A cabeza do dragón,*
Ramón María del Valle-Inclán.
- *O regalo da bruxa,*
Ana María Fernández.

A cabeza do dragón,
 Ramón María del Valle-Inclán
 (Adaptación)

Personaxes	
PRÍNCIPE SÉSAMO	POUSADEIRO
PRÍNCIPE VERDEMAR	CEGO
PRÍNCIPE POMPÓN	BRAVO
TRASNO	PREGOEIRO
RAÍÑA	INFANTA
REI	MESTRE DE CERIMONIAS
PRIMEIRO MINISTRO	DUQUESA
BUFÓN	REI MICOMICÓN

ESCENA PRIMEIRA

Tres príncipes xogan á pelota no patio de armas dun castelo.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Decatástevos, irmáns, de que esta pelota bota e rebota?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Si, coma se levase dentro un diaño enredador!

PRÍNCIPE POMPÓN. Parece que se volveu tola!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Imos rematar o partido.

PRÍNCIPE POMPÓN. Con esta pelota non se pode. Mirade que tombos dá! Está de remate.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Ti si que estás de remate. Metíchela pola ventá do torreón.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Vouna buscar.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Está pechada a porta, Príncipe Verdemar.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Onde está a chave, Príncipe Sésamo?

PRÍNCIPE SÉSAMO. A Raíña lévaa colgada da cintura.

Óese a voz dun trasno que canta.

TRASNO. Dáme liberdade,
 pombiña real!
 Pombiña que voas cara ao alto,
 sen medo do gabián!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Quen canta no torreón? Non coñezo esa voz!

PRÍNCIPE SÉSAMO. Un trasno do bosque.

PRÍNCIPE POMPÓN. Nunca vin un trasno; crin que non existían.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Eu vino, e ten aspecto de trasno, Príncipe Pompón.

PRÍNCIPE POMPÓN. Os ollos enganan moito, Príncipe Sésamo!

O trasno asoma a cabeza entre dúas ameas.

TRASNO. Ábreme a porta, Príncipe Pompón, e serás feliz no teu reinado. Farei que se cumpra o desexo que me pidas.

PRÍNCIPE POMPÓN. Devólveme a pelota e abrireiche a porta.

TRASNO. Xúrasmo?

PRÍNCIPE POMPÓN. Douche a miña palabra de rei.

TRASNO. Velaí vai a pelota.

PRÍNCIPE POMPÓN. Grazas!

TRASNO. Agora déixame libre.

PRÍNCIPE POMPÓN. Non podo.

TRASNO. Déchesme a túa palabra, Príncipe Pompón!

PRÍNCIPE POMPÓN. Pero a miña palabra non é unha chave.

TRASNO. Nin é palabra de rei.

Desaparece o trasno dando unha viravolta.

PRÍNCIPE POMPÓN. Imos seguir xogando, irmáns.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Eu saio o primeiro.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Non, saio eu.

PRÍNCIPE POMPÓN. O que debe saír primeiro son eu, por ser o máis grande.

PRÍNCIPE VERDEMAR. No xogo da pelota iso non vale.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Botarémoslo a sortes. Sae o que faga botar máis alto a pelota.

A pelota pasa dunha man a outra, dá un bote alto, volve á terra e no rebote entra pola ventá do torreón.

TRASNO. Dáme liberdade,
pombiña real!
Pombiña que voas cara ao alto,
sen medo do gabián!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Que zoupón es! Quedamos sen pelota.

PRÍNCIPE SÉSAMO. O trasno devolveránola. Señor trasno! Señor trasno!

TRASNO. Dáme liberdade,
pombiña real!
Pombiña que voas cara ao alto,
sen medo do gabián!

TODOS OS PRÍNCIPES. Señor trasno! Señor trasno!

Aparece outra vez o trasno.

TRASNO. Que desexan os señores príncipes?

PRÍNCIPE SÉSAMO. Devólvenos a pelota.

TRASNO. Devolveríache a pelota encantado, se ti me devolveses a liberdade.
Abrirame a porta?

PRÍNCIPE SÉSAMO. Si, abrireicha.

TRASNO. Xúrasmo?

PRÍNCIPE SÉSAMO. Douche a miña palabra de rei.

TRASNO. Non! Non me vale a túa palabra de rei.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Que queres entón?

TRASNO. Poderíasme dar a túa palabra de home de ben.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Estasme faltando ao respecto. Un home de ben pode ser calquera, pero non un príncipe. A miña palabra é de rei, porque, aínda que non o son, nacín para selo.

TRASNO. Entón, terei que conformarme coa túa palabra real. Velaí vai a pelota.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Grazas.

TRASNO. Cumpre a túa promesa.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Cumprireina mañá. Eu non che dixen que fose agora.

TRASNO. Pero... seguro que antes desta noite veñen por min.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Se es trasno, procura saír pola cheminea. Irmáns, imos continuar o partido!

O Príncipe Sésamo fai botar a pelota. O trasno chisca un ollo inflando as meixelas e a pelota salta e desaparece.

TRASNO. Esta vez, queridos príncipes, non teredes a pelota se non me abrides a porta.

Os PRÍNCIPES. Devólvenola! Devólvenola!

TRASNO. O que vos devolvo son as vosas promesas reais.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Trasnó, dáme a pelota, e cumprirei como home de ben, como cabaleiro e como Príncipe.

TRASNO. Non tes a chave do torreón, príncipe Verdemar.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Dóeme que o engano dos meus irmáns te faga dubidar da miña palabra.

TRASNO. Mira, Príncipe Verdemar, aí vén a Raíña, vosa nai. Dille que che doe o oído dereito, para que cho mire. E mentres ela mira, mete a man no seu peto con coidado e saca a chave.

Entra a Raíña coa súa coroa.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Mírame este oído, nai.

RAÍÑA. Que tes?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Zúmbame coma se tivese unha avespa dentro.

A Raíña agóchase para mirar na orella do Príncipe.

RAÍÑA. Non vexo nada.

O rapaz, chiscando un ollo, fúrta a chave do peto.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Déixao, se hai algo, xa sairá.

Vaise a Raíña. O Príncipe Verdemar abre a porta do torreón e sae o trasno.

TRASNO. Grazas, Príncipe. Regáloche este anel. Cando o poñas, terasme ao teu lado.

PRÍNCIPE POMPÓN. Noso pai vaite castigar cando saiba que abriches a porta do torreón e liberaches o trasno.

PRÍNCIPE SÉSAMO. Vamos xogar a outra parte. Se non nos ve aquí, ninguén sospeitará de nós.

PRÍNCIPE POMPÓN. Aí vén o Rei, noso pai.

REI. Fillos, veño ensinarvos o trasno que apresei; non paraba de burlarse de min e dos meus.

Agochábase nos xardíns reais, onde o xardineiro, a quen acabo de recompensar cun título de nobreza, o pillou. Para lembrar este día mandarei gravar unha medalla.

PRIMEIRO MINISTRO. Oh, Rei! Para gañar diñeiro, mellor sería un selo de correos.

REI. (*Rascando a cabeza, pensativo.*) É verdade, non o pensara. (*Aos seus fillos.*) E convosco, meus fillos, Príncipes, quero compartir esta alegría, como pai e como Rei. Príncipe Pompón, douche o meu cabalo. Príncipe Sésamo, douche o meu manto. Príncipe Verdemar, douche a miña espada.

PRÍNCIPES. Grazas, señor.

REI. (*Ao Primeiro Ministro.*) Pídelle á Raíña a chave do torreón.

PRIMEIRO MINISTRO. Señor, a porta esta aberta.

REI. Como! Quen lle deu liberdade ao trasno?

A Señora Raíña acode chorando; ten tanto impo que a coroa lle baila na cabeza.

RAÍÑA. Roubáronme a chave! Roubáronme a chave!

REI. Cando encontre o que soltou o trasno, vai saber o que é bo.

Os reis vanse: o Rei coa cara encarnada e a Raíña co seu impo, facendo bailar a súa coroa. Os tres príncipes quedan sós.

PRÍNCIPE POMPÓN. Ti non tes dereito a ningún regalo do Rei. Cando se decate de que soltaches o trasno, hate matar con esa mesma espada.

O Príncipe Pompón engurra a fronte e mira arredor con mirada de fera. O Príncipe Sésamo fai o mesmo. Os dous miran ao seu irmán e vanse. O Príncipe Verdemar queda só suspirando.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Seguro que os meus irmáns me delatan. Meu pai enfadarase tanto que quererá matarme. Non tiña que aceptar a espada. Terei que fuxir deste palacio en que nacín. O que máis sinto é non poder bicar as mans de miña nai e dicirlle adeus... E pedirlle algún diñeiro para a viaxe!

ESCENA SEGUNDA

O Príncipe Verdemar, vagabundeando, chega a unha aldea e alí coñece a filla do rei Micomicón e namórase dela. Hospédase nunha pousada situada ao final da aldea na que coñece un bufón, que senta á súa mesa.

POUSADEIRO. Que desexan os señores?

BUFÓN. Beber e comer.

POUSADEIRO. Non es ti un dos serventes da filla do rei Micomicón?

BUFÓN. Si. Pobre señora miña!

POUSADEIRO. E logo que ten a túa señora? Casou?

BUFÓN. Hai tres días que toda a aldea está de loito por ela.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Como van estar de loito se está tan viva? (*Di namorado.*)

BUFÓN. Como se nota que non es desta aldea e non te decataches da presenza do dragón. Hai tres días que brúa ante os muros da vila, pedindo que lle sexa entregada a Señora Infanta. Os mellores e máis valentes cabaleiros enfrontáronse a el e a todos venceu.

POUSADEIRO. O dragón é un animal invencible; enfrontarse a el é unha loucura.

BUFÓN. Por iso eu, antes de me ver en semellante apuro, saín do palacio tan de présa que nin sequera me pagaron o meu soldo de todo o ano!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Tanto se enfadou a Infanta porque agora non ten quen a divirta que non che pagou?

BUFÓN. Cres que se quere divertir cun bufón quen espera morrer entre os dentes dun dragón? Non cobrei porque as arcas reais estaban baleiras.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Tan mal anda o nobre rei Micomicón?

BUFÓN. É que esa xente gástache moito!

Entra un cego.

CEGO. Onde estás, Bertoldo?

BUFÓN. Aquí, Zacarías.

CEGO. Estás só?

BUFÓN. Só cun amigo que me vai pagar a cea. Achégate.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Pousadeiro, engade un cuberto para este novo amigo.

CEGO. Grazas, cabaleiro! É vostede moi xeneroso.

BUFÓN. Este é o cego que vende as noticias no palacio do rei Micomicón.

CEGO. Que vendía, Bertoldo. Era un oficio tan malo que non che me daba nin para comer, e deixeiño.

BUFÓN. E logo por que viñeches deica a pousada?

CEGO. Entrei a descansar. Marcho da aldea.

BUFÓN. Fas ben. Eu tamén me vou.

PRÍNCIPE VERDEMAR. A este paso vai quedar baleiro o reino de Micomicón.

BUFÓN. Non esaxeres. Es un sentimental. Deime de conta desde o momento en que me invitaches a cear. Es un sentimental!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Inviteite a cear porque quero pedirche noticias da Infanta.

BUFÓN. Ves como es un sentimental? Que cres ti, Zacarías?

CEGO. Que é un sentimental!

PRÍNCIPE VERDEMAR. A ti inviteite porque nunca viches a Princesa e o que me digas dela non será pola súa beleza. (*Namorado.*) En min naceu o desexo de vencer o dragón só con vela un momento entre os loureiros do parque real.

CEGO. Din que só cunha espada de diamante se podería vencer o dragón.

BUFÓN. Pero non existen espadas desas.

Entra un famoso rufián.

BRAVO. É aquí onde se cea gratis?

Espandían vai sentarse á mesa con todos, pero o Príncipe Verdemar empúxalle a cadeira. Cae e axiña se ergue coa man no lombo.

BRAVO. Foi unha broma?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Non, señor Espandían. Só aqueles aos que eu invito poden sentar á miña mesa.

BRAVO. Ti queres que berremos!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Iso depende de ti.

Espandián tira a cadeira e levántase coa espada na man. O Príncipe Verdemar tamén agarra a súa espada. Pelexan con moito rebumbio e o Príncipe Verdemar fere a Espandián.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Xa recibiches o que mereces.

BRAVO. Desde logo, es un valente. Dáme a man, pois xa viches que che perdoei a vida.

Agora debes prestarme algún diñeiro para curarme.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Nin coa túa espada nin coas túas palabras conseguirás o meu diñeiro.

Se cres que me perdoaches a vida, podemos baternos outra vez.

BRAVO. Agora, non. Xa saberás de min.

Por outro lado.

CEGO. Volverá, non o dubides. Debes fuxir se queres seguir vivo.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Xa viches que sei defenderme coa espada.

BUFÓN. (*Óese un asubío.*) Ese é o sinal para reunir a súa xente.

POUSADEIRO. En canto saias, matarante.

PRÍNCIPE VERDEMAR. E cres que debo quedar aquí encerrado? Vou saír.

POUSADEIRO. Fai o que queiras, pero antes paga a túa conta.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Toma.

Bótalle unha bolsa chea de ouro. O pousadeiro recóllea no aire. O Príncipe vai saír, pero o Bufón ponse diante.

BUFÓN. A un cabaleiro tan xeneroso, que nos pagou a cea desta noite e que pode pagarnos a doutras, eu non lle consinto que vaia morrer coma unha res.

CEGO. Nin eu.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Deixádeme.

BUFÓN. Se queres saír, sae disfrazado.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Deixádeme, digo.

CEGO. Unha cousa é ser valente e outra ser insensato.

POUSADEIRO. Sae disfrazado, como che aconsella Bertoldo.

BUFÓN. Déixоче o meu traxe de bufón. Pero déixame a min o teu!

PRÍNCIPE VERDEMAR. De acordo! Talvez o teu traxe me axude.

POUSADEIRO. Entrade aí.

Desaparecen.

BRAVO. Eiii!

POUSADEIRO. Quen é?

BRAVO. Abre dunha vez!

POUSADEIRO. Pero, quen é? Es Espandián?

BRAVO. Por fin recoñeces a miña voz.

POUSADEIRO. Pero por que non o dis? Espera, que vou pola chave. (*E dirixíndose en voz baixa ao Príncipe Verdemar e ao Bufón.*) Bulide, vós!

Abre a porta e entra Espandián. O Príncipe Verdemar escorrégase apegado ao muro, vestido de bufón e sae.

BUFÓN. Salváchesme a vida, señor Espandián. Pouco faltou para que ese me matase coa súa espada.

Obrigoume a poñer a súa roupa para que me confundises con el e me matases. Salváchesme.

BRAVO. Non sei por que, pero non te creo. Ai de ti como sexas cómplice! Quita esa roupa e dáma.

BUFÓN. Pero... morrerei de frío. (*Espirra.*) Ves?, xa me arrefriei.

Óese fóra un pregón.

PREGOEIRO. O poderoso rei Micomicón fai saber a todos que quen mate o dragón, salvando así a vida da Señora Infanta, poderá casar con ela! O dote da Señora Infanta será a metade do seu reino.

ESCENA TERCEIRA

No xardín do palacio do rei Micomicón.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Señora Infanta!

INFANTA. Quen es?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Son un bufón.

INFANTA. Que queres, bufón?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Coñezo a túa desgraza, Señora Infanta. Xa só para ti quero axitar os meu axóuxeres, e se non consigo alegrar a rosa da túa boca, permíteme que recolla as túas bágoas no cáliz destoutra rosa. (*Ofrécelle unha rosa.*)

INFANTA. Eu tiven un bufón que me abandonou hai pouco. Pero non se parecía a ti.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Queres que sexa eu agora o teu bufón? Os meus axóuxeres nunca te molestarán.

INFANTA. Pero sería por pouco tempo.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Pouco?

INFANTA. Esta rosa pode durar máis tempo nas túas mans. Hoxe debo morrer para salvar o meu reino, que foi ameazado polo dragón!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Conservarei a rosa deica mañá.

INFANTA. Meu Bufón, prométeme que irás esfollala sobre a miña sepultura. (*Vaise a Infanta.*)

PRÍNCIPE VERDEMAR. Ti non morrerás, Infanta.

O Príncipe míraa afastarse, como perdida ou encantada.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Princesa dos meus soños, triunfarei contra o dragón ou morrerei!

Óese a voz do trasno.

TRASNO. Dáme liberdade,
pombiña real!
Pombiña que voas cara ao alto,
sen medo do gabián!

PRÍNCIPE VERDEMAR. É a voz do trasno! Voulle pedir. Aínda conservo o anel que me deixou cando lle abrín a porta do torreón.

TRASNO. Aquí estou, Príncipe. Que desexas?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Desexo triunfar na miña loita contra o dragón.

TRASNO. Ven comigo. Terás a espada de diamante.

ESCENA CUARTA

O mestre de cerimoniais e a Duquesa acompañan a Señora Infanta a un bosque de mil anos no reino do Rei de Micomicón.

INFANTA. Deixádeme aquí!

MESTRE DE CERIMONIAS. Imposible, Señora Infanta!

INFANTA. Non ves que non podo máis!

MESTRE DE CERIMONIAS. Pero Señora Infanta! Debe ser entregada ao dragón na Fonte dos ananos! Non podemos romper unha tradición tan antiga!

DUQUESA. Estou pensando en darlle a razón á miña Señora Infanta. Se o dragón é o amo do bosque, que pode importarlle que a Señora Infanta lle sexa entregada na Fonte dos ananos ou noutro lugar?

MESTRE DE CERIMONIAS. Non o podo crer, Duquesa, que queirades romper a tradición!

INFANTA. Non podo andar máis! Aquí sento e de aquí non me movo.

MESTRE DE CERIMONIAS. Pero... que fai, Señora Infanta?

INFANTA. Descansar ao meu gusto, señor Mestre de cerimoniais.

MESTRE DE CERIMONIAS. Que lle diremos ao Rei? Que desculpa lle daremos?

INFANTA. Lévalle os meus zapatos e dille que me mancaban tanto que non podía andar con eles.

DUQUESA. Boa idea! Fai o que che di a Señora Infanta. Ai! Se puidese morrer por ti!

INFANTA. Adeus, Duquesa! Dille ao Rei, meu pai, que morro contenta porque salvo o seu reino.

MESTRE DE CERIMONIAS. Non me garde rancor, Señora Infanta.

INFANTA. De ningunha maneira; aínda que agora me mortificaches, nunca esqueceréi que de nena me divertiches ensinándome a bailar.

DUQUESA. Adeus, miña nena adorada!

INFANTA. Adeus!

Vanse falando o Mestre de cerimoniais e a Duquesa.

MESTRE DE CERIMONIAS. Vamos, Duquesa, que se se nos fai de noite no bosque, non saberemos saír.

DUQUESA. E logo hai lobos?

MESTRE DE CERIMONIAS. Sempre hai lobos nos bosques!

DUQUESA. E non levas armas!

MESTRE DE CERIMONIAS. Levo o Discurso da coroa. Non sabe que os lobos se espantan coa música?

A Infanta queda soa no bosque, sentada ao pé dunha árbore. Máis tarde aparece o rei Micomicón, coa melena ao vento.

REI MICOMICÓN. Filla! Por fin atópote!

INFANTA. Que fas aquí, pai?

REI MICOMICÓN. Saín do palacio disfrazado. Veño para salvarte. Cerca de aquí espérame o teu paxe, cun cabalo.

INFANTA. Non teño zapatos, meu pai.

REI MICOMICÓN. Oh! Que nena tola! Levareite no colo.

INFANTA. A onde?

REI MICOMICÓN. A unha terra afastada e feliz onde non haxa monstros. Para salvarte, renuncio á miña coroa.

INFANTA. E todo o teu reino será abrasado polos ollos do dragón. Non, meu pai!
Deixa que se cumpra o meu destino!

REI MICOMICÓN. Que final tan triste para o meu reinado!

INFANTA. Volve ao palacio! Fai feliz o teu pobo.

REI MICOMICÓN. Adeus, miña filla, Branca Flor!

INFANTA. Adeus, meu pai!

Afástase o Rei polo bosque. Despois, aparece o Príncipe Verdemar cunha armadura resplandecente.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Princesa dos meus soños, estou namorado de ti e veño de moi lonxe para vencer o dragón.

INFANTA. O dragón é invencible, nobre cabaleiro.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Conformareime con terte defendido. Aquí está o dragón!

Óese o voo do dragón.

INFANTA. Fuxide. Non quero que tan xeneroso cabaleiro morra por min.

PRÍNCIPE VERDEMAR. O teu destino e mais o meu é un mesmo destino.

O Príncipe pelexa co dragón e dálle morte.

INFANTA. Quen es que posúes a espada de diamante? Agora a miña vida perténcete, valoroso guerreiro. Lévame con meu pai e a metade do meu reino será teu.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Só podo levarte deica as portas do reino.

INFANTA. Prométeme polo menos que te volverei ver.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Prométocho.

ESCENA QUINTA

Nos xardíns reais.

DUQUESA. Se xa me vestira de loito. E dis, miña nena, que era un fermoso cabaleiro?

INFANTA. Máis fermoso ca o sol.

DUQUESA. Por que non veu pola recompensa? Seguro que non sabe que ao vencedor se lle concederá a túa man.

INFANTA. Seguro que non me quere!

DUQUESA. É imposible que non te queira se te viu. (*Nega coa cabeza.*) Por certo, vou quitar esta roupa. Vestireime de vermello.

O Príncipe Verdemar, con traxe de bufón, saídaas facendo un pinchacarneiro. A Duquesa fai ademán de rexeitar o bufón. O Príncipe Verdemar faille unha carantoña. Despois suspira contemplando a Infanta.

INFANTA. Chegas a tempo de divertirme, bufón.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Estás triste, miña Señora? Que tes?

INFANTA. Non estou triste. Só teño recordos que quero esquecer.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Esqueciches con que palabras me deches esta rosa?

INFANTA. É verdade! Ti fuches o único que acendeu o meu corazón cunha esperanza, asegurándome que non sería vítima do dragón. Como podías sabelo?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Pregunteillo a unha margarida esfolándoa.

INFANTA. E logo non lle preguntaches se un día volverá o meu fermoso cabaleiro?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Preguntei.

INFANTA. E que dixo?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Que vai volver.

Aparece o Rei Micomicón.

REI MICOMICÓN. Miña filla, Branca Flor! Acaban de dicirme que chegou o cabaleiro que venceu o dragón.

INFANTA. Trémeme o corazón!

PRÍNCIPE VERDEMAR. A tarde que ías morrer dixéchesme que me habías dar unha rosa se volvías ao teu xardín.

INFANTA. Heicha dar outro día.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Ai, Señora! Que pronto esqueces!

MESTRE DE CERIMONIAS. Señora Infanta! Pide permiso para saudala o cabaleiro máis poderoso, o da espada de diamante, o que matou o dragón.

Aparece Espandián.

BRAVO. (*Bicándolle as mans.*) Filla do Rei.

INFANTA. Onde está o teu señor?

BRAVO. Nunca tiven señor.

INFANTA. Onde está entón o valente cabaleiro ao que debo a vida, e de quen, supoño, traes algunha mensaxe.

BRAVO. Eu son ese cabaleiro.

INFANTA. Pero se era un fermoso cabaleiro!

BRAVO. E logo eu non che parezo guapo?

INFANTA. Ti es un impostor! Pai, que o azouten.

REI MICOMICÓN. Se é verdade o que dis, mandareite azoutar.

BRAVO. Rei Micomicón, demostrareiche que eu son ese cabaleiro. É normal que a túa filla non me recoñeza, pois nese momento non paraba de chorar, coma agora.

REI MICOMICÓN. Seca os teus ollos, miña filla, e mírao ben.

INFANTA. Non é el.

REI MICOMICÓN. É a súa voz, polo menos?

INFANTA. A súa voz era música!

BRAVO. Como agora estou rouco, non a recoñece.

REI MICOMICÓN. Como podes demostrar que es ti quen matou o dragón?

BRAVO. Ensinareiche a cabeza do dragón.

REI MICOMICÓN. Onde está?

BRAVO. Gárdana os meus criados, que agardan na porta do palacio.

REI MICOMICÓN. Que veñan inmediatamente!

Preséntanse catro bandoleiros coa cabeza do dragón entre unhas ramas.

REI MICOMICÓN. Miña filla, pide perdón a este cabaleiro por dubidar del e ofrécelle a túa man.

INFANTA. Xamais! É un impostor! Que o azouten.

Aparece Bertoldo, o antigo bufón da Señora.

BUFÓN. Debes saber, Rei, que este home me roubou!

REI MICOMICÓN. Silencio! Que fas ti aquí, agora?

INFANTA. Déixao falar, pai.

BUFÓN. O señor que buscas cambiou o seu traxe de cabaleiro polo meu de bufón.

E este ladrón rouboumo!

REI MICOMICÓN. Este é o prometido da túa Señora Infanta Branca Flor. Pídelle perdón!

BUFÓN. Prometido da miña señora? Pero se é Espandián, un ladrón!

REI MICOMICÓN. Ti es Espandián?

BRAVO. Señor, eu son Espandián.

REI MICOMICÓN. Pero se te busca a xustiza!

BRAVO. Señor, creo que me salvei coa cabeza do dragón.

REI MICOMICÓN. E cres que podes casar coa miña filla?

BRAVO. Rei, eu só creo na túa palabra.

REI MICOMICÓN. Que dis, miña filla?

INFANTA. Pai, morrerei, porque non o quero e porque estou segura de que é un impostor.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Infanta Branca Flor, tes razón ao pensar que ese home é un impostor!

INFANTA. Velo, pai?

BRAVO. Quen o afirma?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Eu! E afirmo tamén que esa cabeza non ten lingua.

REI MICOMICÓN. Ti sábelo?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Podes velo ti mesmo. (*Abre a boca do dragón.*)

REI MICOMICÓN. Ábrelle a boca. Ah!... Non ten lingua!

PRÍNCIPE VERDEMAR. Pero tívoa. Velaquí está.

REI MICOMICÓN. Que queres dicir?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Que eu son quen matou o dragón.

INFANTA. Por iso a túa voz encantaba o meu oído, e a túa mirada facía latexar o meu corazón!

Agora recoñézote!

REI MICOMICÓN. Miña filla, poderías ser a esposa dun ladrón, pois é posible que veña dunha nobre liñaxe, pero nunca poderás ser a esposa dun bufón.

INFANTA. Pai, déixame casar co que amo!

REI MICOMICÓN. Un bufón non pode formar parte da familia real.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Pero un Príncipe si. Eu son Verdemar, fillo do teu amigo o rei Magucián. Mira, señor, teño no peito a flor de lis, distintivo de todos os Príncipes do meu sangue.

REI MICOMICÓN. Oh, Príncipe Verdemar! Ti reinarás no meu reino coa Infanta.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Princesa, miña Señora, estás en débeda co teu bufón. Débesme unha rosa.

INFANTA. Heiche dar todas as rosas da roseira.

PRÍNCIPE VERDEMAR. E deixarasme bicar as túas mans.

REI MICOMICÓN. Que Espandián sexa atado ao tronco dunha árbore, ata que veña o verdugo.

INFANTA. Perdóao, pai!

REI MICOMICÓN. Atendendo ao que pide a miña filla moi amada, perdóoche a vida.

ESCENA ÚLTIMA

Na sala de banquetes do palacio do rei Micomicón.

BUFÓN. Xa estás de volta na aldea, Zacarías?

CEGO. Estou! E ti tamén, Bertoldo!

BUFÓN. No cortexo da voda teño que pisarlle a cola á Duquesa.

Vanse o Cego e o Bufón. Aparecen falando o Príncipe Verdemar e o trasno.

TRASNO. O rei Micomicón, teu sogro, convidou ao teu pai, o rei Magucián?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Creo que si.

TRASNO. Ti non o viches?

PRÍNCIPE VERDEMAR. Non. Pero pareceume que era un que roncaba durante a cerimonia.

TRASNO. Eu desexo servilo no banquete.

PRÍNCIPE VERDEMAR. Pois servíralo. Mira, xa está aquí todo o cortexo.

De súpeto o trasno faise invisible. Aparece o cortexo de vodas. O Príncipe Verdemar e a Señora Infanta, collidos da man, van poñerse de xeonllos na presenza dos dous reis. As súas voces levántanse irmandadas.

PRÍNCIPE VERDEMAR E INFANTA. Bendicídenos!

REIS. Que os altos ceos tamén vos bendigan e as nosas dinastías duren polos séculos dos séculos!

FIN

Preparación da función *A cabeza do dragón*

Antes da función

Na aula, antes da preparación da obra, o profesor pode propoñer as seguintes actividades:

- Preguntarlles aos alumnos:
 - Que che suxire o título da obra?
 - Que historia cres que se vai contar?
 - Que tipo de libros cres que falan de dragóns?
 - Que outros personaxes aparecen neses libros ademais dos dragóns?
 - Como son estes personaxes?
 - En que lugar imaxinas que se desenvolve a acción?
 - Como se expresan os personaxes destes libros?
 - Podes resumir algún libro ou película en que interveña un dragón?
- Pedirlles aos alumnos que debuxen os vestidos dos personaxes que describiron, e as paisaxes e os edificios en que cren que poden vivir.
- Debuxar cabezas de dragón para elixir unha que se poida confeccionar con cartolina.

Todas as respostas e suxestións dos alumnos deben ser anotadas nunha «Carpeta de Teatro»; nela tamén se gardarán todos os debuxos realizados polos alumnos sobre a ambientación, paisaxes, vestiario, etc. A esta carpeta poden acceder os alumnos e o profesor á hora de preparar a obra de teatro e rescatar ideas sobre vocabulario, vestiario ou escenario.

A función

Repartición de papeis

Son bastantes os personaxes desta obra, o que permite que un número considerable de alumnos participe na representación.

Para que os alumnos que vaian actuar preparen os seus personaxes, danse unha serie de adxectivos que describen o seu carácter.

- A **Señora Infanta** é obediente, valente, forte e resolta.
- O **Príncipe Verdemar** é desobediente, pero tamén valente, cumpridor e xeneroso.
- O **trasno** é traveso, agradecido e enxeñoso.
- Os **príncipes Sésamo** e **Pompón** son mentireiros, acusóns, arrogantes, covardes e presumidos.
- O **rei Magucián** é duro, arrogante e rabudo, pero non malvado.
- A **Raiña** é distraída e boa nai; resulta graciosa porque é esaxeradamente despistada.
- O **Primeiro Ministro** é un aduldador, serio e aproveitado.
- O **Pousadeiro** é bo coma o pan e tranquilo, con ganas de participar, pero sen implicarse.
- O **Bufón** (*Bertoldo*) é divertido, covarde, farfallán e esaxerado.
- O **Cego** (*Zacarías*) é intelixente e, a pesar de ser cego, ve máis alá ca moitos que poden ver.

- O **Bravo** (*Espandián*) é malo, covarde e ladrón (tamén esaxerado).
- O **Pregoeiro** deberá de ter a voz potente e harmoniosa.
- O **rei Micomicón** é xusto, amable, bo pai, capaz de facer calquera cousa pola súa filla.
- O **Mestre de cerimonias** é requintado, adulator e estrito.
- A **Duquesa** é amable, algo atolada e tolerante.

Vestuario

O vestuario deberá situar a acción nun escenario medieval de príncipes, princesas e dragóns. Terase tamén en conta a ambientación suxerida polos alumnos.

A Señora Infanta

Vestido claro e vaporoso con escote cadrado ou barco e manga longa acampanada. Como zapatos poden usarse unhas bailarinas.

O Príncipe Verdemar, o Príncipe Sésamo e o Príncipe Pompón

Levan casacas de diferente cor por encima dos xeonllos. Debaixo camiseta de manga longa e calzas da mesma cor e diferente á da casaca. A casaca pode ir decorada con algún motivo (algo inventado polos alumnos). O Príncipe Verdemar nun momento da obra ten que ensinar unha flor de lis no peito para demostrar quen é. Poden levar unhas botas altas.

O trasno

Camiseta axustada de cor verde. Pantalón curto da mesma cor ca a camiseta. Calzas de raias verdes con outra cor (raias horizontais). Gorro redondo ou en pico, con cintas longas, tamén verdes. Barba branca longa e barriga pequena e redonda.

O gran rei Magucían e o rei Micomicón

Visten coma os príncipes, pero eles con capa e coroa. O rei Micomicón debe levar melena.

Señora Raiña

Vestido principesco con mangas acampanadas; deberá levar un peto onde garde a chave do torreón. Leva capa e coroa.

Primeiro Ministro

Casaca longa e botas. Vestuario menos pomposo ca o do rei e os príncipes.

Pousadeiro

Camisa branca con cordóns e pantalón marrón. Zapatillas de esparto.

Bufón (Bertoldo)

Camiseta de raias verticais de dúas cores e mallas a xogo, cunha saia curta encima. No pescozo unha especie de babeiro con picos e en cada pico un cascabel, tamén nos pulsos e nos nocellos e na faldra. Sombreiro de tres picos con axóuxere ao final de cada pico.

Cego (Zacarías)

Camiseta marrón con mangas sen rematar para que parezan farrapos. Pantalón por encima do nocello tamén sen rematar. En vez de cinto levará un cordón. Zapatillas esfiañadas.

Bravo (Espandián)

Camisa branca de cordóns e cinto de fibela con espada, mallas e botas altas. Pode levar bigote e perilla fina e longa.

Pregoeiro

Camisa clara e casaca marrón xusta ata a cadeira. Pantalón marrón por debaixo do xeonllo. Medias cor crema.

Mestre de cerimonia

Casaca negra por enriba do xeonllo e calzas. Encima da casaca un chaleco con bordados.

Duquesa

Vestido luxoso con manga acampanada e puntillas.

Decorado e obxectos necesarios

Escena primeira

Esta escena desenvólvese no patio de armas dun palacio. Para preparala pódense utilizar dous biombos seguidos e cubertos cunha tea pintada coma se fose o muro de castelo. O trasno colocarase detrás cunha escaleira da que poderá subir e baixar para as súas aparicións.

Se non hai biombos, pódese colocar unha tea pintada que simule o muro ou as ameas dun castelo; pódese colgar como tear ou no pano traseiro do escenario.

Escena segunda

Para a pousada déixase a caixa negra do teatro (escenario con teas negras ou brancas, sen máis) e repártense polo escenario mesas e cadeiras de madeira (ou as que teñan á man cubertas con mantel de cadros ou con tea vermella para darlle vistosidade á escena).

Escena terceira

Desenvolverase no corredor que queda á vista do público ao cerrar o pano, con el botado para que poidan ir recollendo en silencio a escena anterior. Sen escenografía.

Escena cuarta

Un bosque con árbores e ambiente fantasmagórico: árbores sen follas, só co tronco e as pólas de cor gris mármore. Os alumnos poden facer as pólas das árbores con cartolina de cor gris e pódense suxeitar cun pé de galo feito de madeira; tamén poden repartir algunhas follas secas polo escenario e confeccionar algunhas pedras de cartón. Se non hai posibilidade de facer árbores, deixaríase a caixa negra e poñeríase algunha pedra. A Infanta senta ao pé dunha árbore nun momento da obra; débese colocar unha caixa ou algo parecido cuberta con ramallos ou con cartón para simular unha pedra.

Escena quinta

Para o xardín real, dispoñeranse varios bancos (tres cadeiras unidas e cubertas cunha tea marrón ou verde poden ser un banco) formando un semicírculo cubertos de tea branca (se é posible, con bordados ou con tea dourada que simule o bordado). Colocar flores polo banco (poden ser de verdade ou confeccionadas polos propios alumnos con papel pinocchio).

Escena última

Colocar unha mesa rectangular cuberta con mantel ou tea branca adornada para a voda con grilandas de flores, copas, pratos, cubertos, etc. Realizar un arco ou varios con calquera material flexible (un cable, por exemplo) e rodealo de flores de papel confeccionadas polos alumnos.

Se se utilizaron motivos para as casacas dos reis e dos príncipes (flor de lis ou outros inventados), colocar os dous motivos diferentes no mantel da mesa significando non só a voda, senón a unión das familias.

Despois da función

- Formular as seguintes preguntas para que os alumnos reflexionen:

A desobediencia:

- Pareceche que o Rei ten boas razóns para encarcerar o trasto?
- Neste caso, que che parece máis importante: que o Príncipe Verdemar obedezca a seu pai ou que cumpra a palabra que lle dá ao trasto?
- O Príncipe Verdemar ao final desobedece a seu pai para cumprir a súa palabra. Que farías ti?

A aventura:

- Consideras que esta obra de teatro narra unha aventura? Quen é o protagonista desta?
- Cres que aínda se poden vivir aventuras coma as de antes?
- Que persoas imaxinas que son os aventureiros actuais?
- Gustaríache ser un aventureiro ou prefires ler as aventuras doutros?

O heroísmo:

- Coidas que o Príncipe Verdemar é un heroe? Por que?
- Hai heroes non século XXI?
- Como son os heroes agora?
- Poderías mencionar algunha persoa que ti consideres que é un heroe ou unha heroína?

- Realizar unha crítica construtiva da obra.

- Que é o que máis e o que menos che gustou da obra?
- Que cambiarías?
- Que personaxe che gustaría interpretar? Por que?
- Que personaxe te fixo rir máis? Que fixo o actor para conseguilo?
- Que personaxe che desagrada máis? Que fixo o actor para conseguilo?
- Con que personaxe te identificas máis? Coincide co que che gustaría interpretar?
- Ocorríntese cousas para melloralos despois de ver a obra? Menciona o que cambiarías de cada escenario.
- Como interviñeches ti na obra?
- Gustaríache participar doutra maneira? Como?

O regalo da bruxa,

Ana M.^a Fernández

(Adaptación)

Personaxes		
GARATUXA	GRAN	LABREGOS
CORVO	OVO	NUBE
RELOXO	FLOR	BONECO
GATO	FLORES	MADALENA
FLOR	SOL	

ESCENA PRIMEIRA

Na casa de Garatuxa todo parece estar fóra do sitio. Atopámonos no cuarto de traballo da bruxa. No medio vese un reloxo de parede grandísimo. Tamén hai dúas mesas con moreas de libros vellos, potas e cacharros. Polas paredes calendarios, rótulos con ensalmos e cantas cousas se poidan imaxinar. Entra Garatuxa moi contenta e ponse a mirar cara ao reloxo e a falar con el.

GARATUXA. Sempre co tictac, tictac... (*Móvese imitando o péndulo.*) Xa me tes farta! Hai tempo que che estou estudando as fórmulas das miñas bisavoaas. Ha, ha, ha! Non me mires con ese ollo redondo, que non tes nada que facer ante os meus espectaculares poderes! Vas quedar caladiño para sempre... Oíches? Para sempre!

CORVO. Que di esta muller? Que dirá esta toliña?

GARATUXA. Eh? Quen anda falando? Fuches ti, condenado carbón con plumas?

CORVO. Como ía dicir eu nada! Non sabes que ando con catarreira e estou rouco?

GARATUXA. Pois agora ben que te explicas! Máis che vale ficar caladiño! Nesta casa só se pode sentir a miña voz. Téñolle que comunicar ao mundo algo que me fará famosa. A máis famosa e a máis guapa de entre todas as bruxas.

CORVO. (*En voz baixa.*) Guapa? Teño oído cousas raras, pero abofé que esta ben lle gaña a todas. (*Falando co público.*) Non pensades vós igual ca min?

GARATUXA. Raios e tronos! Cala! Como alguén ouse romper o silencio, vouno converter nun rato ou nunha formiga. (*Ponse moi contenta a ler nun libro grande ao tempo que remexe nun enorme cullerón dentro dunha pota.*)

Pirixel amarelo

machucado con martelo;

de cágado unha patiña

para trocar a rosa en espiña,

dúas ás de sapo miñoqueiro

para voar tranquilos polo mundo enteiro

e unha escama de galiña choca

para pillar o peixe pola boca.

RELOXO. (*Soan as badaladas do reloxo.*) Dan! Dan! Dan!... (*Doce veces.*)

A bruxa tapa os oídos, berra e quéixase do corazón ao oír as badaladas. Desespérase, mira na pota e comeza a saír unha gran fumeira.

GARATUXA. Por todos os raios xuntos no mar! Que fixeches desgraciado? Non podías atrasar un pouco por esta vez? Xa me amolaches o invento! Que poderei eu facer para que non deas as horas. Acabarei dádoche cun mazo neste estúpido ollo de vidro.

CORVO. Por que non acabas con el desa maneira en vez de buscar fórmulas raras?

GARATUXA. Ganas non me faltan; pero non podo facer iso, foi un regalo de Madalena, a madriña das bruxas, e se chegara aos oídos dela, converteríame nunha noxenta margarida, desas que chucharán os abellóns. Que desgraza a miña!

CORVO. Podes converter o reloxo en sapo ou nunha formiga... Xa que che gustan tanto esas cousas!

GARATUXA. Non sei como te teño de axudante, grilo con ás! Ti non ves que o regalo da nosa madriña ten que quedar sempre coa mesma forma, se non pode chegar aos seus oídos! Deixa de dicir parvadas!

CORVO. Esta ben! Está ben! Tes razón! (*Falando para si.*) O que eu non sei é para que quere esta xubilar o reloxo. É o único que funciona ben nesta santa casa.

GARATUXA. (*Pensativa.*) Agora que recordo... A amiga Meluxa garda un duplicado destes ingredientes. (*Toda contenta.*) Viva o meu proxecto! (*Desaparece por unha porta do escenario.*)

CORVO. (*Dirixíndose ao reloxo.*) Esta miña dona está mal do curuto, entendes?

RELOXO. E como non vou entender!

CORVO. (*Dando un salto de admiración.*) Pero ti es capaz de falar coma nós?

RELOXO. Xa o estás vendo. Teño calidades especiais porque a bruxa Madalena fai as cousas ben feitas; non coma outras que eu coñezo...

CORVO. Por se acaso non te pases de listo; non vaia ser que a miña dona te amole con algunha das súas fórmulas secretas.

RELOXO. Non poderá contra min.

CORVO. Está ben. Eu aquí estou de espectador e non penso facer outra cousa.

A conversa entre os dous córtase de súpeto porque volve entrar Garatuxa cunha bolsa chea.

GARATUXA. La-la-lará! Menos mal que Meluxa aínda non os gastara! Vounos colocar con coidadiño por riba da mesa. (*Coloca os ingredientes amodiño e volve falar cara ao reloxo.*) Don reloxo perfecto! Vou esperar a que cantes as doce e media para comezar o meu traballo. Esta vez non me vas pillar, espantallo con números.

CORVO. A miña dona estase pasando; se soubese o fina que é esta máquina.

GARATUXA. Silencio, paxaro esfameado, ou métote a ti tamén na pota. Xa hai moito que non se levan os corvos nas casas das bruxas modernas. Despois deste experimento debo pensar o que vou facer contigo.

CORVO. (*Dirixíndose ao público.*) Que mal xenio ten! Pobre de min se caio en desgraza!

A bruxa volve concentrarse nas beberaxes cando o reloxo comeza coa música para dar as badaladas das doce e media.

GARATUXA. Pirixel amarelo
machucado con martelo;
de cágado unha patiña
para trocar a rosa en espiña,
dúas ás de sapo miñoqueiro
para voar tranquilos polo mundo enteiro
e unha escama de galiña choca
para pillar o peixe pola boca.
Desta vez parece que me safu. (*Dirixíndose ao reloxo.*) A ver, fala agora, xirafa sen dentes;
antes de que te faga calar para sempre! (*Dándolle patadas.*) Fala, fala! (*O reloxo dá a badalada.*)
Moi ben amiguiño, despídete dos teus absurdos ruídos.

A bruxa colle o bebedizo que preparou, abre o reloxo e mete unha cunca dentro del; óense estraños ruídos coma se reloxo tusise. As agullas deixan de moverse.

GARATUXA. Funciona! Funciona! Son única! Irrepetible! Alucinante! Xenial!

CORVO. Tola!

GARATUXA. Dixeches «tola», rato con plumas? Vaste acordar desta. Xa me ocuparei de ti, agora teño que pregoar o meu invento. O tempo quedou atrapado na maldita caixa do reloxo.
O tempo non existe. Agora non me farei vella! (*Sae montada nunha bicicleta vella.*)

CORVO. (*Indo cara ao reloxo.*) Ei, ti! Pódesme oír? Vaia máquina perfecta! Cun caldiño de verzas quedou desfeita! O que me preocupa é que farán a bruxa Madalena por un lado e a miña dona por outro. Non quixera ver as miñas plumas no medio delas.

ESCENA SEGUNDA

O mesmo decorado. O corvo, algo nervioso, dá voltas polo cuarto. O reloxo parado.

CORVO. Que lata! Estou farto de ver sempre as mesmas cousas. Polo menos antes podía oír a música do reloxo e mais ver pasar os días e as noites; pero agora... que noxo de vida.

Ábrese a porta amodiño e entra o gato.

CORVO. Unha visita! Pasa, que a dona foi dar unha voltiña na bicicleta.

GATO. Que sorte que non estea. Ultimamente non se lle pode dirixir a palabra. Pensa que é a raíña das bruxas.

CORVO. Non me fales do asunto. Desde que atrapou o tempo no reloxo non hai quen a ature.
A min tenme traballando deseguido e, como non pasa o tempo, nunca chega a noite para descansar.

GATO. Pois eu tamén che teño problema co conto de non pasar o tempo. Todos os gatos esperamos o día da mata do porco para fartarnos, pois os ratos acábansenos...
Non chega o día da mata... non chega o día de abrir a veda do peixe fresco...

CORVO. Tes razón... Tampouco chegará a colleita do trigo e do millo. Tamén a min me esperan días malos.

Petan na porta, o corvo e o gato asústanse pensando que será a bruxa; pero alégranse ao ver aparecer un ovo da man dunha flor e dun gran de millo.

CORVO. Que vos trae por aquí?

OVO, FLOR E GRAN. Queremos protestar!!!

CORVO. Protestade, pero falando cada un ao seu tempo, se non, calquera vos entende...

OVO. Tes razón. Pois vou falar eu, que por algo tiven a idea de vir. O noso problema é que non sabemos o que vai ser de nós. Nunca chegarei a ser un galo cantador... coa vocación que teño!

FLOR. Nin eu chegarei a ser unha mazá redonda e encarnada.

GRAN. Nin eu chegarei a botar espigas.

CORVO. Tráxico, tráxico! Sobre todo polo granciño de millo que me podería encher o bandullo cunha boa farta.

OVO. Egoísta!

GATO. Acabouse! Aquí todos temos o mesmo problema; debemos tentar que Garatuxa entre en razón.

CORVO. Eu teño unha idea. (*Falando misteriosamente.*) Mirade, o reloxo detivo o tempo, porque Garatuxa lle meteu á caixa unha fórmula máxica. Se nós lográsemos abri-lo e sacarlle a cunca do bebedizo, o tempo andaría coma antes.

GRAN. Grande idea!

OVO. Pois a min paréceme unha parvada. Sabendo como é Garatuxa, intentará unha fórmula máis poderosa para acabar con todos nós.

GATO. Eu non quero que me converta en rato!

CORVO. Que pesimismo! Por que pensar que todo vai saír mal? Ademais, podemos avisar a Madalena para que lle veña facer unha visita.

GATO. Coido que tes razón. Será mellor destruír a fórmula antes de que volva Garatuxa.

CORVO. Un momento, hai que facer ben as cousas cando hai un maleficio polo medio.

O corvo diríxese a unha arca, escolle un sombreiro de pico e mais roupa de Garatuxa e disfrázase con moito cerimonial

CORVO. Que vos parezo?

GATO. Unha garatuxa ananiña!

CORVO. Menos graza. Axudádeme a abrir a caixa.

Buscan un ferro para meterlo de panca. Ábrese a tapa e sae de dentro un fume que os fai tusir. O reloxo tamén tose e as agullas empezan a dar voltas.

TODOS. Conseguímolos!

CORVO. O peor vai ser cando veña a ama!

FLOR. Teño unha idea. Podémoste deixar amarrado e non pensará que tiveches nada que ver cos ladróns da súa fórmula.

Óese un estraño ruído dentro do reloxo e este empeza a abrir a boca e moverse polo cuarto.

RELOXO. Ai, miña cabeciña! Que maliño estou!

TODOS. Un reloxo que anda e fala!

RELOXO. Eu son un reloxo especial!

TODOS. Un reloxo máxico!

RELOXO. Si, si, máxico. Madalena fíxome moi feitiño. Estiven ben tranquilo ata que esa maldita bruxa me deu un alcatreante xarope. Menos mal que chegastes. Tédesme que axudar a escapar.

CORVO. Eh! eh! Vai amodo. Ti quedas aí!

RELOXO. Imposible. Cando volva a bruxa vains enfeitizar a todos. Así que abrídeme a porta, que quero que a primavera e o verán cheguen a tempo.

GATO. Tes razón!

Atan o corvo a unha cadeira. Tápanlle os ollos e amárranlle o peteiro. Despídense e marchan. Ao pouco entra Garatuxa.

GARATUXA. *(Mirando arredor asombrada.)* Ai! Que pasou aquí, que ven os meus ollos *(Dirixíndose ao corvo.)* Meu pobre! *(Desátao con coidado.)* Agora vasmе explicar o que pasou nesta casa.

CORVO. *(Facéndose o doente.)* Ai, que maliño estou! Dóeme todo!

GARATUXA. *(Impaciente.)* Anda, anda, déixate de nifrar.

CORVO. Pois, ben pensado, nada che podо dicir. Todo o tempo estiven cos ollos tapados.

GARATUXA. *(Impaciente e enfadada.)* Supoño que os verías antes de te ataren.

CORVO. Ai, que pena, non vin nadiña porque estaba botando unha sesta. Serían oito ou nove.

Chaman á porta. A bruxa abre e aparece o gato con cara de bo e unha carta. Ábrea e, despois de lela, senta impresionada. O gato marcha. O corvo non sabe que pensar.

GARATUXA. O que me faltaba. Non se lle ocorre á Madalena facerme unha visita. Que vai dicir cando non vexa o reloxo. Pobre de min!

CORVO. *(Con voz queixosa.)* Por que non o vas buscar. Se chega Madalena eu xa lle contarei calquera cousa.

GARATUXA. *(Mirando pensativa cara ao corvo.)* Por esta vez tes razón. Xa verás como atopo ese condenado. *(Sae e bate forte coa porta.)*

CORVO. *(Sentado na cadeira.)* Que alivio! Non lle vexo fin a este enredo. Quen me dera estar cos corvos no monte.

ESCENA TERCEIRA

No escenario catro casas con cadanseu letreiro das estacións do ano. Aparece Garatuxa na súa bicicleta. Chama na porta que pon primavera e ábrelle unha flor.

FLOR. Ola, bos e primaverais días, vella amiga!

GARATUXA. Ola. Eu son Garatuxa e non teño nada de vella, as meigas somos sempre iguais, magníficas.

FLOR. Unha meiga. Unha meiga! Amigas, vide vela! *(Sae unha nube de flores pola porta e arrodean a bruxa.)*

GARATUXA. Alto, alto! *(Entre asustada e presumida.)* Ando á busca do meu reloxo de parede.

FLOR. Pois nosoutras non che sabemos nada del.

GARATUXA. *(Intranquila.)* Vaia, deixádesme mirar?

FLOR. Pasa, pasa. *(Entra e sae cun ramo de flores.)*

GARATUXA. Que mala sorte! No canto do reloxo traio estas cheirentas flores que me dan alerxia. Vou mirar naqueloutra porta. *(Peta e ábrelle un enorme sol.)*

SOL. Que queres?

GARATUXA. Mira, eu son Garatuxa e..

SOL. Estupendo! (*Chócalle a man con forza.*) Estarás desexando comezar o traballo. Non é?

GARATUXA. (*Asombrada.*) Que... traba...?

SOL. Aquí tedes unha voluntaria... (*Saen un home e unha muller cun traxe de faena e desaparecen con ela. Pouco despois volve aparecer con aire de cansazo.*)

GARATUXA. Esta xente debeu tolear! Levarme a min a apañar herba! Vou entrar na casa a ver se está acochado por algures o demo do reloxo.

Entra. Ao pouco volve saír despedíndose. Agora trae de regalo unha manchea de espigas.

GARATUXA. Que día! Xa ha estar Madalena farta de esperar.

Chama na porta do outono e un aire tolo abre e tira con ela ao chan.

AIRE. Ola! Mancouse?

GARATUXA. Non te arrimes a min! Ando buscando un reloxo que é un recordo de familia.

AIRE. E que ía facer aquí un reloxo?

GARATUXA. Déixame mirar, que ao mellor está acochado en calquera sitio.

AIRE. Mira canto queiras.

Entra a bruxa decidida e aparece decontado cunha cesta de castañas e noces.

GARATUXA. (*Con cara de esgotamento.*) En todos os sitios me dan regalos, pero non me interesa ningún... Onde estará o meu reloxo? Vou mirar nesa última casa.

Despois de petar na casa do inverno, sae un boneco de neve.

NEVE. Ola! Chegas pouco abrigada. Toma, douche a miña bufanda. (*O boneco ponlle á bruxa a bufanda antes de que esta reaccione.*)

GARATUXA. Mira, boneco, non teño frío, pero si gana de atopar o que perdín. Un reloxo de parede así de grande. Déixamo buscar dentro.

NEVE. Pasa, pasa. Eu recibo ben os convidados. Teño pedras de xeo e limoada.

Garatuxa entra e non tarda en saír cuberta de neve e cun colar de chourizos ao pescozo.

GARATUXA. Marcho, que non quero pillar unha pulmonía. Esperarei na casa a que chegue Madalena. Xa se me ocorrerá algo.

ESCENA CUARTA

No mesmo decorado do primeiro acto aparece o corvo impaciente paseando polo cuarto. Chaman á porta e o paxaro bota as ás a cabeza pensando que será a bruxa. Abre e aparecen o reloxo co gato e mais o ovo.

CORVO. Outra vez.

GATO. Toma! (*Sinalando.*) Podes poñer este traste onde estaba.

RELOXO. Con tanta lea veredes como vou atrasar cinco minutos.

CORVO. Un momento, non quedamos en que Garatuxa non pode volver velo?

GATO. Si, pero como xa avisamos a Madalena para que veña, Garatuxa non poderá facer ningunha das súas.

CORVO. Polo tanto, todo queda coma estaba. Ninguén saberá da aventura do reloxo. Adeus, corvo.

CORVO. Adeus! (*Mirando para o reloxo.*) Cando te vexa a ama...

Entra Garatuxa cos regalos. Póusaos no medio e por fin cae na conta da presenza do reloxo.

GARATUXA. Por todos os infernos! Como é que volve estar na casa!

CORVO. Pois verá... Estaba eu botando unha sestíña e ao abrir os ollos atopeino no seu sitio.

GARATUXA. Ti non sabes facer outra cousa máis ca botar sestás, saco de betume!

CORVO. Que pesada, sempre coas mesmas andrómenas!

GARATUXA. E a ti... espantamoscas!, vouche arranxar as agullas dunha patada.

Cando se dispón a darlle un couce ao reloxo, aparece Madalena rebordando felicidade.

MADALENA. Ah! Quen vive? Garatuxa! Aos meus brazos!

GARATUXA. (*Disimulando.*) Ola, Madalena! Aquí limpándolle o po ao reloxo.

MADALENA. Que detalle! Dáme un bico, muller (*Saúdanse.*) Recibín a túa nota para que che viñese facer unha visita e aquí estou; que tal marcha todo?

GARATUXA. Oh, estupendamente!

O reloxo dá tres badaladas.

MADALENA. Que marabilla de máquina, sempre tan puntual; iso quere dicir que Garatuxa se porta ben contigo, non si?

GARATUXA. Claro, cóidoo mooito! Somos grandes amigos.

MADALENA. Sabía que o farías; xa coñeces o meu xenio se me levan a contraria. E falando de todo un pouco, veño mortiña de fame.

GARATUXA. (*Preocupada, pero ocorréndoselle algo ao ver as cestas.*) Como non, Madalena, estas cestas están cheas de comida para ti.

MADALENA. Que barbaridade. É demasiado; será mellor que chames algúns coñecidos e facemos unha festa.

GARATUXA. Unha idea estupenda. Corvo, vainos buscar!

O corvo sae e elas pónense a preparar a mesa, despois o corvo aparece cos outros personaxes e mais con algunha xente do público para gozar do banquete.

FIN

Preparación da función *O regalo da bruxa*

Antes da función

Na aula, antes da preparación da obra, o profesor pode propoñer as seguintes actividades:

- Preguntarlles aos alumnos:
 - Que che suxire o título da obra?
 - De que imaxinas que vai tratar este texto?
 - Coñeces algún conto ou historia que teña como protagonista unha bruxa? Como é esa bruxa? Cal é a súa función na historia?
 - Poderías describir a casa dunha bruxa? E o lugar onde prepara os seus feitizos?
 - Cres que as historias de bruxas poderían ser verdade? Que feitos máxicos adoitan ocorrer nas historias con bruxas?
 - Cal é o teu conto de bruxas favorito? Poderías resumilo?
 - Que feitos cres que poderán ocorrer nesta obra?
- Pedirlles aos alumnos que pensen no vestiario de bruxas, para que os debuxen e elixan entre todos o que máis lles guste.
- Solicitalles que pensen en como se podería presentar o espazo da casa dunha bruxa, en especial o laboratorio onde prepara os feitizos, para que vaian pensando en como preparar o escenario.
- Adiantarlles aos alumnos que, ademais dunha bruxa, nesta obra hai personaxes que non son humanos (un reloxo, animais e elementos da natureza todos eles personificados). Pedirlles que debuxen como caracterizarían eses personaxes; así: como caracterizaríades un personaxe que fai o papel de reloxo?, e un corvo, o sol, unha nube, as flores, un gran de millo...?

Todas as respostas e suxestións dos alumnos deben ser anotadas nunha «Carpeta de Teatro»; nela tamén se gardarán todos os debuxos realizados polos alumnos sobre os personaxes, o escenario, etc. A esta carpeta poden acceder tanto os alumnos coma o mestre, á hora de preparar a obra de teatro, para rescatar ideas sobre vocabulario, vestiario ou escenario. Trátase de que sexan os alumnos os que suxiran todo o relacionado co vestiario e co escenario.

A función

Distribución de papeis

Para que os alumnos que vaian participar na representación da obra poidan preparar os seus personaxes, descríbese de forma breve o seu carácter.

- **Garatuxa:** é unha bruxa que está obsesionada co paso do tempo e non quere facerse vella e, ademais, está preocupada por non desgustar á madriña das bruxas. Ponse de moi mal humor cando as cousas non lle saen ben e ten o costume de maltratar e insultar ao corvo e ao reloxo que forman parte da súa vida cotiá.

- **Corvo:** é o axudante ou acompañante da bruxa, os seus comentarios son chistosos e retranqueiros, e preocúpalle que a súa dona se enfade con el.
- **Reloxo:** é o elemento central da historia, causa do malhumor da bruxa porque representa o paso do tempo. É responsable e cumpridor do seu labor.
- **Gato:** é intelixente e resolto, sabe levar con discreción o plan argallado para conseguir desfacer o feitizo da bruxa e así o demostra cando lle entrega a carta que comunica a visita de Madalena.
- **Ovo, gran e flor (de maceira):** están preocupados polas consecuencias de que o tempo se detivese provocando a alternancia das estacións e facendo que a natureza non poida seguir o seu curso. Teñen un valor simbólico relacionado coa ecoloxía.
- **Flores, Sol, Nube e Boneco de neve:** Son os representantes das estacións e expresan a conexión da natureza co ser humano.
- **Madalena:** é a madriña das bruxas, a máxima autoridade. É simpática e amable. Valora o respecto e o cumprimento das normas.

Vestuario

O vestuario presenta certas complicacións xa que, agás as dúas bruxas e os labregos que teñen un pequeno papel na segunda escena, o resto trátase de personaxes non humanos. Para as bruxas pódese propoñer o seguinte vestuario, aínda que tamén se deben ter en conta as suxestións dos alumnos:

Garatuxa: En toda a obra levará roupa de bruxa moderna; débese ter en conta que é unha bruxa preocupada pola fermosura: saia con volantes de cores, medias negras, zapatos cunha lazada vistosa. Camisa de cor violeta e gorro de bruxa. Pode levar adornos, como colares e pulseiras vistosas.

Madalena: Gorro de bruxa e vestido vaporoso, capa con detalles brillantes, calzado de cor escura.

Para os outros personaxes, os alumnos poderían empregar disfraces típicos de animais ou elaborar eles mesmos con cartolinas, cartóns e outros materiais os elementos caracterizadores; levaranos colgados tapándolle o corpo e por debaixo un xersei e unhas calzas axustadas.

Reloxo: Vestido con calzas marróns e xersei marrón. Colgado por diante e por detrás do tronco, un gran rectángulo de cartón. Debe cubrir todo o corpo do actor desde os ombreiros. Pola parte de adiante imita e ten debuxada a caixa do péndulo. Na cara, o actor levará unha carauta coa forma redonda do reloxo, coas horas e as agullas pintadas.

Corvo: Vestido todo de negro, con calzas e unha camisola ampla na que previamente se coserán imitacións de plumas feitas en cartolina tamén negra; e un peteiro branco na cara suxeito cunha goma á cabeza.

Gato: Vestido todo de gris, con calzas e xersei axustados, da parte de atrás colga un rabo feito cun cordón. Pintarlle na cara uns bigotes de gato e poñerlle unhas orellas de cartolina suxeitas nun diadema.

Ovo: Vestido todo de branco, calzas e xersei axustados; colgado dos ombreiros, por diante e por detrás, a silueta dun ovo grande feito en cartolina.

Flor: Vestido todo de verde, con calzas e camiseta axustadas; colgada dos ombreiros, unha grande flor, coma a das árbores froiteiras, feita nun cartón e coloreada.

Gran: Vestido de laranxa, calzas e camiseta axustadas; colgado dos ombreiros, un gran de millo feito en cartolina laranxa que lle cobre o tronco.

Grupiño de flores: Igual ca no caso da flor anterior, pero neste caso as flores son margaridas.

Sol: Vestido de amarelo, con calzas e xersei axustados; colgado, tapándolle o corpo, un sol con ollos e boca debuxados.

Labregos: El, camisa branca, pantalón refucido, e chaleco. Ela, saia de cadros, camisa branca e pano na cabeza. Os dous levan cadanseu aparello de labranza feito de cartón.

Nube: Vestido de azul, con calzas e xersei axustados; colgado, tapándolle o tronco, unha nube feita en cartolina e con pequenos anacos de algodón pegados.

Boneco de neve: Vestido de branco, con calzas e xersei axustados; tapándolle o corpo, unha silueta de boneco de neve.

Decorado e obxectos necesarios

Actos primeiro, segundo e cuarto

A acción desenvólvese na sala da casa da bruxa: hai dúas mesas; unha, chea de libros grandes e vellos, e outra con potas e cacharros. Unha cadeira. Nun recuncho unhas vasoiras apoiadas contra a parede e carteis colgados con letras estrañas. Cara a un lateral, un baúl que ten dentro un gorro de bruxa en forma de pico, varias capas de bruxa, unha panca de ferro, unha corda (que será coa que aten o corvo á cadeira). A carón do baúl, un banco onde sentará e se deitará o corvo. Haberá unha bicicleta que usará a bruxa para saír da primeira escena.

Acto terceiro

A acción ten lugar nun espazo indefinido en que aparecen as catro casas. Para cambiar o escenario taparase o anterior cun pano. E colócanse catro biombos, imitando casas en liña. Cada biombo terá un cartel co nome da casa: «casa primavera», «casa verán», «casa inverno» e «casa outono». Detrás de cada biombo estarán os personaxes que corresponden a cada unha e os obxectos que lle van regalar á bruxa cando ela entre en cada casa (un ramo de flores, un feixe de espigas, unha cesta con castañas, unha restra de chourizos).

Despois da función

- Formular as seguintes preguntas para que os alumnos reflexionen sobre certos temas ao fío da historia:

Os regalos:

- Gústache facer regalos?
- Cando escolles un regalo para un amigo ou amiga, con que criterio o fas?
- Cres que a bruxa Garatuxa foi desagradecida co regalo que lle fixo Madalena? Por que?
- Pensa en regalos que che gustaría que che fixesen e que non sexan obxectos.

Os regalos da natureza:

- Que lle regalaron a Garatuxa en cada casa?
Cres que a natureza nos fai regalos a nós?
- Pareceche importante coidar os elementos da natureza? Por que?
- Que pasaría se os froitos das árbores e da terra non puidesen madurar?
Por que?
- Que fixo Garatuxa coas cousas que lle regalaron nas casas das estacións?
- Gustaríache inventar algunha celebración? A quen invitarías?
- Realizar unha crítica construtiva da obra.
 - Que é o que máis e o que menos che gustou da obra?
 - Que cambiarías?
 - Que personaxe che gustaría interpretar? Por que?
 - Que personaxe che gustou máis? Gústache como o interpretou o actor?
 - Que personaxe che gustou menos? Por que?
 - Con que personaxe te identificas máis? Coincide co que che gustaría interpretar?
 - Ocorrénseche cousas para melloralos despois de ver a obra?
Menciona o que cambiarías de cada escenario.
 - Como interviñeches ti na obra?
 - Gustaríache participar doutra maneira? Como?

Guías de lectura

- *O dromedario nadador*,
Xavier López Rodríguez
- *As vacaciões do Nicolasiño*,
René Goscinny
- *Bala Perdida*,
Manuel Rivas

O dromedario nadador

Autor:	Xavier López Rodríguez
Editorial:	Alfaguara/Obradoiro
Formato:	12 x 20 cm
Páxinas:	101
Serie laranxa:	Desde 10 anos

Interese formativo e temático

Ao longo da novela reflíctense diversos temas de grande interese para traballar contidos como a educación intercultural, a educación para o medio natural, o tratamento da lingua, a lectura na familia... xunto con actividades interdisciplinares, que axudarán a reforzar nos alumnos os coñecementos que pretende transmitir a obra; ademais de aprender a traballar de forma cooperativa e individual, fomentando a comprensión lectora global do texto e o enriquecemento cultural que transmite a historia.


Argumento

Xaquín remata o curso escolar pensando en librarse dun fachendoso compañeiro e veciño, Brais, ao tempo que soña con ir pasar as vacacións a Canarias, onde emigrou seu pai e traballa de albanel, e tenta recuperar a figura da nai, que quedou en Alemaña e da que non sabe nada tras a separación do pai. Diríxese aos dous escribíndolles varias cartas ao longo da novela e nelas cóntalles os seus desexos e o que lle pasa. Entre o que lle acontece neses meses de verán está a aparición, no casal onde vive cos seus avós, dun pequeno dromedario que formaba parte dun circo. Este feito vai cambiar algunhas cousas na súa forma de relacionarse cos que o arrodean.

Autor

Xavier López Rodríguez naceu no ano 1956 en San Ciprián de Hermisende (Zamora). Na actualidade reside en Santiago de Compostela, onde logo apostou pola escrita en galego, tanto no xornalismo (*Diario de Galicia* e *Diario 16 de Galicia*) como á hora de escribir ficción. Segundo di o autor, o motivo de cursar estudos de xornalismo foi, sobre todo, poder dar voz aos que non a teñen, as reportaxes sobre marxinados, xente con poucos bens materiais e moitos problemas. Á hora de narrar, tende a situar as súas novelas e relatos en Brumoso, unha terra arraiana que vén sendo a súa, preto do que nos mapas figura como Penedo dos Tres Reinos. Entreter e emocionar é o que busca cando escribe. Admira as historias breves e de poucos personaxes como *A perla*, *O vello e o mar* e *O coronel non ten quen lle escriba*, xa que prefire as historias sinxelas, con pouco artificio. Quizais por iso, as súas están publicadas principalmente en coleccións para rapaces e mozos.

Ten moitos libros para o público infantil e xuvenil; entre eles destacamos *Brumoso*, *Coma unha pluma liviá*, *Noitebra*, *A serea do deserto*, *Os globos de andar*, etc.



Proposta de actividades para antes da lectura

Actividade 1: Que che suxire?

Motivar os alumnos para iniciar a lectura do libro, tratando de que os nenos descubran o pracer de ler e, ao mesmo tempo, incrementen a súa imaxinación e creatividade.

A análise dos aspectos formais da obra –o título, a ilustración da cuberta e o texto que aparece na contracuberta– permiten indagar de forma creativa sobre o contido.

■ Observa a cuberta do libro, fíxate na ilustración e responde.

- Cantos anos calculas que poden ter os dous nenos da fotografía?

- Quen cres que é o protagonista da obra?

- Onde cres que ocorrerá a historia?

- Na imaxe aparece un sobre cunha fotografía, a quen cres que irá dirixido?

■ Le agora o texto da contracuberta e explica.

- Pensas que a novela que vas ler será realista ou fantástica?

- Será unha historia actual ou do pasado? Por que o cres así?

- Que esperas atopar nesta novela?

Proposta de actividades durante a lectura

Actividade 1: Ponlle título!

Para desenvolver a capacidade de síntese argumental, os alumnos deberán de poñerlle un título orixinal a cada un dos capítulos do libro a medida que avancen na lectura.

- Ponlle un título a cada capítulo do libro.

Capítulo 1:

Capítulo 2:

Capítulo 3:

Capítulo 4:

Capítulo 5:

Capítulo 6:

Capítulo 7:

Capítulo 8:

Capítulo 9:

Proposta de actividades para despois da lectura

Actividade 1: Cartéate!


Os alumnos analizarán as partes que contén unha das cartas enviadas por Xaquín ao longo da novela, por exemplo a da páxina 83. A continuación, escribirán eles unha.

- Imaxina que ti es Xaquín. Escribe unha carta dirixida aos donos do dromedario na cal te despidas del e lles pidas que reciba un bo trato como o que ti lle deches mentres foi teu.

A large rectangular box with a thin black border, intended for writing a letter. It contains 20 horizontal lines. The lines are evenly spaced and extend across most of the width of the box. There are short horizontal lines at the top right and bottom center of the box, likely indicating where to place the recipient's address and the sender's name, respectively.

As vacacións do Nicolasiño

Autor:	René Goscinny
Editorial:	Alfaguara/Obradoiro
Formato:	12 x 20 cm
Páxinas:	150
Serie laranxa:	Desde 10 anos



Interese formativo e temático

A obra ofrece varios temas: amizade, familia, relacións sociais, adultos fronte á infancia... Narrada en primeira persoa, Nicolás, o escéptico protagonista, pon en evidencia, con ironía e amabilidade, as absurdas leis que rexen o mundo dos adultos. Agudísimo observador da realidade, poucas veces se inmuta ante os problemas que xorden e, case sempre, sentencia cunha frase o final de calquera conflito. Os lectores identificaranse desde o primeiro momento con Nicolás, ao que considerarán máis maduro ca os adultos que o arrodean. Non importa que o colexio e sistema educativo de Nicolás sexan franceses e que pasaran trinta e cinco anos desde que o seu autor escribise o libro. Non importa que os hotéis actuais non sexan coma os descritos por Goscinny; non importa que non queden xa campamentos coma o do libro... Non importa nada disto porque o importante –a visión dun neno sobre a amizade ou as relacións cos pais e cos maiores– son temas clásicos, extrapolables a calquera tempo e lugar...

Argumento

O libro consta de dezaoto historias, centradas nas vacacións de verán do Nicolasiño. A primeira parte do libro dá conta das aventuras e desventuras do protagonista durante os días de verán cos seus pais nun hotel da Bretaña francesa. A segunda parte narra as aventuras de Nicolás nun campamento de verán, onde vivirá acontecementos tales como marchas, xogos nocturnos, baños no mar...

Neste libro da serie do Nicolasiño, este neno tan divertido segue sendo o protagonista absoluto, testemuña abraiada dos estraños costumes dos adultos.

Autor

René Goscinny naceu o 14 de agosto de 1926 en París. A súa familia emigra a Arxentina e en Buenos Aires acudiu ao Colexio Francés; máis tarde traballará en Nova York nunha editorial de libros infantís. Volveu a Francia a principios dos anos cincuenta e, aínda que tivo moitas profesións, a que lle deu fama foi a de guionista de cómics. Traballou con diferentes debuxantes e logrou inmortalizar personaxes tan entrañables coma Astérix e Obélix e Lucky Luke. As aventuras do Nicolasiño, ilustradas polo debuxante francés Jean-Jacques Sempé, son unha boa mostra do seu enxeño e comicidade.

Proposta de actividades durante a lectura

Actividade 1: Lembro as vacacións

Para que os alumnos lembren dun xeito organizado o contido do libro, van afondar na súa estrutura. Explicarlles que toda obra, sexa manual ou artística, foi previamente organizada nos seus máis mínimos detalles e os escritores, antes de escribir unha novela ou unha poesía, meditan sobre a estrutura que lle van dar á súa obra.

Posto que a estrutura deste relato está determinada polo lugar onde ocorren os feitos e os tempos, seralles fácil observar que o libro posúe dous bloques: as vacacións familiares e as vacacións no campamento. Ambos os bloques, á súa vez, van precedidos e finalizan coa estancia na casa, lugar de saída e de regreso.

- Lembra o que contou Nicolás das súas vacacións. Marca onde estivo e onde foi na primeira ou na segunda parte do verán.

TÍTULO	Na casa	Bretaña	Campamento	Verán 1. ^a	Verán 2. ^a
1. O que decide é papá					
2. A praia mola					
3. O animador					
4. A illa das Brétemas					
5. A ximnasia					
6. O minigolf					
7. Xogamos ás tendas					
8. A volta					
9. Hai que ser razoable					
10. A marcha					
11. Valor!					
12. O baño					
13. A Punta das Borrascas					
14. A sesta					
15. Xogo nocturno					
16. A sopa de peixe					
17. Crispín ten visita					
18. Lembranzas das vacacións					

Proposta de actividades para despois da lectura

Actividade 1: Pensando nas vacacións

- Imaxina as túas próximas vacacións. Escribe canto tempo pensas que durarán, a onde irás, con quen, que deportes che gustaría practicar, etc.

Xogos e entretementos

Actividade 1: Encrucillado

Para comprobar a memoria dos alumnos, presentar o encrucillado con datos representativos do conto. Deberán completar as casas no tempo que estableza o mestre.


- Lembra o que liches e, cos datos de que dispós, completa o encrucillado.

HORIZONTAIS:

1. Rexión de Francia onde o protagonista e os seus pais pasan as vacacións.
2. Nome do protagonista do conto.
3. Un neno do campamento ao que non lle gusta a comida con graxa.

VERTICAIS:

1. Nome da illa que foi visitar Nicolás cos seus pais.
2. País en que sucede a historia.



Bala Perdida

Autor:	Manuel Rivas
Ilustrador:	Miguelanxo Prado
Editorial:	Alfaguara/Obradoiro
Formato:	12 x 20 cm
Páxinas:	98
Serie laranxa:	Desde 10 anos

Interese formativo e temático

Esta non é unha historia cotiá, é un feliz encontro cun vello bergantín capitaneado polo último pirata do Atlántico e tripulado por unha ducia de tipos moi peculiares. Estamos ante unha historia desas que non cansan, senón que entretén, conmove, informa... Esperta unha especial fascinación no lector novo.

A narración sabe transmitir o seu ritmo ao lector, o seu misterio, a súa intriga... Fálase de xustiza, de esperanza, de amizade, de bos sentimentos, en definitiva, dun mundo mellor que entre todos deberíamos construír.


Argumento

Bala Perdida é un vello pirata, dos últimos que navegan polo Atlántico europeo, e Rosa Ribeiro é unha xornalista, moi nova e valente, que dirixe o *Celtic News*, un xornal moi peculiar. Cando escribe utiliza o alcume Ganso Salvaxe. Bala Perdida coñece a Ganso Salvaxe e amósalle o tesouro maldito gardado nunha grandiosa cova mariña. Aquel tesouro era parte da riqueza roubada polos nazis a prisioneiros internados nos campos de concentración. Pero non era un tesouro coma os demais, senón que procedía de fundir os dentes e as moas de ouro arrincados aos miles de prisioneiros xudeus asasinados con gas e despois queimados nos fornos crematorios. Antes de rematar a guerra, esta parte do botín nazi foi cargada nun submarino e levada a un lugar de África. Alí permanece oculta ata que o malvado Herr Doktor, único supervivente coñecedor do segredo, volveu para recuperar o tesouro.

Bala Perdida quere atopar os descendentes das vítimas e devolverlles o ouro maldito. Para facelo necesita que Rosa conte a historia do tesouro no seu xornal, e así o fai a rapaza. Ao sabelo o malvado Herr Doktor, Rosa é secuestrada e está a piques de morrer nun manicomio. Pero Bala Perdida e os seus homes non están dispostos a permitir que isto suceda...

Autor

Manuel Rivas naceu na Coruña en 1957. Desde moi novo traballou en xornais e parte das súas reportaxes están recollidas nos libros *Toxos e flores* (1992), *Galicia, o bonsai atlántico* (1994), *O periodismo é un conto* (1997)... Como narrador, publicou *Un millón de vacas* (1990), *Os comedores de patacas* (1992), *Que me queres, amor?* (1996, Premio Nacional de Narrativa) que inclúe o relato «A lingua das bolboretas» en que se baseou a película do mesmo título; *O lapis do carpinteiro* (1998), *Os libros arden mal* (2007), etc.



Ilustrador

Miguelanxo Prado naceu na Coruña en 1958 e é un ilustrador e autor de cómic de fama internacional. Afeccionado á pintura e á lectura desde novo, descubriu o cómic e decidiu dedicarse profesionalmente ás historias gráficas. Nos anos 80 publicou nalgunhas das mellores revistas do cómic adulto, e a principios dos 90 deseñou personaxes animados para a TVG no programa *Xabarín Club* e en Estados Unidos na serie *Men in Black*. No ano 2006 presentou a súa primeira longametraxe de animación, *De Profundis*.

Proposta de actividades para antes da lectura

Actividade 1: O autor, o ilustrador e o posible argumento

Antes de ler un libro convén que os alumnos indaguen acerca do título e as ilustracións. Destacar que as ilustracións son un importante reforzo á historia presentada nun libro.

A destreza que imos traballar é a Obtención de información.

- Observa a ilustración da cuberta do libro e di o que ves.

- Bota unha ollada a algunhas ilustracións das páxinas interiores. Explica de que cres que vai tratar o libro.

- Mira agora o índice do libro: Cantos capítulos ten?
Anota o título dos dous capítulos que máis te atraen.

Anticipar que a expresión «Bala Perdida» serve para identificar un dos personaxes. Ademais é unha expresión que adoita empregarse con sentido figurado. Presentar posibles significados da expresión.

- Marca o significado figurado da expresión.




- Un «bala perdida» é...
- ... alguén quen non sabe orientarse nunha cidade.
 - ...alguén que non entende de armas e proxectís.
 - ...alguén con pouco xuízo, un toleirán.

Proposta de actividades durante a lectura

Actividade 1: Bala Perdida, Rosa, Herr Doktor

A medida que os alumnos avanza na lectura individual e silenciosa dos primeiros capítulos e observan as ilustración, pedir que presten especial atención aos personaxes. Lembrarlles a diferenza entre personaxes principais ou protagonistas, e os demais ou secundarios. Pedir que fagan un breve retrato dos personaxes principais, tratando de descubrir cal é o seu carácter e o seu móbil.

- Segundo vaias lendo, observa as ilustracións. Despois describe estes personaxes e explica o que queren conseguir.

ASPECTO FÍSICO	CARÁCTER	QUERE CONSEGUIR
 _____ _____ _____	 _____ _____ _____	 _____ _____ _____
 _____ _____ _____	 _____ _____ _____	 _____ _____ _____
 _____ _____ _____	 _____ _____ _____	 _____ _____ _____

Proposta de actividades para despois da lectura

Actividade 1: Verdades e mentiras sobre Bala Perdida

- Marca verdadeiro ou falso segundo o que lembres da historia do libro.

	<u>VERDADEIRO</u>	<u>FALSO</u>
• O Liberdade era un transatlántico.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• <i>Celtic News</i> significa 'Boas noticias'.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• Ganso Salvaxe era o pseudónimo de Rosa.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• A ave de Bala Perdida era un guacamaio.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• O diario de Herr Doktor remontábase a 1945.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• O tesouro da cripta era parte da riqueza roubada polos nazis a prisioneiros dos campos de concentración.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
• A Rosa secuestrárona adormecéndoa cun spray.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Xogos e entretementos

Actividade 1: Menú para piratas

Despois de comer un rico estufado, Calamidade di que neste barco xa non hai ratas porque son o menú preferido do cociñeiro. A tripulación aplaude e Rosa decide tomalo con sentido do humor.

Fai ti o mesmo e escribe un menú co que se pode «pescar» da bodega do vello bergantín. Dámosche un exemplo:

MENÚ PIRATA

Primeiro prato: Arañas en salsa de ourizos de mar

Segundo prato: Rata estufada

Sobremesa: Macedonia de cascudas

- Agora tócache a ti. Escribe.



Menú pirata



Banco ortográfico

- Uso de b
- Uso de v
- Uso de g
- Uso de qu/c
- Uso de z/c
- Uso de h
- Uso de r e rr
- Uso de x
- Os grupos -cc- e -ct-
- Uso das maiúsculas
- Uso do acento gráfico
- Confusións frecuentes

Uso de b

Escríbense con b:

- As palabras que comezan polas sílabas **bu-**, **bur-**, **bus-**.
- As palabras que comezan por **ab-**, **abs-**, **ob-**, **sub-**.
- As palabras que comezan polos prefixos **bi-** ou **bis-**, que significan ‘dous’ ou ‘dúas veces’.
- As palabras que comezan por **bibl-**, que significa ‘libro’.
- As palabras cos grupos consonánticos **bl** e **br**, agás *acivro*, *ávrego*.
- As palabras terminadas en **-bundo**, **-bunda**, **-bilidade**, agás *civilidade*.
- Os verbos que acaban en **-buír** e **-bir**, agás *servir*, *vir* e *vivir*.
- Os verbos **beber**, **deber**, **cabere**, **haber** e **saber** e todas as súas formas co son **B**.
- O pretérito imperfecto de indicativo dos verbos da 1.^a conjugación.

Exemplos

<i>abdicar</i>	<i>brandir</i>	<i>cebra</i>	<i>nubrado</i>
<i>abdome</i>	<i>brando</i>	<i>concebir</i>	<i>obrigar</i>
<i>abrir</i>	<i>branquexar</i>	<i>consideraba</i>	<i>obsequio</i>
<i>ábsida</i>	<i>brasón</i>	<i>contabilidade</i>	<i>obsesivo</i>
<i>absoluto</i>	<i>brazo</i>	<i>contribuír</i>	<i>obsoleto</i>
<i>absolver</i>	<i>brevidade</i>	<i>débeda</i>	<i>obstáculo</i>
<i>absorber</i>	<i>brisa</i>	<i>describir</i>	<i>obstinado</i>
<i>abstraer</i>	<i>bronce</i>	<i>distribuír</i>	<i>obstruír</i>
<i>absurdo</i>	<i>bruxaría</i>	<i>dobrar</i>	<i>obter</i>
<i>adorable</i>	<i>bubela</i>	<i>dobre</i>	<i>obxección</i>
<i>amabilidade</i>	<i>bucólico</i>	<i>embrión</i>	<i>obxecto</i>
<i>amable</i>	<i>budismo</i>	<i>escribir</i>	<i>percibir</i>
<i>apetecible</i>	<i>bufar</i>	<i>estabilidade</i>	<i>pobre</i>
<i>atribuír</i>	<i>bufo</i>	<i>exhibir</i>	<i>posibilidade</i>
<i>Biblia</i>	<i>buguina</i>	<i>feble</i>	<i>prescribir</i>
<i>bíblico</i>	<i>bulir</i>	<i>febre</i>	<i>publicar</i>
<i>bibliófilo</i>	<i>buque</i>	<i>fibra</i>	<i>recibir</i>
<i>bibliografía</i>	<i>burato</i>	<i>furibundo</i>	<i>retribuír</i>
<i>biblioteca</i>	<i>burbulla</i>	<i>fusible</i>	<i>sabre</i>
<i>bicicleta</i>	<i>burgués</i>	<i>haberemos</i>	<i>sombra</i>
<i>bimensual</i>	<i>buril</i>	<i>habilidade</i>	<i>subestimar</i>
<i>bimotor</i>	<i>burla</i>	<i>houbo</i>	<i>subir</i>
<i>bisavó</i>	<i>burro</i>	<i>impecable</i>	<i>subsolo</i>
<i>biscoito</i>	<i>buscabamos</i>	<i>incumbir</i>	<i>subterráneo</i>
<i>bisesto</i>	<i>buscar</i>	<i>inscribir</i>	<i>subtítulo</i>
<i>bisílabo</i>	<i>busto</i>	<i>lebre</i>	<i>subxectivo</i>
<i>bisneto</i>	<i>butaca</i>	<i>movibilidade</i>	<i>tebras</i>
<i>blindaxe</i>	<i>butano</i>	<i>moribundo</i>	<i>terrible</i>
<i>bloquear</i>	<i>buxaina</i>	<i>nauseabundo</i>	<i>transcribir</i>
<i>blusa</i>	<i>cabere</i>	<i>nobre</i>	<i>tremebundo</i>
<i>Brais</i>	<i>cabereías</i>	<i>nobreza</i>	<i>vagabundo</i>
<i>branco</i>	<i>cable</i>	<i>notable</i>	<i>xogaba</i>

Outras palabras con b

<i>ábaco</i>	<i>báscula</i>	<i>cabelo</i>	<i>incubar</i>	<i>robusto</i>
<i>abaixar</i>	<i>baúl</i>	<i>cabina</i>	<i>labor</i>	<i>rodaballo</i>
<i>abade</i>	<i>beizo</i>	<i>cambiar</i>	<i>laboratorio</i>	<i>roubar</i>
<i>abafar</i>	<i>belén</i>	<i>caníbal</i>	<i>libélula</i>	<i>rubí</i>
<i>abandonar</i>	<i>bélico</i>	<i>caoba</i>	<i>liberal</i>	<i>rubor</i>
<i>abano</i>	<i>belo</i>	<i>carballo</i>	<i>liberdade</i>	<i>saba</i>
<i>abater</i>	<i>bengala</i>	<i>carbón</i>	<i>lobo</i>	<i>sábado</i>
<i>abelá</i>	<i>berce</i>	<i>carbono</i>	<i>lóbulo</i>	<i>sabor</i>
<i>abella</i>	<i>berrar</i>	<i>cebada</i>	<i>lombo</i>	<i>sarabia</i>
<i>aberto</i>	<i>betume</i>	<i>cebo</i>	<i>malabar</i>	<i>sebo</i>
<i>abismo</i>	<i>bico</i>	<i>cebola</i>	<i>marabilla</i>	<i>sibarita</i>
<i>aboar</i>	<i>bidueiro</i>	<i>chabola</i>	<i>marabillar</i>	<i>símbolo</i>
<i>abuso</i>	<i>bigote</i>	<i>chibo</i>	<i>marabilloso</i>	<i>soberbia</i>
<i>acróbata</i>	<i>billa</i>	<i>cóbado</i>	<i>microbio</i>	<i>sorber</i>
<i>acubillar</i>	<i>billete</i>	<i>cobertor</i>	<i>móbil</i>	<i>súbito</i>
<i>acubillo</i>	<i>biosfera</i>	<i>cobiza</i>	<i>nabo</i>	<i>suborno</i>
<i>alba</i>	<i>biótopo</i>	<i>colaborar</i>	<i>néboa</i>	<i>tabán</i>
<i>albanel</i>	<i>birlo</i>	<i>cubeta</i>	<i>obediente</i>	<i>táboa</i>
<i>albiscar</i>	<i>bisbarra</i>	<i>debandar</i>	<i>obelisco</i>	<i>taboleiro</i>
<i>alboio</i>	<i>bisonte</i>	<i>debate</i>	<i>óboe</i>	<i>tabú</i>
<i>álbum</i>	<i>bispo</i>	<i>débil</i>	<i>obús</i>	<i>tambor</i>
<i>aprobar</i>	<i>bisturí</i>	<i>debutar</i>	<i>orballar</i>	<i>tobogán</i>
<i>árbore</i>	<i>bixutería</i>	<i>debuxo</i>	<i>órbita</i>	<i>traballo</i>
<i>asubiar</i>	<i>bizantino</i>	<i>decibelio</i>	<i>parábola</i>	<i>trabe</i>
<i>autobús</i>	<i>bo</i>	<i>derrubar</i>	<i>percebe</i>	<i>trebello</i>
<i>babeiro</i>	<i>boca</i>	<i>ebanistería</i>	<i>plebeo</i>	<i>trebón</i>
<i>abor</i>	<i>bocexar</i>	<i>ébano</i>	<i>pobo</i>	<i>tribo</i>
<i>bacallau</i>	<i>bocexo</i>	<i>elaborar</i>	<i>poboación</i>	<i>tribuna</i>
<i>bacteria</i>	<i>boi</i>	<i>estribo</i>	<i>poboar</i>	<i>tributo</i>
<i>badalada</i>	<i>bóla</i>	<i>faba</i>	<i>polbo</i>	<i>trobador</i>
<i>bafo</i>	<i>bolboreta</i>	<i>fábula</i>	<i>prebe</i>	<i>tuba</i>
<i>baile</i>	<i>bordar</i>	<i>fabuloso</i>	<i>probar</i>	<i>tubo</i>
<i>baixar</i>	<i>borrasca</i>	<i>fibela</i>	<i>probeta</i>	<i>turba</i>
<i>bala</i>	<i>bosque</i>	<i>fobia</i>	<i>puberdade</i>	<i>turbina</i>
<i>balcón</i>	<i>bota</i>	<i>gabardina</i>	<i>rabia</i>	<i>turbio</i>
<i>baleirar</i>	<i>botica</i>	<i>gabear</i>	<i>rabo</i>	<i>turbulento</i>
<i>baleiro</i>	<i>bóveda</i>	<i>gabián</i>	<i>rebaixar</i>	<i>umbilical</i>
<i>balsa</i>	<i>bucina</i>	<i>globo</i>	<i>rebelarse</i>	<i>urbano</i>
<i>banco</i>	<i>bufarda</i>	<i>gobelete</i>	<i>rebelde</i>	<i>urbe</i>
<i>banqueta</i>	<i>bulebule</i>	<i>gobernar</i>	<i>rebentar</i>	<i>xabaril</i>
<i>bar</i>	<i>cabalgata</i>	<i>gobierno</i>	<i>rebotar</i>	<i>xiba</i>
<i>barbaridade</i>	<i>cabalo</i>	<i>hábil</i>	<i>rebozar</i>	<i>xouba</i>
<i>barriga</i>	<i>cabana</i>	<i>habitar</i>	<i>ribeira</i>	<i>xubilar</i>
<i>barril</i>	<i>cabaza</i>	<i>ibis</i>	<i>robot</i>	<i>zamburiña</i>

Uso de v

Escríbense con v:

- As palabras que comezan polos prefixos **vice** ou **viz-**, que significan ‘en lugar de’.
- Os adxectivos terminados en **-avo/a**, **-ave**, **-eve**, **-evo/a**, **-ivo/a**, agás *árabe*, *ceibo*, *ceibe* e *roibo*.
- As palabras terminadas en **-ívoro**, **-ívora**, agás *víbora*.
- As formas verbais en que aparece o son **B** dos verbos, **ir**, **ter** e **estar** (agás no pretérito imperfecto: *estaba*)
- Os verbos terminados en **-servar** e **-ver** (agás *beber*, *caber*, *haber*, *saber* e *sorber*.)
- Todas as formas dos verbos **vir**, **servir** e **vivir** e palabras da familia destes.

Exemplos

<i>activo</i>	<i>decisivo</i>	<i>estivese</i>	<i>narrativo</i>	<i>repetitivo</i>
<i>adoptivo</i>	<i>decorativo</i>	<i>evolutivo</i>	<i>nativo</i>	<i>reservar</i>
<i>adxectivo</i>	<i>deportivo</i>	<i>fervedura</i>	<i>negativo</i>	<i>retentiva</i>
<i>afirmativo</i>	<i>descritivo</i>	<i>ferver</i>	<i>nocivo</i>	<i>selectivo</i>
<i>agresivo</i>	<i>destrutivo</i>	<i>festivo</i>	<i>normativa</i>	<i>serven</i>
<i>altivo</i>	<i>detivo</i>	<i>fuxitivo</i>	<i>novo</i>	<i>suave</i>
<i>alusivo</i>	<i>devolver</i>	<i>granívoro</i>	<i>oitavo</i>	<i>sucesivo</i>
<i>atractivo</i>	<i>diminutivo</i>	<i>grave</i>	<i>olfactivo</i>	<i>suxestivo</i>
<i>bravo</i>	<i>directiva</i>	<i>herbívoro</i>	<i>omnívoro</i>	<i>tentativa</i>
<i>breve</i>	<i>disolver</i>	<i>imaxinativo</i>	<i>onceavo</i>	<i>tiven</i>
<i>carnívoro</i>	<i>distintivo</i>	<i>inactivo</i>	<i>pasivo</i>	<i>tivésemos</i>
<i>cativo</i>	<i>divulgativo</i>	<i>inadvertido</i>	<i>pensativo</i>	<i>vai</i>
<i>colectivo</i>	<i>doceava</i>	<i>informativo</i>	<i>permisivo</i>	<i>vaiamos</i>
<i>compasivo</i>	<i>educativo</i>	<i>insectívoro</i>	<i>persuasivo</i>	<i>vicecónsul</i>
<i>competitivo</i>	<i>efectivo</i>	<i>instrutivo</i>	<i>posesivo</i>	<i>vicepresidente</i>
<i>comunicativo</i>	<i>emotivo</i>	<i>interactivo</i>	<i>positivo</i>	<i>vicerreí</i>
<i>cóncavo</i>	<i>escandinavo</i>	<i>intuitivo</i>	<i>preservar</i>	<i>vicerreitor</i>
<i>conflitivo</i>	<i>escravo</i>	<i>leve</i>	<i>preventivo</i>	<i>viceversa</i>
<i>conservar</i>	<i>eslavo</i>	<i>lonxevo</i>	<i>prever</i>	<i>vingativo</i>
<i>creativo</i>	<i>estiven</i>	<i>mantivésemos</i>	<i>primitivo</i>	<i>vivenda</i>
<i>curativo</i>	<i>estivera</i>	<i>mover</i>	<i>relativo</i>	<i>vizconde</i>

Outras palabras con v

<i>acivro</i>	<i>alivio</i>	<i>atreverse</i>	<i>avenida</i>	<i>avistar</i>
<i>acovardado</i>	<i>antivirus</i>	<i>avalар</i>	<i>aventurarse</i>	<i>avó</i>
<i>adiviña</i>	<i>anverso</i>	<i>avaliar</i>	<i>avermellado</i>	<i>avoengo</i>
<i>adverbio</i>	<i>aperitivo</i>	<i>avanzar</i>	<i>avespa</i>	<i>avogado</i>
<i>adversario</i>	<i>aproveitar</i>	<i>avarento</i>	<i>avestruz</i>	<i>avultar</i>
<i>adverso</i>	<i>arquivo</i>	<i>avasalar</i>	<i>ávido</i>	<i>benevolente</i>
<i>aeronave</i>	<i>astronave</i>	<i>ave</i>	<i>avión</i>	<i>benvido</i>
<i>agravio</i>	<i>atravesar</i>	<i>avea</i>	<i>aviso</i>	<i>bóveda</i>

Banco ortográfico

<i>bovino</i>	<i>envexa</i>	<i>óvalo</i>	<i>valente</i>	<i>véspera</i>
<i>cadáver</i>	<i>enviar</i>	<i>ovella</i>	<i>valioso</i>	<i>vestido</i>
<i>calvo</i>	<i>envolver</i>	<i>ovo</i>	<i>valor</i>	<i>vexetal</i>
<i>caravel</i>	<i>envurullo</i>	<i>papaventos</i>	<i>válvula</i>	<i>vexiga</i>
<i>cava</i>	<i>ervella</i>	<i>pavillón</i>	<i>vampiro</i>	<i>vía</i>
<i>caveira</i>	<i>escaravello</i>	<i>pavo</i>	<i>vándalo</i>	<i>viaxar</i>
<i>caverna</i>	<i>escravo</i>	<i>perspectiva</i>	<i>vantaxe</i>	<i>viaxe</i>
<i>cervexa</i>	<i>esvarar</i>	<i>privar</i>	<i>vao</i>	<i>vicio</i>
<i>cervo</i>	<i>evadir</i>	<i>relevo</i>	<i>vapor</i>	<i>vida</i>
<i>chave</i>	<i>evidente</i>	<i>revés</i>	<i>varanda</i>	<i>vide</i>
<i>chuvasco</i>	<i>evitar</i>	<i>revista</i>	<i>varredor</i>	<i>vídeo</i>
<i>chuvasqueiro</i>	<i>evolucionar</i>	<i>rival</i>	<i>varrer</i>	<i>videoxogo</i>
<i>chuvia</i>	<i>favor</i>	<i>salvar</i>	<i>vasalo</i>	<i>vil</i>
<i>civil</i>	<i>fervenza</i>	<i>selva</i>	<i>vaso</i>	<i>vinganza</i>
<i>civilización</i>	<i>festival</i>	<i>servente</i>	<i>vasoira</i>	<i>viño</i>
<i>clave</i>	<i>gaivota</i>	<i>servil</i>	<i>váter</i>	<i>vinte</i>
<i>comitiva</i>	<i>garavanzo</i>	<i>servir</i>	<i>vea</i>	<i>violeta</i>
<i>conmover</i>	<i>grava</i>	<i>severo</i>	<i>veciño</i>	<i>viravolta</i>
<i>convalecente</i>	<i>gravata</i>	<i>silvestre</i>	<i>vehículo</i>	<i>virtude</i>
<i>convento</i>	<i>individual</i>	<i>solvente</i>	<i>velar</i>	<i>virus</i>
<i>convidar</i>	<i>iniciativa</i>	<i>subvención</i>	<i>veleiro</i>	<i>virxe</i>
<i>corvo</i>	<i>invadir</i>	<i>subversivo</i>	<i>veleno</i>	<i>vista</i>
<i>cova</i>	<i>inverter</i>	<i>televisión</i>	<i>velenoso</i>	<i>vitamina</i>
<i>cravar</i>	<i>larva</i>	<i>través</i>	<i>vello</i>	<i>vítima</i>
<i>cravo</i>	<i>lava</i>	<i>traveso</i>	<i>veloz</i>	<i>viúvo</i>
<i>Cristovo</i>	<i>lavanda</i>	<i>travesura</i>	<i>vencello</i>	<i>voar</i>
<i>cultivo</i>	<i>lavar</i>	<i>trevo</i>	<i>vencer</i>	<i>vocabulario</i>
<i>curva</i>	<i>levar</i>	<i>trivial</i>	<i>vendaval</i>	<i>vocábulo</i>
<i>dádiva</i>	<i>levita</i>	<i>universal</i>	<i>vender</i>	<i>voda</i>
<i>deriva</i>	<i>malva</i>	<i>universo</i>	<i>vendima</i>	<i>vogal</i>
<i>desnivel</i>	<i>misiva</i>	<i>uva</i>	<i>ventá</i>	<i>vogar</i>
<i>desvarío</i>	<i>motivo</i>	<i>vaca</i>	<i>vento</i>	<i>voitre</i>
<i>desviar</i>	<i>movemento</i>	<i>vacacións</i>	<i>ventre</i>	<i>volante</i>
<i>devecer</i>	<i>navalla</i>	<i>vacante</i>	<i>ventura</i>	<i>volcán</i>
<i>devoto</i>	<i>nave</i>	<i>vacilar</i>	<i>veo</i>	<i>volume</i>
<i>dezanove</i>	<i>navío</i>	<i>vacina</i>	<i>verán</i>	<i>voluntario</i>
<i>diluvio</i>	<i>neve</i>	<i>vacinar</i>	<i>verbena</i>	<i>volver</i>
<i>diván</i>	<i>nivel</i>	<i>vago</i>	<i>verdade</i>	<i>vomitara</i>
<i>dividir</i>	<i>noivo</i>	<i>vagón</i>	<i>verde</i>	<i>vontade</i>
<i>eiva</i>	<i>nove</i>	<i>vaidade</i>	<i>verme</i>	<i>votación</i>
<i>eivado</i>	<i>novela</i>	<i>vaidoso</i>	<i>vermello</i>	<i>voz</i>
<i>elear</i>	<i>observar</i>	<i>vainilla</i>	<i>verniz</i>	<i>vulgar</i>
<i>enclave</i>	<i>obvio</i>	<i>vaivén</i>	<i>vertedoiro</i>	<i>vulnerable</i>
<i>envaiñar</i>	<i>oliva</i>	<i>vaixela</i>	<i>verter</i>	<i>vulto</i>
<i>envase</i>	<i>oliveira</i>	<i>val</i>	<i>verza</i>	<i>xavelina</i>

Uso de g

Para representar o son **G**, de gato, escíbese:

- A letra **g**, diante de **a, o, u**.
- O dígrafo **gu**, diante de **e, i**.

Exemplos

<i>abranguer</i>	<i>cinguir</i>	<i>garda</i>	<i>guitarra</i>	<i>roguei</i>
<i>agora</i>	<i>consequín</i>	<i>gardaagullas</i>	<i>guitarrista</i>	<i>salgadura</i>
<i>aguacate</i>	<i>consegueise</i>	<i>gardacostas</i>	<i>lingua</i>	<i>sangue</i>
<i>aguantar</i>	<i>consíga</i>	<i>gardameta</i>	<i>manteiga</i>	<i>sanguíneo</i>
<i>aguillón</i>	<i>erguer</i>	<i>gardería</i>	<i>mastigación</i>	<i>seguimento</i>
<i>alguacil</i>	<i>esmagar</i>	<i>gargallada</i>	<i>mastigar</i>	<i>seguir</i>
<i>antigo</i>	<i>espaguete</i>	<i>gobelete</i>	<i>piragua</i>	<i>seguiremos</i>
<i>artigo</i>	<i>fatigues</i>	<i>gorecer</i>	<i>puga</i>	<i>vangarda</i>
<i>auga</i>	<i>foguete</i>	<i>guante</i>	<i>regar</i>	<i>vogal</i>
<i>augacento</i>	<i>fumegar</i>	<i>guapo</i>	<i>regueiro</i>	<i>xemelgo</i>
<i>augamar</i>	<i>gadaña</i>	<i>guedella</i>	<i>retagarda</i>	<i>xogo</i>
<i>buguina</i>	<i>gando</i>	<i>guieiro</i>	<i>rogo</i>	<i>xoguete</i>

Diérese en güe, güi:

- Ponse diérese enriba de *güe*, *güi* para indicar que ese *u* se pronuncia.

Exemplos

<i>ambigüidade</i>	<i>bilangüe</i>	<i>lingüeta</i>	<i>pingüín</i>	<i>Sigüeiro</i>
<i>antigüidade</i>	<i>bilangüismo</i>	<i>lingüista</i>	<i>piragüismo</i>	<i>trilingüe</i>
<i>argüír</i>	<i>contigüidade</i>	<i>pingüe</i>	<i>piragüista</i>	<i>ungüento</i>

Uso de c/qu

Para representar o son **K**, de casa, escíbese:

- A letra **c**, diante de **a, o, u**.
- O dígrafo **qu**, diante de **e, i**.
- A grafía **k** non pertence ao alfabeto galego. Só aparece en estranxeirismos; exemplos: *karate, anorak, folk, kiwi, rock...*

Exemplos

<i>arquipélagó</i>	<i>candea</i>	<i>cuadrilátero</i>	<i>esquíó</i>	<i>quilogramo</i>
<i>arquivador</i>	<i>cano</i>	<i>cuadriplicar</i>	<i>esquivo</i>	<i>quilómetro</i>
<i>arquivar</i>	<i>cartos</i>	<i>cualificativo</i>	<i>frac</i>	<i>quimono</i>
<i>cabalo</i>	<i>catiúsca</i>	<i>cuarto</i>	<i>pesquei</i>	<i>quinto</i>
<i>cadea</i>	<i>catro</i>	<i>encadernar</i>	<i>quecer</i>	<i>quiosco</i>
<i>caderno</i>	<i>cazapo</i>	<i>equipaxe</i>	<i>queixada</i>	<i>quitar</i>
<i>cadrado</i>	<i>coala</i>	<i>escuadro</i>	<i>queixo</i>	<i>recadar</i>
<i>cadro</i>	<i>corenta</i>	<i>escuro</i>	<i>quenlla</i>	<i>recordo</i>
<i>calquera</i>	<i>cuadrícula</i>	<i>esqueira</i>	<i>quilo</i>	<i>requeixo</i>

Uso de c/z

Para representar o son **Z**, de zoco:

- Escríbese **z** diante de **a**, **o**, **u** e ao final de sílaba.
- Escríbese **c** diante de **e**, **i**. Son excepcións algunhas palabras de orixe estranxeira: *nazi*, *nazismo*, *pizza*.

Exemplos

<i>abrazar</i>	<i>calcio</i>	<i>delicia</i>	<i>licenza</i>	<i>prezado</i>
<i>acacia</i>	<i>cáliz</i>	<i>desprezar</i>	<i>lince</i>	<i>prezo</i>
<i>acedo</i>	<i>calzón</i>	<i>desprezo</i>	<i>locuaz</i>	<i>racial</i>
<i>aceite</i>	<i>cancela</i>	<i>dez</i>	<i>luceiro</i>	<i>raíz</i>
<i>acelerar</i>	<i>cansazo</i>	<i>doazón</i>	<i>lucir</i>	<i>rapaz</i>
<i>acerto</i>	<i>capacitar</i>	<i>doce</i>	<i>luz</i>	<i>razón</i>
<i>actriz</i>	<i>capataz</i>	<i>doenza</i>	<i>maceira</i>	<i>receita</i>
<i>agradecer</i>	<i>caricia</i>	<i>ducia</i>	<i>matiz</i>	<i>recinto</i>
<i>albornoz</i>	<i>carozo</i>	<i>encerro</i>	<i>matraz</i>	<i>rezar</i>
<i>alcanzar</i>	<i>cazo</i>	<i>encestar</i>	<i>mazá</i>	<i>rizo</i>
<i>alianza</i>	<i>cebra</i>	<i>esencia</i>	<i>mazo</i>	<i>sabenza</i>
<i>alteza</i>	<i>cella</i>	<i>esmorecer</i>	<i>menosprezo</i>	<i>silencio</i>
<i>ameazar</i>	<i>cen</i>	<i>espazo</i>	<i>mestizo</i>	<i>socio</i>
<i>amizade</i>	<i>cereixa</i>	<i>espazoso</i>	<i>motriz</i>	<i>suceso</i>
<i>andazo</i>	<i>chafariz</i>	<i>fascinar</i>	<i>mozárabe</i>	<i>tizón</i>
<i>anteface</i>	<i>chamizo</i>	<i>fazaña</i>	<i>nacer</i>	<i>traizoar</i>
<i>anuncio</i>	<i>choza</i>	<i>feitizo</i>	<i>nariz</i>	<i>traizoeiro</i>
<i>anzol</i>	<i>cicatriz</i>	<i>feliz</i>	<i>negocio</i>	<i>traizón</i>
<i>aprazar</i>	<i>ciclo</i>	<i>fociño</i>	<i>nenez</i>	<i>tríscele</i>
<i>arroaz</i>	<i>cigoto</i>	<i>forza</i>	<i>noción</i>	<i>urxencia</i>
<i>arroz</i>	<i>cigurat</i>	<i>fouce</i>	<i>noz</i>	<i>validez</i>
<i>atroz</i>	<i>cinco</i>	<i>foz</i>	<i>obedezo</i>	<i>veciño</i>
<i>audaz</i>	<i>cinguir</i>	<i>fugaz</i>	<i>ocio</i>	<i>velocidade</i>
<i>avestruz</i>	<i>cirurxián</i>	<i>función</i>	<i>oficio</i>	<i>veloz</i>
<i>axuizar</i>	<i>cobiza</i>	<i>gaceta</i>	<i>once</i>	<i>verniz</i>
<i>axustizar</i>	<i>cocer</i>	<i>garza</i>	<i>onza</i>	<i>verza</i>
<i>azar</i>	<i>cocado</i>	<i>graza</i>	<i>ourizo</i>	<i>vinganza</i>
<i>azor</i>	<i>cociña</i>	<i>herdanza</i>	<i>palidez</i>	<i>vizoso</i>
<i>azotea</i>	<i>coiraza</i>	<i>inchazo</i>	<i>paz</i>	<i>voceiro</i>
<i>azouta</i>	<i>contraluz</i>	<i>inciso</i>	<i>percibir</i>	<i>voz</i>
<i>azucra</i>	<i>corazón</i>	<i>inimizade</i>	<i>perdiz</i>	<i>xacer</i>
<i>azul</i>	<i>corzo</i>	<i>inocente</i>	<i>pertenza</i>	<i>xiz</i>
<i>bacilo</i>	<i>couce</i>	<i>inxustiza</i>	<i>pezuño</i>	<i>xuíz</i>
<i>balanza</i>	<i>crenza</i>	<i>lanza</i>	<i>praza</i>	<i>zafarse</i>
<i>balazo</i>	<i>cruz</i>	<i>lazo</i>	<i>prazo</i>	<i>zanco</i>
<i>beizón</i>	<i>danza</i>	<i>lecer</i>	<i>preguiza</i>	<i>zapato</i>
<i>beneficio</i>	<i>decente</i>	<i>ledicia</i>	<i>presenza</i>	<i>zoco</i>
<i>brazo</i>	<i>décima</i>	<i>lenzo</i>	<i>prexuízo</i>	<i>zurcir</i>

Uso de h

Escríbense con h:

- Todas as formas do verbo **haber**.
- As palabras que comezan por **homo-**, que significa ‘o mesmo’, ‘idéntico’.
- As palabras que comezan por **hidro-**, **hidra-**, que significa ‘auga’.
- As palabras que comezan por **hect(o)-** ‘cen, cento’; **hept(a)-** ‘sete’; **hex(a)-** ‘seis’; **hendeca-** ‘once’.
- As palabras que comezan por **hemi-** ‘metade’; **hiper-** ‘sobre’, ‘exceso’ ou ‘superioridade’.
- As formas dos verbos **habitar**, **herdar**, **hospedar**, **honrar** e palabras da súa familia.

Exemplos

<i>deshabitado</i>	<i>hendecasílabo</i>	<i>hidroavión</i>	<i>hipertrofia</i>
<i>desherdar</i>	<i>heptágono</i>	<i>hidroeléctrico</i>	<i>homófono</i>
<i>deshonrar</i>	<i>heptasílabo</i>	<i>hidrofobia</i>	<i>homónimo</i>
<i>haberás</i>	<i>herdade</i>	<i>hidromasaxe</i>	<i>homosexual</i>
<i>habitante</i>	<i>herdanza</i>	<i>hidrosfera</i>	<i>homoxéneo</i>
<i>hai</i>	<i>herdeiro</i>	<i>hidróxido</i>	<i>honra</i>
<i>haxa</i>	<i>hexágono</i>	<i>hiperactivo</i>	<i>honrado</i>
<i>hectogramo</i>	<i>hexasílabo</i>	<i>hipérbole</i>	<i>honroso</i>
<i>hectolitro</i>	<i>hidratar</i>	<i>hipermercado</i>	<i>hospedaxe</i>
<i>hemiciclo</i>	<i>hidrato</i>	<i>hipersensible</i>	<i>hóspede</i>
<i>hemisferio</i>	<i>hidráulico</i>	<i>hipertensión</i>	<i>houbo</i>

Outras palabras con h

<i>anhelar</i>	<i>Helena</i>	<i>hernia</i>	<i>home</i>
<i>cacahuete</i>	<i>hélice</i>	<i>heroe</i>	<i>hostia</i>
<i>coherente</i>	<i>helicóptero</i>	<i>hibernar</i>	<i>hoxe</i>
<i>cohibir</i>	<i>hemeroteca</i>	<i>himno</i>	<i>humanidade</i>
<i>filharmónica</i>	<i>hemorragia</i>	<i>hindú</i>	<i>humano</i>
<i>hamaca</i>	<i>hepatite</i>	<i>hipódromo</i>	<i>humidade</i>
<i>harmonía</i>	<i>herba</i>	<i>hipoteca</i>	<i>húmido</i>
<i>harmónica</i>	<i>herbario</i>	<i>hipótese</i>	<i>prohibir</i>
<i>hedra</i>	<i>hermético</i>	<i>historia</i>	<i>vehículo</i>

Non levan h

<i>achado</i>	<i>ermitán</i>	<i>irmandade</i>	<i>orfo</i>
<i>ai</i>	<i>ermo</i>	<i>irmandar</i>	<i>osario</i>
<i>aí</i>	<i>exuberante</i>	<i>maonesa</i>	<i>óso</i>
<i>arpa</i>	<i>impar</i>	<i>oco</i>	<i>osudo</i>
<i>ata</i>	<i>impo</i>	<i>ola!</i>	<i>ovas</i>
<i>baía</i>	<i>inchado</i>	<i>ombreira</i>	<i>oveira</i>
<i>desinchar</i>	<i>inchar</i>	<i>ombreiro</i>	<i>ovo</i>
<i>desosar</i>	<i>inchazo</i>	<i>ombro</i>	<i>transeúnte</i>
<i>desovar</i>	<i>irmá</i>	<i>orfanato</i>	<i>úmero</i>
<i>ermida</i>	<i>irmán</i>	<i>orfanidade</i>	<i>velaí</i>

Uso de r e rr

A letra r pode ter dous sons diferentes:

- Son suave, que se escribe sempre con r.
- Son forte, que se escribe con r ou con rr.

Escríbese r:

- Entre vogais, cando ten un son suave.
- Detrás de l, de n ou de s, aínda que teña son forte.
- Ao comezo da palabra e en posición final de sílaba.

Exemplos

<i>abecedario</i>	<i>carne</i>	<i>enriba</i>	<i>mariñeiro</i>	<i>serea</i>
<i>ácara</i>	<i>caveira</i>	<i>enroscar</i>	<i>mariño</i>	<i>siderurxia</i>
<i>agora</i>	<i>cera</i>	<i>era</i>	<i>merecer</i>	<i>témpera</i>
<i>áncora</i>	<i>cereixa</i>	<i>eremita</i>	<i>nora</i>	<i>tenro</i>
<i>area</i>	<i>cerume</i>	<i>erixir</i>	<i>ópera</i>	<i>teorema</i>
<i>área</i>	<i>chaira</i>	<i>erudito</i>	<i>operación</i>	<i>úlceras</i>
<i>aurora</i>	<i>chaveiro</i>	<i>escenario</i>	<i>orangután</i>	<i>venres</i>
<i>avaría</i>	<i>cirio</i>	<i>escuridade</i>	<i>ourizo</i>	<i>verdura</i>
<i>avaricia</i>	<i>cirurxía</i>	<i>faraón</i>	<i>ouro</i>	<i>verea</i>
<i>bacteria</i>	<i>colirio</i>	<i>fariña</i>	<i>paraxe</i>	<i>veredicto</i>
<i>barítono</i>	<i>conxuro</i>	<i>fera</i>	<i>parodia</i>	<i>vestiario</i>
<i>beira</i>	<i>coroa</i>	<i>feroz</i>	<i>perexil</i>	<i>viravolta</i>
<i>bisturí</i>	<i>culler</i>	<i>furón</i>	<i>perigoso</i>	<i>viraxe</i>
<i>bitácora</i>	<i>delirar</i>	<i>honra</i>	<i>pólvora</i>	<i>virus</i>
<i>boreal</i>	<i>deriva</i>	<i>iris</i>	<i>querer</i>	<i>vitoria</i>
<i>burato</i>	<i>desratizar</i>	<i>Israel</i>	<i>rancor</i>	<i>voraz</i>
<i>buril</i>	<i>dourado</i>	<i>limoeiro</i>	<i>raro</i>	<i>xarope</i>
<i>caldeiro</i>	<i>eira</i>	<i>lirio</i>	<i>remedio</i>	<i>xenreira</i>
<i>calvario</i>	<i>eiruga</i>	<i>loureiro</i>	<i>réptil</i>	<i>xeranio</i>
<i>carauta</i>	<i>emperador</i>	<i>malabarista</i>	<i>ril</i>	<i>xerente</i>
<i>caravana</i>	<i>enredar</i>	<i>maratón</i>	<i>romaría</i>	<i>xurar</i>
<i>cárcere</i>	<i>enredo</i>	<i>marea</i>	<i>sátiro</i>	<i>zafiro</i>

Escríbese rr:

- Cando o son forte aparece entre vogais.

Exemplos

<i>amarra</i>	<i>burro</i>	<i>escorrer</i>	<i>paporrubio</i>	<i>sorriso</i>
<i>arredor</i>	<i>carrexar</i>	<i>espirrar</i>	<i>parra</i>	<i>soterrado</i>
<i>arrefriado</i>	<i>carril</i>	<i>farrapo</i>	<i>percorrido</i>	<i>tarro</i>
<i>arrolar</i>	<i>carro</i>	<i>ferrollo</i>	<i>porro</i>	<i>terrazas</i>
<i>arrollo</i>	<i>carroza</i>	<i>guerreiro</i>	<i>prórroga</i>	<i>terremoto</i>
<i>arroupar</i>	<i>catarreira</i>	<i>horror</i>	<i>serra</i>	<i>terreo</i>
<i>arrouto</i>	<i>cerrar</i>	<i>marrón</i>	<i>socorro</i>	<i>terrón</i>
<i>beirarrúa</i>	<i>corrente</i>	<i>morrer</i>	<i>sorrir</i>	<i>torrente</i>

Uso de x

A letra x pode ter dous sons diferentes:

- Son ks, coma en *taxi*.
- Son palatal, coma en *lixo*.

Escríbense con x (son ks)

- As palabras que comezan polo prefixo **ex-**, que significa ‘fóra de’ ou ‘que xa non é’.
- As palabras que comezan polo prefixo **extra-**, que significa ‘fóra’, ‘exceso’ ou serve como intensificador.
- As palabras que comezan por **hex(a)-**, **sex-**, que significan ‘seis’

Exemplos

<i>excarcerar</i>	<i>expropiar</i>	<i>extramuros</i>	<i>extraviar</i>
<i>excomungar</i>	<i>expurgar</i>	<i>extraoficial</i>	<i>extraxudicial</i>
<i>excomuñón</i>	<i>extracción</i>	<i>extraordinario</i>	<i>hexaedro</i>
<i>exculpar</i>	<i>extracto</i>	<i>extraplano</i>	<i>hexagonal</i>
<i>exhortar</i>	<i>extraer</i>	<i>extrarradio</i>	<i>hexámetro</i>
<i>exhumar</i>	<i>extraescolar</i>	<i>extrasensorial</i>	<i>hexasílabo</i>
<i>expoñer</i>	<i>extrafino</i>	<i>extraterrestre</i>	<i>sexenio</i>
<i>exposición</i>	<i>extramatrimonial</i>	<i>extravagancia</i>	<i>sexteto</i>

Outras palabras con x (son ks)

<i>ambidextro</i>	<i>excitación</i>	<i>exterminar</i>	<i>paradoxo</i>
<i>anexo</i>	<i>exclusivo</i>	<i>extinguir</i>	<i>prefixo</i>
<i>anorexia</i>	<i>excremento</i>	<i>extintor</i>	<i>pretexto</i>
<i>aproximado</i>	<i>excursión</i>	<i>extirpar</i>	<i>próximo</i>
<i>asfixia</i>	<i>exento</i>	<i>extorsión</i>	<i>reflexivo</i>
<i>auxilio</i>	<i>exhaustivo</i>	<i>extraviar</i>	<i>reflexo</i>
<i>boxeo</i>	<i>exilio</i>	<i>extremar</i>	<i>relax</i>
<i>coexistir</i>	<i>eximir</i>	<i>extremista</i>	<i>saxofón</i>
<i>conexión</i>	<i>existir</i>	<i>fax</i>	<i>sexismo</i>
<i>contexto</i>	<i>éxito</i>	<i>fénix</i>	<i>sexo</i>
<i>crucifixo</i>	<i>éxodo</i>	<i>flexible</i>	<i>sexual</i>
<i>dúplex</i>	<i>exótico</i>	<i>flexión</i>	<i>sílex</i>
<i>exabrupto</i>	<i>expansión</i>	<i>galaxia</i>	<i>sintaxe</i>
<i>exacerbar</i>	<i>expectativa</i>	<i>inconexo</i>	<i>sufixo</i>
<i>exacto</i>	<i>expedición</i>	<i>inoxidable</i>	<i>taxi</i>
<i>exaltar</i>	<i>expediente</i>	<i>intoxicarse</i>	<i>téxtil</i>
<i>exame</i>	<i>experimento</i>	<i>laxante</i>	<i>textual</i>
<i>exánime</i>	<i>experto</i>	<i>maxilar</i>	<i>textura</i>
<i>exasperar</i>	<i>expiar</i>	<i>máximo</i>	<i>tórax</i>
<i>excedente</i>	<i>exportar</i>	<i>mixto</i>	<i>tóxico</i>
<i>excelente</i>	<i>exposición</i>	<i>nexo</i>	<i>toxina</i>
<i>excepción</i>	<i>expulsión</i>	<i>ónix</i>	<i>xenofobia</i>
<i>exceso</i>	<i>exterior</i>	<i>óxido</i>	<i>xilófono</i>

Palabras con x (son palatal)

abordaxe	enxiva	mensaxe	vexiga
aluaxe	esaxerar	mexillón	virxe
ameixa	esixir	monxe	vixésimo
anxo	espionaxe	muxir	vixiar
arxila	executar	naufraxio	xabaril
aterraxe	exemplificar	nonaxésimo	xadrez
axencia	exemplo	orixe	xelatina
axóuxere	exercer	osíxeno	xema
beberaxe	exercicio	oxalá	xemer
berenxena	exército	paisaxe	xenealóxico
bixutería	farinxo	paisaxista	xénero
bocexar	fichaxe	pasaxe	xenio
bricolaxe	finxir	páxina	xente
buxaina	fráxil	peaxe	xenxivite
caixa	frouxo	pelexa	xeo
caixón	garaxe	personaxe	xeógrafo
camuflaxe	hidróxeno	prodixio	xeoloxía
carraxe	hixiene	proxecto	xeometría
cervexa	hixiénico	refrixerar	xeonllo
chantaxe	homoxéneo	relixión	xeque
cirurxía	imaxe	reportaxe	xeral
cirurxián	imaxinar	réxime	xerarca
colexio	inxectar	ruxir	xerarquía
contaxio	latexo	salvaxe	xeroglífico
cónxuxe	lixeiro	sofexo	xersei
coxear	lixivia	somerxer	xestación
cronoloxía	longametraxe	suxeitar	xesto
cronolóxico	lonxe	suxeito	xigante
deterxente	lonxitude	suxestión	xilaba
dirixir	lórico	tarxeta	xílgaro
dixeron	luxoso	tarxeteiro	xirafa
dixital	madeixa	tecnoloxía	xirasol
dobraxo	marxe	teixo	xogar
eixe	masaxe	traxe	xoia
elixir	masaxista	traxecto	xordo
empuxe	maxestade	traxedia	xustapoñer
enerxía	maxia	vaixela	xutar
enxeño	meixela	verxel	xute

Palabras con s, non x

escavación	espoliar	estrañamento
escavadora	espora	estrañar
escavar	espremedor	estrañeza
esclusa	espremer	estraño
escusa	estender (pero extensión,	Estremadura
escusar	extenso, extensivo)	estremeño

Os grupos -cc- e -ct-

- Mantéñense naquelas palabras en que os preceden as vogais **a, e, o**.
Exemplo: *espectacular, exacta, proxecto*.
- Perden o **c** cando os preceden as vogais **i e u**. Exemplo: *reprodución, dicionario*.
Cando unha palabra se escribe co grupo **-cc-**, as da súa familia tamén conteñen o grupo **-ct-**: *acción-acto*.

Exemplos

<i>abstracción (abstracto)</i>	<i>imperfeción (imperfecto)</i>	<i>predilección (predilecto)</i>
<i>afección (afecto)</i>	<i>incorrección (incorrecto)</i>	<i>producción (producto)</i>
<i>atracción (atractivo)</i>	<i>infección (infectar)</i>	<i>protección (protector)</i>
<i>coleción (colecta)</i>	<i>instrucción (instrutivo)</i>	<i>proxección (proyectar)</i>
<i>condución (conductor)</i>	<i>introducción (introdutorio)</i>	<i>reacción (reactivo)</i>
<i>construción (construtor)</i>	<i>inxeción (inxector)</i>	<i>redacción (redactar)</i>
<i>corrección (correcto)</i>	<i>lección (lector)</i>	<i>sedución (sedutor)</i>
<i>dedución (dedutivo)</i>	<i>obxección (obxecto)</i>	<i>selección (selecto)</i>
<i>destrución (destrutivo)</i>	<i>perfección (perfecto)</i>	<i>tradución (tradutor)</i>

Excepcións no uso de -cc- e -ct-

- Mantéñense os grupos **-cc-** e **-ct-** precedidos de **i, u** nalgunhas palabras de uso culto:

<i>adición (adicto)</i>	<i>eructar</i>	<i>invicto</i>
<i>convicción (convicto)</i>	<i>ficción (ficticio)</i>	<i>pictograma</i>
<i>dicción</i>	<i>fricción</i>	<i>succión</i>
<i>dúctil</i>	<i>friccionar</i>	<i>veredicto</i>

Uso das maiúsculas

Esríbense con letra inicial **maiúscula**:

- A primeira palabra dun escrito ou a que vai detrás de punto:
Hoxe deitámonos máis cedo. Temos que madrugar mañá.
- Despois dos dous puntos que seguen ao saúdo nunha carta ou que anuncian unha cita nun texto:
Querida avoa: Esríboche...; Marta dixo: «Non sei que facer».
- Os nomes propios de persoa e lugar: *Ana Guerra, Alemaña, Caldelas de Tui.*
- O artigo dalgúns nomes propios, cando forma parte do nome: *A Coruña, Os Alpes...*
- Os alcumes e sobrenomes que acompañan ou substitúen o nome dunha persoa:
Afonso X o Sabio, o Rei Sol, Pepa a Loba...
- Os nomes xenéricos de lugar esríbense con minúscula (e poden omitirse), pero se forman parte do nome oficial esríbense con maiúscula (e non se poden omitir):
o río Miño / Río da Prata
- Os nomes dalgúns cargos e o tratamento que se lles dá a determinadas persoas:
o Rei, a súa Maxestade, o Papa, Presidente. Pero se estes títulos se usan en sentido xenérico, ou van seguidos do nome da persoa, esríbense con minúscula:

Neste parador estiveron aloxados reis e presidentes.

O rei Xoán Carlos asistiu á cerimonia. O Rei virá en outubro.

- Todos os substantivos e adxectivos que forman os nomes propios de institucións, títulos de xornais e revistas, sucesos históricos:

Xunta de Galicia, Galicia Hoxe, Segunda República...

- Só a letra inicial nos títulos de libros, temas musicais, películas, programas, etc.:

Aires da miña terra, O lago dos cisnes, O bosque animado, Xabarán club...

Exemplos

<i>A guerra</i>	<i>Francia</i>	<i>O Courel</i>	<i>río Miño</i>
<i>das galaxias</i>	<i>Galicia</i>	<i>O Porto</i>	<i>río Texo</i>
<i>A Merca</i>	<i>Henrique</i>	<i>Os Ancares</i>	<i>Rosalía de Castro</i>
<i>A Nosa Terra</i>	<i>Idade de Pedra</i>	<i>Os Pireneos</i>	<i>Santiago de</i>
<i>Amazonas</i>	<i>Idade do Bronce</i>	<i>Ourense</i>	<i>Compostela</i>
<i>Antía</i>	<i>Idade do Cobre</i>	<i>Pedro I o Cru</i>	<i>Séculos Escuros</i>
<i>Antigo Testamento</i>	<i>Idade do Ferro</i>	<i>Pedro Madruga</i>	<i>Sudamérica</i>
<i>Betanzos</i>	<i>Idade Media</i>	<i>Peito de Lobo</i>	<i>supermercado Gadis</i>
<i>Caldas de Reis</i>	<i>Idade Moderna</i>	<i>Pilar</i>	<i>Susana</i>
<i>Casa das Ciencias</i>	<i>mar Mediterráneo</i>	<i>Porto do Son</i>	<i>Tareixa</i>
<i>colexio Breogán</i>	<i>Mar Morto</i>	<i>Portugal</i>	<i>Terceiro Mundo</i>
<i>conde de Lemos</i>	<i>Montes Urais</i>	<i>Primeira Guerra</i>	<i>Terra Chá</i>
<i>Danubio</i>	<i>Museo</i>	<i>Mundial</i>	<i>Toledo</i>
<i>Ebro</i>	<i>do Pobo Galego</i>	<i>Reis Católicos</i>	<i>val do Ulla</i>
<i>Estremadura</i>	<i>Noa</i>	<i>República</i>	<i>Xeración Nós</i>
<i>Farruco</i>	<i>O Bierzo</i>	<i>Surafricana</i>	<i>Xoel</i>
<i>Filipe o Feroso</i>	<i>O Corán</i>	<i>Revolución Francesa</i>	<i>Xornal Dixital</i>

Uso do acento gráfico

Regras xerais de acentuación

- **Palabras agudas**

Escríbense con acento gráfico cando terminan en **vogal**, en **-n**, en **-s** ou **-ns**.

Non se acentúan se rematan en ditongo decrecente, seguido ou non de **-n** ou **-s**.

- **Palabras graves**

Escríbense con acento gráfico cando terminan en **consoante distinta** de **n** ou de **s** ou en **ditongo decrecente** seguido ou non de **-n** ou **-s**.

Cando acaban nun **grupo consonántico distinto de -ns**, levan acento gráfico: *bíceps*, *cómics*.

- **Palabras esdrúxulas**

Escríbense **sempre** con acento gráfico.

- **Palabras sobreesdrúxulas**

Escríbense **sempre** con acento gráfico: *contóuchenolo*, *pregúntallelo*.

Banco ortográfico

Palabras agudas con acento gráfico

<i>afán</i>	<i>carmesí</i>	<i>gardíá</i>	<i>pavón</i>
<i>alá</i>	<i>carné</i>	<i>hindú</i>	<i>pimpín</i>
<i>alcatrán</i>	<i>cempés</i>	<i>iglú</i>	<i>portugués</i>
<i>alelí</i>	<i>chalé</i>	<i>imán</i>	<i>quinqué</i>
<i>alguén</i>	<i>chinés</i>	<i>inglés</i>	<i>refráns</i>
<i>alí</i>	<i>colchón</i>	<i>irmáns</i>	<i>revés</i>
<i>anís</i>	<i>compás</i>	<i>israelí</i>	<i>rubí</i>
<i>Antón</i>	<i>cortés</i>	<i>león</i>	<i>sultán</i>
<i>aquí</i>	<i>cotiá</i>	<i>limóns</i>	<i>tabú</i>
<i>arlequín</i>	<i>descortés</i>	<i>livíán</i>	<i>talismán</i>
<i>atrás</i>	<i>doazón</i>	<i>maletíns</i>	<i>tamén</i>
<i>autobús</i>	<i>dominó</i>	<i>mañá</i>	<i>tirizó</i>
<i>bailarín</i>	<i>dragón</i>	<i>manequín</i>	<i>tizón</i>
<i>bambú</i>	<i>escocés</i>	<i>marroquí</i>	<i>tobogán</i>
<i>Berlín</i>	<i>esquís</i>	<i>mazá</i>	<i>Trasmañó</i>
<i>bisturí</i>	<i>faisán</i>	<i>mazapán</i>	<i>través</i>
<i>boletín</i>	<i>folgazán</i>	<i>mazás</i>	<i>trolebús</i>
<i>burgués</i>	<i>francés</i>	<i>ninguén</i>	<i>turrón</i>
<i>café</i>	<i>fregués</i>	<i>ningúns</i>	<i>vacún</i>
<i>caimán</i>	<i>furacán</i>	<i>orangután</i>	<i>volcán</i>
<i>campá</i>	<i>furón</i>	<i>parabéns</i>	<i>xabón</i>
<i>canelón</i>	<i>futbolín</i>	<i>París</i>	<i>xampú</i>
<i>capitán</i>	<i>galán</i>	<i>parqué</i>	<i>xardíns</i>
<i>capón</i>	<i>galardón</i>	<i>patín</i>	<i>xasmín</i>

Palabras agudas sen acento gráfico

<i>abril</i>	<i>cantei</i>	<i>funeral</i>	<i>outonal</i>
<i>acidez</i>	<i>caravel</i>	<i>furor</i>	<i>papeis</i>
<i>actriz</i>	<i>castor</i>	<i>guiador</i>	<i>parasol</i>
<i>además</i>	<i>catedrais</i>	<i>hostil</i>	<i>pardal</i>
<i>adeus</i>	<i>central</i>	<i>humor</i>	<i>pertinaz</i>
<i>agricultor</i>	<i>chofer</i>	<i>incapaz</i>	<i>rancor</i>
<i>albanel</i>	<i>civil</i>	<i>infantil</i>	<i>rapaz</i>
<i>andel</i>	<i>cordeis</i>	<i>infernal</i>	<i>relax</i>
<i>anel</i>	<i>debuxar</i>	<i>islam</i>	<i>revisor</i>
<i>aprendiz</i>	<i>despois</i>	<i>labor</i>	<i>robot</i>
<i>ascensor</i>	<i>dezaseis</i>	<i>lagar</i>	<i>sinal</i>
<i>autostop</i>	<i>dirixir</i>	<i>lavou</i>	<i>unisex</i>
<i>avestruz</i>	<i>dixital</i>	<i>letais</i>	<i>xadrez</i>
<i>azuis</i>	<i>emperatriz</i>	<i>licor</i>	<i>xirasol</i>
<i>bacharel</i>	<i>estribor</i>	<i>lucidez</i>	<i>xograr</i>
<i>barril</i>	<i>farol</i>	<i>mandil</i>	<i>xoguei</i>
<i>buscou</i>	<i>fogar</i>	<i>marfil</i>	<i>xornal</i>
<i>candil</i>	<i>fugaz</i>	<i>nivel</i>	<i>xuvenil</i>

Palabras graves con acento gráfico

álbum	cómic	fráxil	prénsil
alcázar	cóndor	fútbol	púxil
alférez	cónsul	grácil	réquiem
ámbar	contráctil	hábil	retráctil
ántrax	cráter	imbécil	revólver
automóbil	cuadríceps	infértil	sílex
áxil	dátil	inmóbil	símil
béisbol	débil	inútil	táctil
bérber	difícil	inverosímil	tándem
bíceps	dócil	láser	télex
cadáver	dúctil	látex	téxtil
cáliz	dúplex	líder	tórax
cáncer	eréctil	mártir	tótem
caníbal	estéril	médium	tríceps
cénit	fácil	mísil	túnel
césar	fénix	móbil	útil
chándal	fértil	níquel	váter
clímax	fórceps	portátil	versátil
cóctel	fósil	póster	volátil

Palabras graves sen acento gráfico

abrigo	despiste	heroe	percorrido
acedo	diocese	herpes	psique
acelga	disfrace	humorista	ravo
acne	dolmen	humus	relampo
aguia	dominante	ibero	reloxo
alicates	dote	imperdoable	requisito
anxo	eclipse	interese	rotundo
arame	egua	lapis	ruxido
artigo	electricista	liña	saba
aterraxe	elite	malabarista	sapiens
atmosfera	empuxe	maquillaxe	sorriso
auga	esbirro	mastro	soto
azucres	esterco	medula	souto
brinco	etnia	mitin	testemuña
calcario	finalista	mordedela	tomiño
canle	fronteirizo	muxica	tranquilo
canon	fulminante	nailon	trevo
caqui	fusible	nocello	tributo
casca	futbolista	oasis	utilidade
chasis	galicismo	omoplata	vestido
comigo	grazas	palpable	virus
conduta	grumete	paradoxo	xeonllo
corpus	gruñido	parasito	xermolo
cosmos	hemiciclo	pelicano	zunido

Palabras esdrúxulas

ábaco	clínica	harmónica	pálpebras
ácaro	cóbado	hélice	parágrafo
ácido	código	híbrido	páxina
acróbata	cómico	hipódromo	péndulo
acústico	cómodo	hispanico	península
álamo	cómplice	horóscopo	pérgola
albóndega	cónxuxe	hóspede	perímetro
áloe	crédito	idéntico	pésimo
alvéolo	crítica	ilustrísimo	pétalo
ámbito	cúpula	ímpeto	petróglifo
análogo	currículo	incógnito	pícaro
áncora	cúspide	índole	plácido
ánfora	dálmata	ínfimo	plástico
ángulo	débeda	insólito	polémico
ánimo	década	íntimo	políglota
anódino	déficit	isóbara	pórtico
anómalo	democrático	lámina	práctico
antídoto	depósito	lámpada	préstamo
apóstolo	despótico	lápida	prismático
árabe	didáctico	látego	prólogo
árbore	díxito	lexítimo	próximo
árido	ébano	límite	rápido
ártico	elástico	líquido	rectángulo
áspide	enérxico	lóxico	retrógrado
atmosférico	épico	lúgubre	réxime
átomo	epílogo	lunático	ridículo
auténtico	época	mamífero	rubéola
automático	espectáculo	mármore	semáforo
bágoas	espírito	máscara	sémola
bitácora	espléndido	máxico	sésamo
bolígrafo	estático	máximo	sétimo
bóveda	estético	mecánico	sílaba
brócoli	estómago	mércores	síndrome
cálculo	étnico	mérito	sólido
cálido	exército	mínimo	tentáculo
cámara	éxodo	música	térmico
cántaro	facsímile	nácara	termóstato
cántico	famélico	obstáculo	tímpano
capítulo	fascículo	ópera	tómbola
cárcere	fígado	óptimo	tóxico
célebre	filántropo	órbita	tráfico
célula	fósforo	órgano	tráxico
céntimo	fotógrafo	ortográfico	vértice
céspede	gárgola	ortopédico	vixésimo
cítrico	glóbulo	óxido	xénero

Regras especiais de acentuación

Os ditongos e os tritongos

As palabras con ditongo seguen as mesmas regras xerais de acentuación ca as palabras agudas, graves ou esdrúxulas.

- Nos ditongos tónicos formados por vogal aberta (**a, e, o**) e vogal pechada (**i, u**) o acento gráfico colócase sobre a vogal aberta: *avión, béisbol, axóuxere, patriótico*.
- Os tritongos tónicos levan o acento gráfico na vogal aberta, que é a que está no medio, segundo as regras xerais de acentuación; pero é pouco común a aparición de tritongos: *cambiéivolo*.

Exemplos

<i>acuático</i>	<i>cáustico</i>	<i>dióxido</i>	<i>náutico</i>
<i>admisión</i>	<i>ciática</i>	<i>erosión</i>	<i>noiés</i>
<i>aeronáutico</i>	<i>cirurxián</i>	<i>éuscaro</i>	<i>patriótico</i>
<i>afección</i>	<i>cláusula</i>	<i>farmacéutico</i>	<i>petición</i>
<i>anción</i>	<i>colección</i>	<i>fusión</i>	<i>poliéster</i>
<i>asiático</i>	<i>condición</i>	<i>hidráulico</i>	<i>psiquiátrico</i>
<i>áureo</i>	<i>cotián</i>	<i>hixiénico</i>	<i>reunión</i>
<i>axitación</i>	<i>déixao</i>	<i>ilusión</i>	<i>sección</i>
<i>béisbol</i>	<i>diábolo</i>	<i>láudano</i>	<i>sóubeno</i>
<i>biógrafo</i>	<i>diáfano</i>	<i>maniático</i>	<i>soviético</i>
<i>biólogo</i>	<i>diálise</i>	<i>nación</i>	<i>terapéutico</i>
<i>camión</i>	<i>diálogo</i>	<i>náufrago</i>	<i>tráiler</i>
<i>cardiólogo</i>	<i>diérese</i>	<i>náusea</i>	<i>xeriátrico</i>

Os hiatos

O hiato prodúcese cando dúas vogais se escriben xuntas, pero se pronuncian en sílabas diferentes.

- Cando o hiato está formado por unha vogal pechada tónica (**i, u**) e unha vogal aberta (**a, e, o**), sempre leva acento gráfico na vogal débil.
- Cando o hiato está formado por vogais abertas (**a, e, o**) segue as regras xerais de acentuación.

Exemplos

<i>abadía</i>	<i>ataúde</i>	<i>caída</i>	<i>covardía</i>
<i>abstraído</i>	<i>atavío</i>	<i>caligrafía</i>	<i>cría</i>
<i>adobío</i>	<i>autovía</i>	<i>campaiña</i>	<i>crío</i>
<i>aéreo</i>	<i>baixío</i>	<i>carpintaría</i>	<i>decaído</i>
<i>alcaldía</i>	<i>balea</i>	<i>carrozaría</i>	<i>desafío</i>
<i>aldea</i>	<i>baúl</i>	<i>casarío</i>	<i>desoír</i>
<i>aldeán</i>	<i>boísimo</i>	<i>chío</i>	<i>desvío</i>
<i>alegría</i>	<i>cabreo</i>	<i>cirurxía</i>	<i>día</i>

Banco ortográfico

<i>dioptría</i>	<i>galería</i>	<i>oír</i>	<i>rubéola</i>
<i>dúas</i>	<i>gardaría</i>	<i>ousadía</i>	<i>sabería</i>
<i>dúo</i>	<i>harmonía</i>	<i>paraíso</i>	<i>saúde</i>
<i>egoísmo</i>	<i>harpía</i>	<i>peúgo</i>	<i>teoría</i>
<i>enerxía</i>	<i>ideoloxía</i>	<i>pío</i>	<i>tiranía</i>
<i>enfermaría</i>	<i>león</i>	<i>poderío</i>	<i>transeúnte</i>
<i>envío</i>	<i>lotaría</i>	<i>poesía</i>	<i>trío</i>
<i>espía</i>	<i>lúa</i>	<i>policía</i>	<i>valía</i>
<i>etíope</i>	<i>mediodía</i>	<i>portaría</i>	<i>vía</i>
<i>extravío</i>	<i>mestría</i>	<i>posúe</i>	<i>vixía</i>
<i>fantasía</i>	<i>monorraíl</i>	<i>raíl</i>	<i>xardinaría</i>
<i>faraón</i>	<i>navío</i>	<i>raíz</i>	<i>xeografía</i>
<i>fastío</i>	<i>oído</i>	<i>regadío</i>	<i>xeógrafo</i>
<i>frío</i>	<i>oínte</i>	<i>río</i>	<i>xoiaría</i>

Combinación das vogais pechadas

Cando en posición tónica da palabra aparecen xuntas as dúas vogais pechadas (i, u):

- Se a tónica é a segunda vogal, forman un hiato e acentúase para marcalo.
Exemplo: *ruído*.
- Se a tónica é a primeira vogal, forman un ditongo e acentúase na primeira vogal se lle corresponde polas regras xerais de acentuación. Exemplo: *viviú, conduciuno, púidenlle*.

Exemplos de hiatos (iú, uí)

<i>bruído</i>	<i>diúrno</i>	<i>miúdo</i>	<i>recluír</i>
<i>circuíto</i>	<i>druída</i>	<i>muiño</i>	<i>ruído</i>
<i>constituínte</i>	<i>excluíu</i>	<i>obstruír</i>	<i>ruín</i>
<i>construír</i>	<i>fiúncho</i>	<i>oriúndo</i>	<i>ruína</i>
<i>contribuínte</i>	<i>fluído</i>	<i>posuír</i>	<i>suízo</i>
<i>contribuír</i>	<i>gratuíto</i>	<i>posuíu</i>	<i>viúvo</i>
<i>destituír</i>	<i>Luís</i>	<i>prexuízo</i>	<i>xuíz</i>
<i>destruír</i>	<i>Luísa</i>	<i>puír</i>	<i>xuízo</i>

Exemplos de ditongos (iu, ui)

<i>abriu</i>	<i>caiuco</i>	<i>partiu</i>	<i>seguíume</i>
<i>abriuche</i>	<i>comenenciudo</i>	<i>pediuche</i>	<i>sufriu</i>
<i>abríunolo</i>	<i>conduciu</i>	<i>puiden</i>	<i>sufriuno</i>
<i>asiduidade</i>	<i>engadiu</i>	<i>puido</i>	<i>suite</i>
<i>azuis</i>	<i>engadiuno</i>	<i>púidose</i>	<i>triunfo</i>
<i>baiuca</i>	<i>lingüista</i>	<i>seguíu</i>	<i>Tuí</i>

Acento diacrítico

Úsase para diferenciar palabras que se escriben da mesma maneira, pero teñen significados diferentes. En moitas palabras, o acento diacrítico márcase enriba da vogal tónica (e, o) para indicar que a súa pronuncia é aberta.

Palabras con acento diacrítico

SEN ACENTO GRÁFICO		CON ACENTO GRÁFICO	
a	Artigo (<i>Fixo a casa.</i>) Pronome persoal (<i>Non a quero.</i>) Preposición (<i>Irei a Lugo.</i>)	á	Contracción: preposición a + + artigo a (<i>Foi á casa.</i>) / Substantivo: ‘Extremidade das aves’ (<i>O paxaro rompeu unha á.</i>)
as	Artigo (<i>Viu as casas.</i>) Pronome persoal (<i>Non as quero.</i>)	ás	Substantivo: ‘Extremidade das aves’ (<i>Ás de gabián.</i>) / ‘Carta co número un’ (<i>O ás de copas.</i>) Contracción: preposición a + + artigo as (<i>Dádellelo ás amigas.</i>)
ca	Conxunción comparativa (<i>Son máis listos ca vós.</i>)	cá	Contracción: conxunción comparativa ca + artigo a (<i>A miña é mellor cá túa.</i>)
cha	Contracción: pronome persoal che + pronome persoal a (<i>Non cha darei.</i>)	chá	Adxectivo: feminino de chan ‘lisa, plana’ (<i>Quero unha bandexa chá.</i>)
chas	Contracción: pronome persoal che + pronome persoal a (<i>Non chas darei.</i>)	chás	Adxectivo: ‘lisas, planas’ (<i>Unhas bandexas chás.</i>)
co	Contracción preposición con + + artigo o (<i>Vai co can.</i>)	có	Contracción: conxunción comparativa ca + artigo o (<i>O meu é mellor có teu.</i>)
cos	Contracción: preposición con + + artigo os (<i>Vai cos cans.</i>)	cós	Contracción: conxunción comparativa ca + artigo os (<i>Os teus son mellores có meus.</i>)
compre	Verbo <i>comprar</i> : ‘merque’	cómpre	Verbo <i>cumprir</i> : ‘é preciso’
da	Contracción: preposición de + + artigo a (<i>O libro da mestra.</i>)	dá	Verbo <i>dar</i> : (<i>Non lle dá a gana.</i>)
do	Contracción: preposición de + + artigo o (<i>O libro do mestre.</i>)	dó	Substantivo: ‘Nota musical’ (<i>Concerto en dó menor.</i>) ‘Compañón’ (<i>Ten dó dela!</i>)
e	Conxunción copulativa (<i>Comeu pan e chocolate.</i>)	é	Verbo <i>ser</i> (<i>Andrés é simpático.</i>)
fora	Forma do verbo <i>ser</i> e <i>ir</i> (<i>Dixo que fora el. El non fora alí nunca.</i>)	fóra	Adverbio de lugar (<i>Quedou fóra da casa.</i>)
mais	Conxunción copulativa ‘e mais’, e adversativa ‘pero’.	máis	Adverbio de cantidade (<i>Quero máis pan.</i>)
no	Contracción: preposición en + + artigo o (<i>Está no cuarto.</i>)	nó	Substantivo: ‘lazo, atadura’ (<i>Fixo mal o nó da gravata.</i>)

Palabras con acento diacrítico

SEN ACENTO GRÁFICO		CON ACENTO GRÁFICO	
<i>nos</i>	Contracción: preposición <i>en</i> + artigo <i>os</i> (<i>Mira nos caixóns.</i>). Pronome átono.	<i>nós</i>	Substantivo: ‘lazo’; ‘atadura’. Pronome tónico.
<i>o</i>	Artigo (<i>O rapaz.</i>) Pronome átono (<i>Non o sabe.</i>)	<i>ó</i>	Contracción: preposición <i>a</i> + artigo <i>o</i> (<i>Irei ó cine.</i>)
<i>os</i>	Artigo (<i>Os rapaces.</i>) Pronome átono (<i>Non os quere.</i>)	<i>ós</i>	Contracción: preposición <i>a</i> + artigo <i>o</i> (<i>Díxollelo ós pais.</i>)
<i>oso</i>	Substantivo: ‘animal plantígrado’	<i>óso</i>	Substantivo: ‘parte do esqueleto’
<i>pe</i>	Substantivo: ‘letra do abecedario’ (<i>Tes que escribir un pe.</i>)	<i>pé</i>	Substantivo: ‘parte do corpo’ (<i>Dóeme o pé dereito.</i>)
<i>pola</i>	Contracción: preposición <i>por</i> + + artigo <i>a</i> . Substantivo: ‘galiña nova’	<i>póla</i>	Substantivo: ‘rama’
<i>por</i>	Preposición (<i>Cinco por dez.</i>)	<i>pór</i>	Verbo <i>poñer</i> (<i>Vouno pór alí.</i>)
<i>presa</i>	Adxectivo: ‘prendida’ Substantivo: ‘encoro’; ‘manchea’	<i>présa</i>	Substantivo: ‘apuro’
<i>se</i>	Conxunción condicional (<i>Se o sabes, dimo.</i>) Pronome átono: (<i>Non se oe.</i>)	<i>sé</i>	Substantivo: ‘Sede eclesiástica’ Imperativo do verbo <i>ser</i> (<i>Sé paciente.</i>)
<i>so</i>	Preposición: ‘debaixo de’ (<i>O gato está so a mesa.</i>)	<i>só</i>	Adxectivo: ‘solitario’ (<i>Vive só.</i>) Adverbio: ‘soamente’ (<i>Só ten un.</i>)
<i>te</i>	Pronome persoal (<i>Non te avisou.</i>)	<i>té</i>	Substantivo: ‘infusión’ (<i>Tomei té.</i>)
<i>vos</i>	Pronome persoal átono.	<i>vós</i>	Pronome persoal tónico.

As palabras compostas

- Cando as palabras que forman o composto van separadas por guión, levan acento gráfico se o levan as simples: *tráxico-cómico*, *vasco-francés*.
- Cando os termos que forman o composto se escriben xuntos, constitúen unha soa palabra e seguen as normas xerais de acentuación.

Exemplos

abrecartas

cortacésped

limpaparabrisas

paraugas

abrelatas

cortaúñas

marcapasos

pasapurés

afialapis

curtocircuíto

marcapáxinas

portaavións

buscavidas

escarvadentes

milfollas

quentapés

calcapapeis

fincapé

parabrisas

rodapé

cempés

gardacostas

paracaídas

tiraliñas

contagotas

gardalamas

parachoques

sacarrollas

contaquilómetros

lavamáns

pararraios

videoxogo

Os interrogativos e os exclamativos

- As palabras **como**, **cando**, **canto**, **onde**, **que** e **quen** non van acentuadas cando se utilizan para introducir preguntas ou exclamacións:

*Como o fixeches? Como me gusta! Cando virás? Canto tempo! Onde vive?
Onde se meteu! Que lle fixeches? Que bonito! Quen cho dixo? Quen o ía imaxinar!*

Confusións frecuentes

Palabras homónimas			
<i>abalar</i>	'Mover, abanar'	<i>aval</i>	'Garantir'; 'dar un aval'
<i>aca</i>	'Soporte de automóviles'	<i>vaca</i>	'Animal'
<i>bacilo</i>	'Bacteria'	<i>vacilo</i>	Forma do verbo <i>vacilar</i>
<i>bago</i>	'Gran de uva'	<i>vago</i>	'Que non está ben definido'; 'preguiceiro'
<i>baraza</i>	'Cordel'	<i>varaza</i>	'Vara grande'
<i>basta</i>	'Dobra do inferior da roupa'	<i>vasta</i>	'Extensa, ampla'
<i>bate</i>	Forma do verbo <i>bater</i>	<i>vate</i>	'Adiviño, vidente'
<i>bela</i>	'Fermosa'	<i>vela</i>	'Peza de lona dun barco'
<i>boa</i>	'Axeitada'; 'serpe'	<i>voa</i>	Forma do verbo <i>voar</i>
<i>bobina</i>	'Cilindro, carrete'	<i>bovina</i>	Da familia do gando vacún
<i>botar</i>	'Tirar'; 'lanzar'; 'dar botes'	<i>votar</i>	'Emitir un voto'
<i>cabo</i>	'Corda'; 'entrada de terra no mar'; 'graio militar'	<i>cavo</i>	Forma do verbo <i>cavar</i> .
<i>elixir</i>	(Son ks) 'Xarope ou remedio milagroso'	<i>elixir</i>	(Son palatal) 'Escoller'
<i>habano</i>	'Tipo de cigarro'	<i>abano</i>	'Utensilio para dar aire'
<i>haber</i>	Verbo 'Ser, existir'; 'conxunto de bens'	<i>a ver</i>	Preposición + verbo <i>ver</i> (<i>A ver se hoxe chega cedo.</i>)
<i>hai</i>	Forma do verbo <i>haber</i> (<i>Xa non hai nada que facer.</i>)	<i>ai</i>	Exclamación (<i>Ai, canto traballo!</i>)
<i>has</i>	Forma do verbo <i>haber</i> (<i>Ti has de aprobar.</i>)	<i>as</i>	Artigo feminino plural (<i>Son as miñas amigas.</i>)
<i>hora</i>	'Unidade de tempo'	<i>ora</i>	Forma do verbo <i>orar</i> 'rezar'
<i>luxar</i>	(son ks) 'Facer que un óso se disloque'	<i>luxar</i>	(Son palatal) 'Lixar, manchar'
<i>nobelo</i>	'Rolo de la'	<i>novelo</i>	'Cuxo, cría da vaca'
<i>rabo</i>	'Cola'; 'mango'	<i>ravo</i>	'Hortaliza'
<i>vestiario</i>	'Conxunto de pezas de vestir'	<i>bestiario</i>	'Conxunto de seres fantásticos'

Banco ortográfico

Palabras parónimas			
<i>absolver</i>	‘Perdoar’	<i>absorber</i>	‘Chupar líquido’
<i>actitude</i>	‘Comportamento’	<i>aptitude</i>	‘Capacidade’
<i>adoitar</i>	‘Facer por costume’	<i>adoptar</i>	‘Tomar por fillo’ ‘Tomar unha decisión’
<i>avaliar</i>	‘Cualificar’	<i>avalara</i>	‘Garantir’
<i>clave</i>	Conxunto de signos ou sinais cun significado	<i>crave</i>	Do verbo <i>cravar</i>
<i>egrexio</i>	‘Célebre, ilustre’	<i>esgrevio</i>	‘Abrupto, escarpado’
<i>especia</i>	‘Condimento’	<i>especie</i>	‘Tipo, clase’
<i>espiar</i>	‘Vixiar’	<i>expiar</i>	‘Borrar culpas ou faltas’
<i>fundir</i>	‘Derreter’	<i>afundir</i>	‘Ir para o fondo’
<i>infectar</i>	‘Contaxiar’ (<i>Infectar unha ferida.</i>)	<i>infestar</i>	‘Encher de algo prexudicial’ (<i>Un can infestado de pulgas.</i>)
<i>infrinxir</i>	‘Quebrantar’ (<i>Infrinxir a lei.</i>)	<i>influxir</i>	‘Aplicar’ (<i>Influxir un castigo.</i>)
<i>lucido</i>	Do verbo <i>lucir</i>	<i>lúcido</i>	‘Sagaz, intelixente’
<i>mallo</i>	‘Instrumento para mallar os cereais’	<i>maio</i>	‘Mes seguinte a abril’
<i>planto</i>	Do verbo <i>plantar</i>	<i>pranto</i>	‘Choro persistente’
<i>plebe</i>	‘Clase baixa do pobo’	<i>prebe</i>	‘Adobo, salsa’
<i>sirena</i>	‘Aparello que xera sons’	<i>serea</i>	‘Ser mariño fantástico’
<i>Suízo</i>	‘Orixinario de Suíza’	<i>xuízo</i>	‘Sentido’; ‘feito de vulgar’
<i>tafeza</i>	‘Traballo’	<i>tarifa</i>	‘Prezo’
<i>termar</i>	‘Suxeitar algo’	<i>tremar</i>	‘Axitarse con movementos rápidos’
<i>testemuño</i>	‘Declaración’ (<i>O xuíz tomou testemuño a varias persoas.</i>)	<i>testemuña</i>	‘Persoa que viu algunha cousa’ (<i>A testemuña contouno todo.</i>)
<i>vixilante</i>	Persoa que se encarga de vixiar (<i>Traballa de vixilante nun aparcadoiro.</i>)	<i>vixiante</i>	Que está en disposición de vixiar. (<i>O can estaba vixiante desde o valo.</i>)

Ditados

- Uso de b
- Uso de v
- Uso de g
- Uso de qu/c
- Uso de z/c
- Uso de h
- Uso de r e rr
- Uso de x
- Os grupos -cc- e -ct-
- Uso das maiúsculas
- Uso do acento gráfico

Uso de b

A buxaina

O outro día, cando subín ao faiado, atopei nun baúl unha buxaina. Seica fora de meu pai, pero el non lembraba onde estaba. Contoume que de pequeno xogaba moito con ela e tiña grande habilidade en facela bailar. Agora estame a ensinar a min a facelo. Hai que suxeitar ben o cordel á cabeza do aparello, enroscalo na parte baixa e botala ao chan. É posible que lle colla o truco ao trebello, pero por agora... a pobre buxaina máis ca bailar recibe golpes a oito!

As ideas de Brais

De todos os labores que debe facer na casa, o que menos lle gusta a Brais é o de ordenar o cuarto. O outro día, cando debía estar a facer ese traballo, a nai atopouno sentado enriba da cama absolutamente absorto. Imaxinaba que nun futuro el había de elaborar un robot especializado en facer camas. Estaba seguro de que sería unha importante contribución á humanidade. E quen sabe, ao mellor algún día fabrica un, porque Brais é moi obstinado!

Uso de v

Novas actividades

A asociación de veciños estivo reunida este venres para establecer as actividades que se desenvolverán na vila nos vindeiros meses. Consérvanse algunhas das realizadas o ano pasado e haberá dúas novidades atractivas: un curso de gravado e unha excursión á ferverza do Toxa. A directiva prevé que estas actividades serán recibidas con interese.

Vida nocturna no bosque

Nos bosques, os animais nocturnos relevan aos que vemos polo día. Aproveitan para movérense e alimentárense. Estes seres vivos posúen sentidos desenvolvidos que lles permiten compensar a falta de luz. Nunha noite no bosque habemos observar misteriosos vultos fuxitivos que atravesan vereas, que se pousan en valos ou van veloces de árbore en árbore. E tamén oiremos ouveos, renxidos de varas e ramas... que o invaden todo.

Uso de g

Cousas antigas

O pai da miña amiga Águeda ten unha tenda de antigüidades. Algunhas tardes, despois de facer os deberes, vou xogar con Águeda á súa casa que está a carón da tenda. O outro día conseguín que me levase a ver os obxectos curiosos que alí se gardan: un xilgaro de madeira nunha gaiola, unha guitarra chea de adhesivos, unha buguina mariña, un gorro de pirata, un carro de xoguete... A min gústame imaxinar como serían os donos destes trebellos curiosos.

O mago Guillermo

Guillermo quere ser mago. Conseguiu aprender algúns trucos interesantes e os seus amigos son o seu público. O domingo realizou un en que tiña que facer desaparecer a auga dunha garrafa e deixounos a todos pingando. Iso si, acabaron rindo ás gargalladas.

Uso de qu/c

As plantas e a música

Experimentos científicos recentes confirman que ás plantas lles gusta a música. Non se sabe se a oen, pero si que notan a vibracións do son. Así, tenden a crecer e facerse máis fortes e ter follas máis brillantes. Pero non lles vale calquera composición: o que máis lles agrada é a clásica; pola contra, o rock, especialmente o máis barulleiro, non lles chista nada.

Aquela tarde

No outono, meu curmán mais eu botamos longas camiñadas polo monte. Ás veces andamos quilómetros, pero non nos cansamos. Pasamos tardes inesquecibles. Lembro aquela en que descubrimos un pequeno tobo e, cando nos achegamos, un coello saíu correndo coma un foguete. Co susto que nos deu caemos ao chan!

Uso de z/c

Unha escena na praza

Onte na praza da vila estiveron rodando escenas dunha película policial. Xuntáronse ducias de persoas na zona. Algúns acercábanse só para observar. Outros tiñan a esperanza de conseguir un autógrafo da actriz protagonista. Pero tamén houbo certos cidadáns que descoñecían a razón daquel ciclón de xente. Cando se decataron da presenza de policías dando voces e correndo a toda velocidade, levaron un susto atroz, pois creron que algo terrible estaba a suceder na praza.

Inicio dunha amizade

Hoxe coñecín un rapaz novo no parque. Cruzámonos na pista e batemos coas nosas bicis. Foi un tropezo sen consecuencias graves. Decidimos botar unha carreira a ver quen era capaz de alcanzar antes o chafariz ao final da pista. Corremos ata quedar sen forzas e despois tirámonos no céspede a descansar do esforzo. Quedamos en vernos mañá ás cinco de novo.

Uso de h

O oficio de Helena

Desde pequena, o anhelo de Helena era ser arquitecta. Agora esta é a súa profesión. Dedícase a rehabilitar casas e edificios antigos e históricos. Dá gusto ver como exhiben o seu antigo esplendor vivendas que levaban anos abandonadas e volven ser habitables.

Na ermida

Preto da miña aldea hai unha ermida, nun outeiro. Está arrodeada dun valado en que medran as hedras. Cando acaba o inverno, chegan as andoriñas que aproveitan o beiril do tellado para facer, con grande habilidade, niños onde poñen os seus ovos. Alí nacerán as súas crías e, cando cheguen os fríos, marcharán ata lugares máis cálidos. Os niños quedarán deshabitados e haberá que agardar ata o vindeiro ano para que a ermida reciba novos hóspedes.

Uso de r e rr

Arredor do castelo

Na Idade Media moitas persoas vivían nos arredores dun castelo. Os campesiños recibían unha miserable vivenda e, a cambio, coidaban rabaños e cultivaban as terras do señor. Só en momentos de gran risco podían refuxiarse dentro do castelo. Outros tiñan pequenas leiras en propiedade, pero debían pagar fortes impostos ao señor para que este puidese guerrear e manter o seu poder.

Unha historia curiosa

É curiosa e terrible esta lenda, pero a min quen ma contou aseguroume que sucedera de verdade. Disque nun castelo alá no interior dos montes de Ourense hai moitos, moitos anos, desapareceu unha fermosa doncela. Despois de moito buscala decidiron dala por morta. Pasados uns anos, o irmán daquela doncela saíu a cazar polo monte e deu morte a unha cerva branca. Cal sería a súa sorpresa cando, ao ir recoller a cerva para levala ao castelo, descubriu que era a doncela desaparecida, a súa irmá, que fora vítima dun meigallo! Unha meiga encantara a doncela e convertéaa en cerva!

Uso de x

Sobre patíns

Practicar patinaxe sobre xeo pode ser un bo xeito de facer exercicio. Os patinadores e xogadores de deportes sobre xeo precisan horas de ensaio e adestramento ata conseguir unha boa flexibilidade do corpo para se manter en equilibrio. Por iso, se desexas patinar no xeo e caes varias veces porque non tes experiencia na patinaxe, non te desanimes, ao final seguro que acabas tendo éxito.

Extraterrestres

A idea da existencia de seres intelixentes orixinarios doutros mundos fóra da Terra é moi antiga. Cando se fala de seres extraterrestres, unha das primeiras imaxes que nos vén á cabeza son humanoides con longas extremidades. Ninguén se atreveu aínda a excluír rotundamente que existan estes espectaculares seres. Pero, polo momento, ningunha das expedicións enviadas ao espazo exterior a examinar a superficie doutros astros detectou rastros destes extravagantes seres, nin doutros.

Os grupos -cc- e -ct-

Unha gran afección

Desde sempre, Iria sentiu unha verdadeira atracción polos xoguetes mecánicos. Nas tendas de xoguetes sempre se detén nesta sección. A súa afección é tan grande que ten unha verdadeira colección: cabalos, coches, trens... O seu predilecto é un carrusel en miniatura con música e todo. Gústalle darlles explicacións aos amigos sobre os materiais de construción, o funcionamento e as instrucións de uso de cada artefacto. Ela di que, cando sexa maior, se dedicará á proxección e á construción de obxectos de carácter lúdico.

Á acción xa!

Debemos facer algo pola protección do planeta, porque non temos outro. E temos que actuar xa contra a súa deterioración e destrución. Cada un de nós, cada día, pode facer algo pola conservación dos hábitats naturais e das especies, así como pola redución da contaminación. Existen moitas formas de actuación: a correcta utilización da enerxía, a utilización de transporte público, a redución de lixo e a reciclaxe... Todos podemos dar unha lección de responsabilidade.

Uso das maiúsculas

Simbad o Mariño

Un dos viaxeiros imaxinarios máis famosos é sen dúbida Simbad o Mariño. Este mercador de Bagdad é un dos personaxes do libro de contos árabes coñecido como *As mil e unha noites*. As súas aventuras déronse a coñecer en occidente grazas a unha tradución do século XVIII. Tamén en Galicia un importante escritor, Álvaro Cunqueiro, fixo unha recreación das viaxes deste esforzado aventureiro na súa novela *Se o vello Simbad volveuse ás illas*.

Xiana volve á vila

Despois de dez anos, Xiana volveu á súa vila, A Pontenova. Sentíase estraña. Custáballe recoñecer algúns dos lugares polos que tantas veces pasara cando era unha cativa, antes de marchar a vivir a Londres. Había casas e edificios novos. A vila mudara o seu aspecto. Xa preto da casa dos avós, comprobou que desaparecera a peixaría Chincho onde traballara seu pai. No seu lugar había unha oficina dunha caixa de aforros. Mais en canto chegou á cancela de entrada ao xardín da casa dos avós paternos, algo fixo que volveuse a sentirse coma antes de marchar. As roseiras que o avó Lucio coidaba con tanto agarimo recendían coma sempre.

Uso do acento gráfico

O raposo

Dise que, dos animais que habitan os montes galegos, o lobo é o máis fero, pero o máis pillabán é o raposo, tamén chamado *golpe* nalgúns lugares. A tradición converteu este animal nun símbolo de astucia e sagacidade. É fácil atopar xente que coñece contos que falan das mil mañas con que o raposo tenta conseguir os seus obxectivos, que non son outros máis ca vivir e alimentarse.

Espectáculos na rúa

Na India, a música forma parte da vida cotiá. Os músicos indios non compoñen a música, improvisan sobre temas que xa coñecen. Velos polo día tocar pequenos tambores cos dedos e o sitar, un instrumento de corda pulsada, é todo un espectáculo. Ademais, non cómpre ir a ningún auditorio para velos tocar e escoitalos. En calquera rúa das súas cidades se pode gozar da súa música.

Sen présa

Un día mentres estaba a pasear polo monte, pareceume ver algo ó pé dunha árbore. Aproximeime un pouco e descubrín un grande animal: un oso pardo. Era o meu día de sorte. Todo o mundo sabe o escasos que son xa estes animais. Acochado entre as pólas duns arbustos, estiven a observalo durante bastante tempo. Despois decidín que tiña que advertir do meu achado e encamiñeime á vila. Ía tan excitado que, na miña apresurada carreira, dei cos meus ósos no chan. Levanteime e, ó pouco, topei con dous gardas que, segundo me explicaron, ían na procura do oso. O animal, que permanecía no mesmo lugar, foi atado con fortes nós e transportado á súa reserva. Tiven dó del ó ollalo, aínda que todos digan que é polo ben da especie.

Os viquingos

Por amor á aventura e á conquista, os viquingos, escandinavos ou normandos –que polos tres nomes se coñecen– botáronse ó mar, ás veces familias enteiras, e dedicáronse a conquistar gran parte dos países costeiros europeos.

Cómpre dicir que todas as súas conquistas só foron posibles grazas ós magníficos barcos cos que contaban, que podían navegar tanto polo mar coma polos ríos.

Ademais da súa habilidade como navegantes, é preciso falar tamén da súa ferocidade como guerreiros, polo que os temían en toda a Europa daquela época.